

AUNIOS


Nº 23

MAIO 2018

20
Aniversario
1998-2018

ASOCIACION CULTURAL

Pineirões



COLABORAN	PÁXINA	ARTIGOS
Redacción	2	20 ANIVERSARIO DA ASOCIACIÓN PINEIRÓNS / HOMENAXE AOS PERSOEIROS QUE TRABALLARON POR ONS AO LONGO DO TEMPO
Estanislao Fdez. de la Cigoña Núñez	3 - 7	CAMPÁS DE BASTAVALES QUE CANTABA ROSALÍA
Belarmino Barreiro Rosales	8 - 13	ONS: DO SEFORO Á AUTARQUÍA
Pio Dalonga	14	CLARK GABLE QUIZAIS BUSCABA OS ARDENTES OLLOS DE AVA GARDNER NA PRAIA DE LAVAXEIRA
Antón Mascato	15 - 16	XOSÉ CONDE CORBAL. A OBRA GRÁFICA
Celestino Pardellas de Blas	19 - 21	BATERÍAS DE DEFENSA NA ILLA DE ONS (II). NECESIDADES ECONÓMICAS E BUSCA DE SOLUCIÓNS
José Curt	22 - 23	A FURNA DOS PESOS E A PUNTA DO CABALO. DOUS TOPÓNIMOS DE CÍES CON HISTORIA
José Manuel Dopazo Entenza	24 - 26	AS MULLERES COMO MOTOR DE CAMBIO
Lino J. Pazos Pérez	29 - 30	CHEMINEAS INDUSTRIAIS
Fernando Trigo	31 - 32	ESES ILLEIR@S QUE FIXERON QUE ONS SEXA ESPECIAL
Emilio Ferrer Jaureguizar	33 - 36	AS PROTESTAS DOS CAPITÁNS. RÍA DE AROUSA (II)
José Taboada García	37 - 38	CRÓNICAS GALAICAS
Uxío-Breogán Diéguez Cequiel	39 - 40	HOMENAXE ÁLVARO DAS CASAS. ÁLVARO DE LAS CASAS. BREVE PERCORRIDO VITAL (1901 - 1950)
Xerardo Desairas	41 - 44	HOMENAXE ÁLVARO DAS CASAS. ÁLVARO DE LAS CASAS REVISITA ONS COS ULTREYA
Anxo López Vergara/Tino Pardellas de Blas	45 - 47	HOMENAXE ÁLVARO DAS CASAS. ÁLVARO DE LAS CASAS. ILLA DE ONS
Francisco Abeijón Núñez	48 - 49	HOMENAXE ÁLVARO DAS CASAS. O FUME DE PALLAS DE ÁLVARO DAS CASAS
Fernando Cabeza Quiles	50 - 53	O CURRO E CORRUBEDO. DOUS EXEMPLOS TOPONÍMICOS QUE NOS FALAN DO PASADO GANDEIRO DE TRES COMUNIDADES COSTEIRAS
Francisco Calo Lourido	54 - 56	NOTAS SOBRE O ASOCIACIONISMO NO MUNDO MARIÑEIRO
Fernando Cabeza Pereira	57 - 60	O OUTEIRO AGOCHADO
Arturo Sánchez Cidrás	63 - 67	O CEMITERIO DE ONS
Ramón Patiño Gómez	68 - 70	FORTIFICACIÓNS E DEFENSA DA RÍA DE PONTEVEDRA
Yago Abilleira Crespo	73 - 74	UN TERRIBLE NAUFRAXIO EN ONS NO 1596
Manuel Chazo Cores	75	PEDRAS MIÑARZOS
Javier Fernández Soutullo	76 - 77	OS BARROSOS
Julio Santos Pena	78 - 79	ONS O MEU PARAÍSO DE ONTE (XIV). LEMBRANZA DUN ONS DESDE O MEU CORAZÓN
Francisco Meis	80 - 81	A HISTORIA DESCOÑECIDA DO PRIMEIRO PROMOTOR TURÍSTICO DA VILA DO GROVE
Xulio X. Pardellas de Blas	82 - 83	NA ILLA DE ONS
Cosme Damian Romay e outros	84 - 88	VERTEBRADOS MECOS, IV: AVES DO MUNICIPIO DO GROVE. (PARTE 2: ESPECIES NON NIDIFICANTES)

FOTOGRAFÍAS E DEBUXOS CEDIDOS POR:

Celestino Pardellas de Blas	2,14,19,21,24,25,31,32,45,46,47,50,51,52a,54,55,70,78,79, Portada
Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez	3,4,5,6,7
Belarmino Barreiro Rosales	8,9,10,11,12,13
Antón Mascato	15,16
José Curt	22,23
Lino J. Pazos Pérez	29,30
Emilio Ferrer Jaureguizar	33,34,36
Uxío-Breogán Diéguez Cequiel	39,40
Xerardo Desairas	41,42,43,44
Francisco Abeijón Núñez	48,49
Francisco Cabeza Quiles	52b,53
Arturo Sánchez Cidrás / Afonso Fernández	63,64,65,66,67
www.turismo.gal	69
Yago Abilleira Crespo	73,74
Javier Fernández Soutullo	76,77
Francisco Meis	80,81
Xulio Pardellas de Blas	82,83
Cosme Damian Romay	84

PÁXINAS

2,14,19,21,24,25,31,32,45,46,47,50,51,52a,54,55,70,78,79, Portada
3,4,5,6,7
8,9,10,11,12,13
15,16
22,23
29,30
33,34,36
39,40
41,42,43,44
48,49
52b,53
63,64,65,66,67
69
73,74
76,77
80,81
82,83
84

Para web e Blog:

<http://bueu.ga>

Revista Aunios:

<http://descubrobueu.wix.com/bueu/aunios>

<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/aunios.htm>

<http://bit.ly/2DJkcyM>

DIRECCIÓN DA ASOCIACIÓN CULTURAL "Pineiróns"

Aptdo. de Correos 51 - 36980 O GROVE

Pontevedra - Galicia - España - Telf.: 649 424 950

E-mail: tinopardellas@edu.xunta.es

tinopardellas1957@gmail.com

CORRECTOR LINGÜÍSTICO:
Anxo López Vergara

A asociación non se fai responsable do contido dos artigos inseridos neste número.

20 ANIVERSARIO DA ASOCIACIÓN PINEIRÓNS

Por: Redacción

Aínda parece que foi onte cando, sentados na mesa de pedra do Acuña (hoxe PineirÓns 99), acompañados dunha ración de polbo á feira regado cunha tinta femia, varias persoas con inquietudes culturais que pasabamos en Ons as nosas vacacións estivais, decidiamos formar unha Asociación na que tiveran cabida todas esas aspiracións, sobre todo, as relacionadas coa Illa de Ons.

Capitaneados por Laureano Mayán, estando como Vicepresidente Lino J. Pazos e como Secretario Tino Pardellas e acompañados de dous magníficos vogais, foi fácil formalizar os Estatutos e os trámites necesarios para comezar o noso camiño.



Primeira Xunta Directiva da A.C. PineirÓns 1998.

Non foi doado o comezo. Cando estabamos en Ons, eramos unha piña pero, rematadas as vacacións, cada un ía para o seu lugar de residencia, polo que reunirnos para preparar e programar actividades era máis que complicado. A diversidade xeográfica dos socios (Baiona, Marín, Vigo, Grove, Bueu, Estrada, Pontevedra,..., e de diferentes puntos de A Coruña, Ferrol e Ourense), facía máis que complicado o xuntarse e organizar.

Pero a pesar de todo aquí estamos. Nestes vinte anos: exposicións fotográficas, presentación de libros, charlas e excursións cos rapaces de campamentos e campos de traballo, un bo número de unidades didácticas, proxeccións de diapositivas e películas, concursos literarios, varios traballos de investigación, axuda activa en diferentes documentais, organización de excursións didácticas, participación en actividades de diferentes concellos, organización de xogos populares, rexurdir dos maios en Ons,..., e como buque insignia, a edición dunha revista cultural anual de nome AUNIOS que xa vai polo número 23.

Nestes vinte anos tivemos que despedirnos de varios socios e do noso Presidente de Honra, pero a vida sigue e nós continuamos a nosa angueira cultural en homenaxe a eles.

Só queda dar as grazas a todos aqueles, persoas e institucións, que creron en nós e nos axudaron a facer doado a nosa andaina cultural.

HOMENAXE AOS PERSOEIROS QUE TRABALLARON POR ONS AO LONGO DO TEMPO

Como asociación que ten como obxectivo o Parque Nacional e dentro del, como principal, a Illa de Ons, en AUNIOS tocamos todas as características que fan de Ons unha Illa única e importantísima dentro do Parque e do litoral peninsular.

Coidamos que esta importancia a demostramos a través dos máis de cen artigos inseridos nela con referencia a Ons, intentando que estes foran inéditos ou de ampliación de temática xa estudada.

O noso obxectivo era dar a coñecer as súas características e demostrar o potencial investigador que esta Illa ten, e con iso facer ver a investigadores, estudosos,..., e á universidade o diamante en bruto que Ons pode ser para eles.

Coido que o estamos conseguindo e para potenciar máis a nosa idea, imos a homenaxear a todos aqueles persoeiros que escribiron, investigaron, loitaron,..., por Ons a través do tempo. Farémolo por orde cronolóxica e anualmente, comezando neste número por Álvaro das Casas.



CAMPÁS DE BASTAVALES QUE CANTABA ROSALÍA

Por: Estanislao Fernández de la Cigña Núñez
(estanislao1941@hotmail.es)



Torre-campanario de San Xulián de Bastavales (Brión – A Coruña)

I. ROSALÍA E AS CAMPÁS DE BASTAVALES

INTRODUCCIÓN

As campás máis famosas de Galicia son as da igrexa parroquial de San Xulián de Bastavales, no concello coruñés de Brión, que supera en moitísimo á popular Berenguela da catedral de Santiago. O seu mérito non está nos seus tamaños (que son discretos), nin nas súas formas (que son a “romana” e que seguen o cen por cen das campás de Galicia), nin sequera as notas que teñen e que se escolleron para anunciar os diversos actos relixiosos, características que certamente as fan singulares (como singulares resultan para os seus fregueses as campás de calquera outra parroquia), senón en que foron escollidas por Rosalía de Castro para figurar nun poema do seu libro “Cantares Gallegos”, publicado en 1863.

“Campanas de Bastavales” comeza con tres versos que a maioría dos galegos coñecen de memoria, xa que os escoitaron multitude de veces de rapaces e mozos na escola e de maiores na voz do cantautor Amancio Prada que, musicándoos, forman parte dos seus concertos:

“Campanas de Bastavales
cando vos oio tocar
mórrome de soidades.”

Aínda que Rosalía escribía Bastavales con dos “bes”, a normativa actualmente en vigor trocou aquela ortografía, convertendo o segundo b en v, polo que nós usaremos esta última aceptación.

ERAN ESTAS AS CAMPÁS QUE ESCOITABA ROSALÍA?

Aseguramos rotundamente que non! O noso razoamento susténtase en que o libro “Cantares gallegos” foi publicado pola primeira vez no ano 1863; polo tanto, Rosalía tivo que componse os poemas que aparecen nel necesariamente con anterioridade ou, como moi tarde, ese mesmo ano. Pero resulta que as campás de Bastavales son todas elas bastante posteriores á data de aquela publicación.

A NOSA SORPRESA

O 11 de agosto de 2017 visitamos a igrexa parroquial de San Xulián de Bastavales e copiamos detalladamente toda a epigrafiada que amosaban as tres campás que penduraban na torre ademais de facerlles unha morea de fotografías. A máis primitiva databa do ano 1899; polo tanto, a campá máis antiga colocárona 36 anos despois da publicación daquel libro. Se Rosalía escoitaba tocar as campás de Bastavales que, como ela mesmo aseguraba, a facían morrer de soidade, non puideron ser estas que tivemos ante os nosos ollos. Necesariamente, foron outras máis vellas que, unha vez estragadas, foron substituídas polas actuais.

Son moitas as persoas que a miúdo se achegan á igrexa de Bastavales, xa que o lugar forma parte da chamada “Ruta Rosaliana” que o noso amigo e compañeiro endovélico Avelino Abuín de Tembra (Q.P.D.) puxo no mapa en 1980, e ao

contemplar dende o adro da igrexa a lanzal torre de San Xulián en busca das célebres campás, entoa os versos iniciais que as fixeron célebres e que os visitantes coñecen de memoria.

A nós dóenos enormemente que as primitivas campás, aínda que estragadas, non se conservasen como peza entrañable da galegidade; por iso, mentres facíamos o noso traballo de campo, a ninguén dos diversos grupos que se achegaron ao pé da igrexa e que elevaban os seus ollos na súa busca á vez que declamaban os coñecidos versos, lles fixemos ver que equivocados estaban.

II. ESTUDO DAS CAMPÁS

A igrexa de Bastavales presenta unha lanzal torre na banda esquerda da súa fachada principal, á que se accede dende unha porta que abre polo exterior e logo mediante 51 chanzos de pedra dispostos en caracol acádase a base onde se atopan as tres campás. No segundo corpo da torre e sen acceso de ningún tipo, hai unha cuarta campá relacionada co antigo reloxo mecánico. Mentres as tres do piso inferior teñen a súa orixe en Arcos da Condesa (Caldas de Reis) da man do fundidor Melchor Ocampo, a do reloxo veu de Vitoria (Araba).

a) Campá grande, 1902

Situación: lado frontal da torre.

Tócase mediante electro mazo magnético que golpea o interior do vaso.

Xugo de madeira novo.

Epigrafía:

Arriba: “JHS MARIA Y JOSE AÑO DE 1902”.

Abaixo: “MELCHOR OCAMPO ME HIZO EN ARCOS DE LA CONDESA”.

Medidas: 97 cm de altura e 108 cm de diámetro na boca. Peso aproximado: 729 Kg.

Nota. Asegúrase que o son desta campá chega a escoitarse no Camiño Novo de Santiago de Compostela (entrada á cidade vindo de Vigo), distante uns dez quilómetros en liña recta.

b) Campá mediana, 1899

Situación: lado esquerdo da torre.

Tócase mediante electro mazo magnético que golpea o interior do vaso.

Xugo de madeira novo.

Epigrafía:

Arriba (Sic): “JHS MARIA Y JOSE AÑO DE 18989”.

Abaixo: “MELCHOR OCAMPO ME HIZO EN ARCOS DE LA CONDESA”.

Medidas: 90 cm de altura e 100 cm de diámetro na boca: Peso aproximado: 579 kg.

Nota 1. Reprodúcese a data tal como aparece gravada na campá. Loxicamente trátase dun erro de fundición. Coidamos que o ano correcto sexa o 1899. Posterior en 36 anos ao sinalado na edición de “Cantares galegos”. E inclinamos máis por ese ano que por el 1898 por dúas razóns: a primeira, porque ese ano é máis próximo as datas que amosan as campás grande (1902) e pequena (1903) e, segunda, porque unha vez feito en cera o selo do “8” e colocado na camisa do molde da campá durante a fundición, sería imposible desfacelo sen estragala, así que lle engadiron outro co 9, quedando da forma tan sorprendente que agora amosa: “18989”.

Nota 2. A esta campá dinlle “Das mulleres”, por ter un son máis agudo ca grande.



Data que ten a campá mediana: “18989”.
Coidamos que o verdadeiro sexa o 1899.



As tres campás levan na saia a mesma lenda:
“MELCHOR OCAMPO
ME HIZO EN ARCOS
DE LA CONDESA”.

c) Campá pequena, 1903

Situación: lado dereito da torre.

Tócase mediante electro mazo magnético que golpea o exterior do vaso.

Xugo de madeira novo.

Epigrafía:

Arriba: “JHS MARIA Y JOSE AÑO DE 1903”.

Abaixo: “MELCHOR OCAMPO ME HIZO EN ARCOS DE LA CONDESA”.

Medidas: 65 cm de altura e 76 cm de diámetro na boca. Peso aproximado: 254 kg.

d) Campá do reloxo, 1933

Situación: 2º corpo da torre. Carece de xugo.

Nota. Non puidemos copiar a epigrafía debido á súa completa inaccesibilidade. Pola placa que amosa o reloxo sabemos que a doara o filántropo local Gerardo Senra Míguez no ano 1933. Ten un electro mazo para sinalar as horas e os cuartos, que a golpea polo exterior e aínda conserva o vello martelo, agora inservible, que a ligaba ao reloxo mecánico.

III. O RELOXO MECÁNICO DE TORRE, 1933

Un reloxo de torre sen campá servía de ben pouco, por iso a maior parte dos reloxeiros de torre dos séculos XIX e principios do XX eran, tamén, fundidores de campás. Nunha época na que moi pouca xente tiña reloxo a colocación dun que ordenara a vida da aldea era imprescindible para non estar sempre coa hora extraviada. Os regos rexíanse por un horario preciso e se os relevos non se facían correctamente podían xurdir grandes liortas entre veciños. O reloxo fíxose imprescindible é unha gran parte dos que se colocaron nas igrexas de Galicia foron doados por filántropos locais e Bastavales tamén tivo o seu.

A maquinaria do reloxo consérvase completa no seu lugar orixinal, no coro da igrexa, protexida no interior dun armario. Atópase enteira, aínda que non está en funcionamento pois o vello reloxo mecánico substituírase hai anos por un electrónico da firma viguesa “PAGÁN”, cuxo nome figura agora na esfera exterior horaria, na parte frontal da fachada da igrexa.

O reloxo mecánico fixérao, segundo se le na pequena esfera da maquinaria, por “PLACER y LECEA”, en Vitoria. O nome desta cidade vasca aparece igualmente gravado na lentella do péndulo. Na parte alta da maquinaria vese unha praquiña metálica na que se le:

“RELOJ Y CAMPANA

DONADO POR

DN. GERARDO SENRA MIGUEZ

A SUS PARROQUIANOS


16-7-1933

MONTAJE DE ESTA (Esta liña, non sabemos a razón, aparece borrada na placa)


MORALES Y TABOADA

VIGO”

Deducimos, polo tanto, que o reloxo veu de Vitoria, fabricado por “PLACER Y LECEA”, pero se encargaron da montaxe na torre de San Xulián os reloxeiros vigueses “MORALES Y TABOADA”.



Maquinaria do reloxo feita por "PLACER Y LECEA" en Vitoria o ano 1933.



No horario da maquinaria descóbrese aos artífices: os reloxeiros "PLACER Y LECEA".



Detalle da placa de doazón pegada á maquinaria do reloxo mecánico.

Respecto da campá do reloxo, colocada, como xa dixemos, no segundo corpo da torre e sen posibilidade de acceso, coidamos que veña igualmente de Vitoria e que se deba probablemente a "Murúa", xa que este fundidor vasco, especializado en campás pero que tamén facía reloxos de torre, mantiña unha relación comercial moi estreita con "Lecea", de feito que atopamos incluso un reloxo de "LECEA Y MURÚA" no campanario de Santa María do Porriño (Pontevedra) e coñecemos, igualmente ata catro campás que levan o nome de "MURÚA".

O filántropo Gerardo Senra Míguez, doara tamén os bancos da igrexa e pagara do seu bolso o palco da música. Emigrara de mozo Bos Aires, onde morreu e foi soterrado. Os seus veciños fixéronlle un monumento en pedra en forma de monólito co seu busto en bronce, rodeado dun pequeno estanque nas proximidades da igrexa parroquial de Bastavales que leva a seguinte lenda:

“LA JUVENTUD DE BASTAVALES
RESIDENTE EN AMERICA

A
D. GERARDO SENRA MÍGUEZ
EN GRATITUD
A SU FILANTROPÍA
AÑO 1934”

E por debaixo engadiuse unha placa de mármore branca na que se le:

“A LA MEMORIA DE NUESTRO
DESINTERESADO BENEFACTOR
D. GERARDO SENRA MÍGUEZ
BASTABALES AGRADECIDO
LE DEDICA ESTE RECUERDO
JULIO 1958”.



Monumento ao filántropo Gerardo Senra Míguez nas proximidades de igrexa de San Xulián de Bastavales que, entre outras cousas, doou o reloxo mecánico de torre coa súa campá.

HOTEL PIPO

Si disfruta de sus vacaciones en nuestro hotel, encontrará un ambiente familiar y agradable que harán que su estancia sea de lo más confortable. Sus vacaciones serán inolvidables.

Las habitaciones son confortables y espaciosas, siendo todas exteriores. Cuentan con baño completo, calefacción, televisión y teléfono. En nuestro restaurante disfrutarán de la cocina casera típica gallega, saboreando los mariscos y pescados de las Rías Baixas.



HOTEL PIPO, S.L.
SANXENXO
PONTEVEDRA

TELFS.: 986 74 34 00 - FAX. 986 74 57 55 - LA LANZADA - 36960 SANGENJO

vio viajes
Tu pon el Destino, Nosotros los Medios.

El Serafín Avendaño 15
36201 Vigo-Pontevedra
T 986 44 16 78 - F 986 43 04 16
info@vioviajes.com
www.vioviajes.com

facebook: vioviajes
compra on-line: www.vioviajes.com

Viajes para Soñar
Empresa - Vacacional - Producto Propio - Grupos

TALLERES DOMÍNGUEZ

Manuel Domínguez Fernández

Venta e Reparación do automóbil

A Lanzada, 151
36990 NOALLA
SANXENXO
Telf.: 986 74 57 89



NISSAN

NISSAN

O TEU TALLER DE CONFIANZA

Laxas
Albariño
de
Rias Baixas.
El mejor amigo del mar

calamar, dorada, pac espada, merlu, pipre, langosta, sepalina, lamprea, sardina, atún, cazón, melaballo, jurel, lubana, xelaba, langostinos, cocardeiros, cigala, mexillóns, caracola, boquerón, marisco, mexillón, vieira, caracola, mexillón, caracola, boquerón.

Bodegas As Laxas

REGULADO POR O CONSELLO REGULADOR DO DENOMINADO DE ORIXEN DE RÍAS BAIXAS
CONSEJO REGULADOR DE DENOMINACIÓN DE ORIGEN RÍAS BAIXAS
REGULADO PER O CONSELLO REGULADOR DO DENOMINADO DE ORIXEN DE RÍAS BAIXAS

ONS: DO SEFORO Á AUTARQUÍA

Por: Belarmino Barreiro Rosales

Os arquivos teñen como funcións de seu, recoller, conservar e servir mediante a difusión os fondos documentais que os integran. Precisamente esta última, a da transmisión por medio do seu persoal a cargo, os arquiveiros, caracterizan e determinan os arquivos de natureza pública para así seren garantes da información e dereitos á cidadanía entre a que se atopan os investigadores. Aínda así, con todo a profesión dos arquiveiros, bibliotecarios, documentalistas e museólogos (reunidos colexiadamente nun mesmo Corpo facultativo superior) segue a ser un traballo de risco, non sei se a máis arriscada do mundo ou non como recentemente se aseguraba no decano dos xornais (1), pero ó arquipélago das illas Ons aínda lle quedan por escribir páxinas gloriosas do seu pasado arquivístico (incluíndo o arqueolóxico) e non digamos do seu futuro.

Destá volta queremos presentar dous documentos locais de primeiros do século vinte en consonancia con outros semellantes xa difundidos (2) relativos á explotación da terra e a súa relación directa e persoal cos moradores da illa, aquí colonos, que os vincula inexorablemente en réxime de dependencia co territorio insular. Trátase de dous contratos privados de arrendamento a diferente nivel de vinculación: o primeiro deles por antigüidade, establécese en xaneiro de 1911 entre a Casa de Valadares e Marquesado de Mos, naquel intre propietaria das illas e mailo que vén sendo arrendatario ou administrador cabezaleiro dos colonos Marcial Bernadal sen segundo, futuro mercador da metade in solidum do arquipélago xunto co médico forense vigués, natural do lugar do Burgo da parroquia de Santa María de Cela, municipio de Bueu, don Manuel Riobó Guimeráns (3). O segundo dos contratos de facto, vai inserido nunha acta de conciliación promovida polo referido doutor, unha vez que se fixo co cen por cen da propiedade das illas, efectuada polo xulgado municipal de Bueu in situ no 30 de novembro de 1921 tendo por conciliados á totalidade de colonos de Ons naquel intre trala revolta destes en relación ó seu estatus xurídico e patrimonial. Aquí a relación contractual non pasa por un administrador senón que se establece directamente polo novo propietario e señor de Ons cos colonos ou levadores da terra. (4)



Ons, acta de conciliación 1921.

Efectivamente, estamos no século XX e nos tempos do inicio da redención foral tan alleos ás illas, e que tan teimudamente predicaba don Eduardo Vincenti Reguera, daquela deputado a Cortes por Pontevedra con accións parlamentarias varias (5). Ons non coñece máis ca o réxime foral feudal ata a súa definitiva expropiación pola administración do Estado a principios dos anos corenta, en canto á súa organización territorial e humana dende que por privilexio real lle fora outorgado á Mitra compostelá na persoa do Bispo, logo arcebispos e posterior pase á Casa de Valadares en tempos da desamortización, se ben é certo non ininterrompidamente en canto a períodos de despoboamento e volta a colonizar, pero sempre e claramente en réxime de señorío, ben eclesiástico, ben civil. Supón un determinismo de máis de vinte séculos de duración. Como reflicte o documento número un, a relación do propietario ou señor coa terra indominicata que son as illas establécese a través dun administrador ou cabezaleiro que á súa vez non contrata, senón establece e adscribe os colonos ó territorio, designándolle as casas nas que habitan e os predios ou tenzas a modo de lotes, medidos en ferrados de superficie (mansus) e capacidade (a mercé a satisfacer) ós que obrigatoriamente se teñen que suxeitar para poder subsistir. Estamos diante dun claro seforo, é dicir sub-aforamento. De privilexio real ó dono señor que afora a

un intermediario que “governa e administra no seu nome” o feudo latifundista das illas que son traballadas á súa vez polos colonos (sub-aforadas).

No segundo dos documentos, a relación propietario que segue a ser señor, cos colonos varía: motivado á concentración da propiedade restituída nunha única persoa, que durante uns poucos anos estivo dividida entre dous socios por mor da cantidade elevada da época (medio millón de pesetas), un deles o propio administrador cabezaleiro (o que nos dá a medida da vasalaxe en canto a que o criado converteuse en amo-señor a costa dos colonos nunha década), (6) e ó levantamento dos colonos como arriba quedou dito, fan que as condicións contractuais se establezan directamente entre o señor e os vasallos. O que aparentemente parece unha mellora destas, aforrando intermediarios, ó final non é tal, pois chégase ó punto da negación da propia liberdade persoal a dispor, mesmo a ter con cartos propios ningún outro ben na illa que non sexa propiedade do señor. Dende as casas nas que moran, as reses que crían e os peixes que pescan, sen posibilidade de tenza propia ningunha. Do exacto cumprimento desta premisa pende todo: o ter un teito, ter dereito a traballar terras para o sustento, que os fillos poidan emanciparse, a posibilidade ou non de recibir escola, a moral con asistencia relixiosa, mesmo o enterramento ... Todo debe ser propiedade do señor e alugado a el mesmo, a quen se lle renderá contas da diferenza de valor que tamén estipula o propietario das illas directamente ou por medio de persoa autorizada, como será o seu propio fillo, don Didio Riobó Bustelo inicialmente e logo a través de sociedade mercantil “Isla De Ons, S.L.” (comercializadora entre outros do

polbo e peixe pescado). Incluso está sometida a este réxime a lancha de comunicación coa península, por tanto a liberdade de movemento. É o que se coñece como “parcería”. Estamos ante unha volta de porca afondando en conceptos feudais como o do patrocinio (estar baixo un patrón) e o beneficio ou feudo nos que os lazos non se establecen entre cidadáns libres e iguais senón persoais e individuais de gratitude, dependencia e débeda permanente tanto no plano material como da moral. A illa como unha autarquía en si mesma en pleno século vinte, como illa física e xeográfica que é, pero tamén unha illa social, humana e comunitaria a poucos quilómetros doutra civilización paralela. Non en van se dicía que a única relación “co exterior” (interior para nós) era o servizo militar obrigatorio para os varóns. Neste sentido o documento segundo da acta de conciliación reflicte todo este mundo anacrónico que non quere maiores interpretacións que a súa lectura detallada.

Documento número un :

No pazo de Castrelos a dezaseis de xaneiro de mil novecentos once, diante das testemuñas que ó final se expresarán, comparecen como arrendador, o Excmo. Sr. Don Fernando Quiñones de León y Elduayen, Marqués de Mos e de Valadares, maior de idade, casado e veciño deste termo municipal. Como arrendatario, don Marcial Bernadal, sen outro apelido, tamén maior de idade, casado, industrial e veciño de Ons, parroquia de Beluso, termo municipal de Bueu.

Providos de vixentes cédulas persoais e con capacidade legal para formalizar a presente escritura de arrendamento expoñen: que o Sr. Marqués é propietario das Illas de Ons, pertencentes á parroquia de Beluso, termo municipal de Bueu, partido xudicial de Pontevedra, compostas de dúas illas, unha inculta e a outra en onde se atopa unha fábrica de salgadura, adicada ó cultivo de millo e centeo. Nesta última hai colonos e para o seu servizo existe unha lancha propiedade tamén do Sr. Marqués, dos que os seus aparellos gárdanse e seguirán gardando en dita fábrica.

Que convidados entre os comparecentes o arrendo das mencionadas Illas, outorgan o presente documento con suxeición ás seguintes estipulacións.

Primeira: o Sr. Marqués dá en arrendamento ó don Marcial Bernadal das referidas Illas de Ons coas súas rendas, dereitos e regalías e maila lancha de que vai feita mención por termo de cinco anos a contar dende o día de hoxe, sendo a mercede do mesmo a cantidade de seis mil cincocentas pesetas anuais que o arrendatario se obriga a satisfacer no Banco de España desta cidade na conta corrente do Sr. arrendador e, no seu defecto á persoa que este nomee nesta dita cidade e do xeito seguinte: cinco mil cincocentas pesetas o día dezaseis de xaneiro e as mil restantes o primeiro de abril de cada ano vencido, todo en moedas de prata precisamente e non en papel creado nin por crear, aínda que sexa de curso forzoso.

Segunda: o Sr. arrendador resérvase o dereito exclusivo de cazar en ditas Illas, o de poboalas de perdices ou outras especies de caza e o de habitar na fábrica durante as expedicións de caza.

Terceira: o arrendatario non consentirá que habiten nas Illas

persoas que non cultiven algunha parte delas e procurará que os colonos fagan desmontes e sementeiras de piñeiro, de xeito que se mellore o cultivo.

Cuarta: o arrendatario só poderá desafuizar ós colonos que se neguen ó cultivo da terra ou ós que non lle paguen a pensión ou canon correspondente.

Quinta: os desmontes que fagan os colonos estarán exentos de pagar maior canon durante o termo deste arrendo.

Sexta: o arrendatario queda obrigado a coidar de que ninguén cace nas Illas sen permiso do Sr. arrendador e a que non se destrúa a caza nin os niños polos colonos, ó efecto de non permitiren ningunha clase de can nas Illas.

Sétima: son por conta do arrendatario tódalas reparacións que necesite a lancha para servizo das Illas ou os seus aparellos.

Oitava: o arrendatario poderá facilitar ós colonos o gando que necesiten e non poderá cobrarlles máis que a metade das utilidades do mesmo. Cada colono poderá ter unha cabeza de gando sempre que o adquira con cartos propios, no seu caso ningunha participación terá o arrendatario nas utilidades de dita cabeza de gando.

Novena: para o cumprimento das obrigas e incidencias nadas deste contrato sométense as partes ó Xulgado de Primeira Instancia de Vigo.

Décima: o presente contrato elevarase a escritura pública cando algún dos outorgantes o pida e os gastos que con isto se ocasionen así como toda clase de impostos creados ou por crear que afecten ó mesmo serán por conta e cargo do arrendatario.

Nos termos expostos dan por finalizado o presente documento que aceptan os outorgantes. Así o outorgan e asinan coas testemuñas presentes José Pascual Cobas e Enrique Rial Neira, maiores de idades, veciños desta parroquia, sen excepción, na data ó principio referida.

(Seguen ás sinaturas e rúbricas de El Marqués de Mos, Marcial Bernadal, Enrique Rial e José Pascual).



Ons, antiga salazón.

Documento número dous:

Testemuño da acta de conciliación celebrada na Illa de Ons o 30 de novembro de 1921 e diante do Xulgado municipal de Bueu, polo Sr. Don Manuel Riobó Guimeráns e os colonos daquel territorio, pola que recoñeceron estes como dono absoluto de dita Illa ó Sr. Riobó

Don Ricardo Gómez Neira, Secretario do Xulgado Municipal de Bueu

CERTIFICO: que no atado de actas de conciliación correspondente ó ano actual, atópase a que á letra di:

“Na Illa de Ons a trinta de novembro de mil novecentos vinteún. Diante D. Benito Pazos Peleteiro, Xuíz municipal e eu, Secretario, compareceron previamente citados para celebraren acto de conciliación o demandante D. Manuel Riobó Guimeráns, viúvo, Médico Forense do partido xudicial de Vigo, cidade da que é veciño, asociado do seu home bo D. Antonio Portela Piñeiro, veciño de Bueu e os demandados Vicente e José López García, Antonio Méndez Otero, Juan Patiño Crujeiras, Gabriel Patiño López, Perfecto Piñeiro Masenlle, Ramón Blanco Masenlle, Sabino Méndez Comesaña, Andrés Reboiras Vidal, Juana Patiño Blanco, Maximino Domínguez Regueira, Gumersindo Méndez Otero, Arturo Goberna sen segundo, Manuel Acuña Otero, Serafín Acuña Méndez, Francisco Otero García, Ramón Otero P´rez, Emilio Patiño Crujeiras, Ceferino Sampedro Piñeiro, Serafín Reiriz Camarada, Isolino Patiño Reiriz, Constantino Otero Troncoso, Manuel Méndez Goberna e a súa muller Rosa Patiño Blanco, Perfecto Vidal sen segundo, José Reboiras Patiño, Jacobo Blanco Pereira, Manuel Méndez sen máis apelido, Eugenio Acuña Méndez, Ramona Domínguez Solla, Serafín Blanco Pereira, José Ramón de Dios, José Dios Otero, Hilario Arpón Martínez, Dolores Sampedro Piñeiro, Marcelina Vidal Entenza. Francisca Vidal Entenza, Fermín Martínez sen segundo, Francisca Otero Méndez, José Patiño Reiriz, Serafina Méndez Otero casada con Juan Martínez, Modesta Otero casada con José Méndez Goberna, Carmen Patiño casada con Celestino Otero Troncoso, Elvira Blanco Millares casa(da) con Vicente Blanco Solla, Soledad Vidal Entenza casada con Juan Pérez Reiriz, Ramona Otero Vidal casada con Jesús Otero Estévez e Benita Otero Méndez; dos que os seus homes aseguran ter licencia marital en forma para comparecer a esta acta, os homes mariñeiros e as mulleres adicadas ós labores da casa e labranza, veciños desta Illa, acompañados do seu home bo, don José Álvarez Vázquez, veciño da vila de Marín, tamén maiores de idade.


E polo accionante Sr. Riobó expone: que convoca a este acto ós demandados para que como colonos arrendatarios de terreos e casas que traballan e ocupan na Illa de Ons, propiedade do solicitante recoñézano como dono e se aveñan a satisfacerlle a mercé do arrendamento de mil novecentos vinte e un, entregándolle as ganancias de tódalas reses que levan en parcería da pertenza do expoñente e renoven ou modifiquen estes contratos do xeito que conveña e propoña o expoñente, dispoñéndose noutro caso a desaloxar os inmobles que ocupan, sendo esta conciliación o segundo aviso ó previo requirimento para o desafuzamento.

Os demandados contestan: que dispostos a recoñecer os dereitos do Sr. Riobó, acceden e achantan en tódolos termos da demanda e para fixar as condicións que entre todos han ser base de harmonía e tranquilidade, pregan ó Sr. Riobó as atenda e determine, consignándoas neste acto.

Na súa virtude, despois de ter conferenciado entre si ambas partes, conveñen en transixir tódalas súas diferencias a medio das seguintes estipulacións:

Primeira: tódolos demandados recoñecen ó Sr. Riobó por único dono de tódalas Illas de Ons por telas adquirido do seu lexítimo propietario os Sres. Marquesa Viúva de Mos e Marqués de Alcedo, veciños de Vigo e Roma respectivamente por escritura pública outorgada perante o Notario daquela cidade don Casimiro Velo de la Viña, e de Marcial Bernadal por outra transacción diante do mesmo Notario en vinte e oito de xaneiro do ano actual, inscritas no Rexistro da Propiedade do partido, finca número 1625, sexta inscrición e declaran: que así as casas coas súas dependencias que habitan como tódolos terreos que cultivan son da exclusiva pertenza e do dominio pleno do Sr. Riobó, quen viñan satisfacendo a renda anual acordada en arrendamento ó Administrador das mesmas Illas, e na súa consecuencia obríganse a pagar a mercé de dito arrendamento correspondente ó ano actual na forma expresada que determinarán neste acto. Debendo facer constar que depoñen a súa actitude hostil, efecto de influencias estrañas, perniciosas que obcecándoos nas súas limitadas luces intelectuais, leváronos a un camiño que nin a súa vontade nin os seus sentimentos permitíanos razoar con tranquilidade e sosego; polo cal recoñecendo os favores e mercés que recibían do Sr. Riobó, préganlles o perdón por tal ingratidade, esperando que este agravio non será causa de maior anoxo que arme ó Sr. Riobó contra eles.

Segunda: para que sirva de base ós contratos singulares que o Sr. Riobó leve a efecto cos demandados, a medio da consignación do convidado en documentos públicos ou privados, manifestan que levan da propiedade daquel señor, terras e



Secadoiro de polbo.

casas e dependencias en arrendamento polas que pagan as seguintes rendas ou mercés, consignando ademais o gando que levan parceria propiedade do Sr. Riobó, prezos nos que se mercaron e o das reses que adquiriron con cartos propios dos demandados que pasarán a ser propiedade de dito Sr. Riobó, nesta forma:

Vicente López García: corenta e catro ferrados de millo. Gando, dous bois e ademais dous becerros mercados estes dous últimos en cincocentas pesetas con cartos deste colono e os primeiros propiedade do Sr. Riobó.

José López García: trinta ferrados de millo. Gando dúas vacas, unha destas vendeuna en cincocentas cincuenta pesetas e ademais unha becerra das que tiña o Sr. Riobó na Illa.

Antonio Méndez Otero: trinta e un ferrados de millo. Gando dous bois e mercou con cartos propios dous becerros en cincocentas pesetas.



Ons, vista aérea.

Francisco Martínez Rivas: tres ferrados. Gando dous bois mercados en seiscentas oitenta e cinco pesetas e vendeu en mil noventa e cinco pesetas e con esta suma mercou outros dous en setecentas pesetas.

José López Otero: dezaioito ferrados de millo. Gando dous bois mercados en setecentas oitenta pesetas e vendeu en mil cen pesetas; con esta suma mercou outros en setecentas pesetas e ademais unha xata en duascenas cinco pesetas.

Serafina Méndez Otero, casada con Juan Martínez: seis ferrados de millo da partida de Ramón Blanco Masenlle.

Juan Patiño Crujeiras: tres ferrados de millo. Gando dous bois que foron mercados en mil pesetas.

Gabriel Patiño López: nove ferrados de millo da partida de Antonio Patiño Crujeiras.

Perfecto Piñeiro Masenlle: cincuenta e cinco ferrados de millo.

Gando dúas vacas que foron mercadas en seiscentas oitenta e cinco pesetas e vendidas en mil trescentas cincuenta pesetas. Con esta cantidade mercou dous bois en setecentas sesenta e cinco pesetas e dous becerros en catrocentas trinta pesetas.

Ramón Blanco Masenlle: oitenta e sete ferrados de millo. Gando dous bois procedentes da sociedade que formou o Sr. Riobó e Marcial Bernadal, vendidos en mil trescentos setenta e cinco pesetas. Con esta suma mercou dous bois en oitocentas vinte e cinco pesetas, outros dous en cincocentas dez e unha becerra en duascenas, propiedade do Sr. Riobó.

Sabino Méndez Comesaña: oito ferrados de millo da partida de Ramón Blanco- Gando dous bois que mercou con cartos propios deste colono en cincocentas pesetas.

Andrés Reboiras Vidal: sete ferrados de millo. Gando unha becerra que di mercou con cartos do mesmo en cento oitenta pesetas cincuenta céntimos.

Juana Patiño Blanco: vinte e nove ferrados de millo. Gando dous bois mercados en mil cento setenta e cinco pesetas e con cartos propios mercou dous becerros en cincocentas pesetas.

Maximino Domínguez Regueira: trinta e oito ferrados de millo. Gando dous bois mercados en oitocentas corenta pesetas e vendidos en mil oitenta. Con esta cantidade mercou outros dous bois tamén en oitocentas corenta pesetas tendo o resto a disposición do Sr. Riobó.

Gumersindo Méndez Otero: sete ferrados e medio de millo.

Arturo Goberna sen segundo: tres ferrados de millo.

José Méndez Goberna: vinte e dous ferrados de millo. Gando dous bois mercados en oitocentas trinta pesetas e vendidos en mil cento cincuenta, mercando con esta suma outro par de bois en oitocentas dez pesetas e unha becerra en duascenas pesetas.

Manuel Reiriz Regueira: dez ferrados de millo. Gando dous becerros dos que tiña nas Illas o Sr. Riobó.

Antonio Patiño Crujeiras: cincuenta e seis ferrados de millo. Gando dous bois mercados en novecentas trinta pesetas e mercou con cartos propios dous becerros en cincocentas pesetas.

David Otero García: vinte ferrados de millo. Gando dous bois mercados en mil sesenta pesetas e ademais outros dous dos que recolleu dos que tiña na Illa o Sr. Riobó.

Manuel Acuña Otero: vinte e sete ferrados de millo. Gando dous bois mercados en oitocentas setenta e dúas pesetas cincuenta céntimos.

Serafín Acuña Méndez: sete ferrados de millo.

Francisco Otero García: oito ferrados e medio de millo.

Ramón Otero Pérez: vinte ferrados de millo. Gando dous bois mercados en mil pesetas.

Emilio Patiño Crujeiras: vinte e seis ferrados de millo. Gando tres becerros mercados, dous en oitocentas setenta pesetas e outro ó seu parecer en duascenas trinta pesetas, este último durante a sociedade dos Sres. Riobó e Bernadal.

Ceferino Sampetro Piñeiro: tres ferrados de millo.

Serafín Reiriz Camarada: sete ferrados de millo. Gando unha becerra que mercou con capital seu este colono en duascenas vinte e cinco pesetas.

Isolino Patiño Reiriz: habita unha caseta na porción de terreo ou casal do seu sogro sen pagar mercé algunha, interesando do Sr. Riobó lle arrende unha porción de terreo desta Illa.

Constantino Otero Troncoso: habita tamén unha caseta construída no casal ou porción do seu pai Ramón Otero e non paga arrendo.

Celestino Otero Troncoso, ausente: habita a súa familia nunha caseta construída no monte e non paga arrendo.

Manuel Méndez Goberna: corenta e tres ferrados de millo e a súa muller Rosa Patiño Blanco, tres ferrados. Gando dous bois mercados en mil duascenas pesetas e ademais con cartos propios mercou dous becerros en cincocenas pesetas.

Perfecto Vidal sen segundo: trinta ferrados de millo. Gando dous bois mercados en catrocenas pesetas e vendidos en mil duascenas pesetas. Mercou con esta cantidade un par de bois en oitocenas pesetas tendo o resto a disposición do Sr. Riobó.

José Reboiras Patiño: trinta ferrados e medio de millo. Gando dous bois que di son da súa pertenza mercados en catrocenas cincuenta pesetas hai tres anos e vendeu en mil trescentas vinte e cinco pesetas fará uns tres meses; e despois, mercou outro par de bois en setecenas cincuenta pesetas.

Jacobo Blanco Pereira: trinta e oito ferrados e medio de millo. Gando dous bois que foron mercados en oitocenas noventa pesetas.

Manuel Méndez sen segundo: seis ferrados de millo.

Eugenio Acuña Méndez: tres ferrados de millo.

Ramona Domínguez Solla: vinte ferrados de millo. Gando dous bois e unha becerra mercados os dous primeiros en setecenas dez pesetas e vendidos en mil cen pesetas. Con esta cantidade mercou dous becerros en setecenas dez pesetas e un becerro en cento noventa pesetas. Ademais cultivou unha porción de terreo chamado A do Bogueiro na Area dos Cans pola metade da súa produción.

Serafín Blanco Pereira: vinte e catro ferrados de millo. Gando dous bois mercados en novecentas trinta pesetas e leva ademais unha parcela de terreo chamada Sangrón tamén pola metade da súa produción.

José Ramón de Dios: vinte e un ferrados e medio de millo. Gando dúas vacas, unha delas parida coa súa cría e outra preñada, mercadas en cincocenas corenta e cinco pesetas.

José Dios Otero: nove e medio ferrados de millo.

Hilario Arpón Martínez: dous ferrados de millo.

Dolores Sampetro Piñeiro: vinte e catro ferrados de millo. Gando dous bois mercados en oitocenas dez pesetas e dous becerros en seiscentas cincuenta pesetas. Os dous primeiros vendeunos en novecentas vinte pesetas e con este importe mercou unha becerra en duascenas dez pesetas, quedando o resto e aqueles a disposición do Sr. Riobó.

Marcelina Vidal Entenza: un ferrado de millo.

Elvira Blanco Millares casada con Vicente Blanco Solla, ausente: oito ferrados de millo.

Francisca Vidal Entenza: trinta e tres ferrados de millo. Gando dous bois mercados en seiscentas cincuenta e cinco pesetas e mercou dous becerros con cartos seus en catrocenas quince pesetas.

Fermino Martínez sen segundo: trinta e catro ferrados de millo. Gando dous bois mercados en novecentas trinta pesetas, unha becerra das que tiña o Sr. Riobó na Illa e dous becerros que mercou con cartos da súa pertenza en cincocenas pesetas.

Soledad Vidal Entenza casada con Juan Pérez Reiriz, ausente: vinte e tres ferrados de millo. Gando dous bois mercados en mil novecentas noventa pesetas, vendidos na mesma cantidade coa que mercou outros dous bois en oitocenas dez pesetas e o resto entregarallo ó Sr. Riobó.

Ramona Otero Vidal, casada: sesenta pesetas en cartos. Gandos, dous bois mercados en mil sesenta pesetas.


Francisca Otero Méndez: trinta ferrados de millo. Gando dous bois mercados en setecenas sesenta pesetas.

José Patiño Reiriz: dez ferrados da partida de Antonio Patiño. Gando unha becerra que mercou cos seus cartos en cento noventa e cinco pesetas.

Benita Otero Méndez: habita unha casa con pequena porción de terreo circundado, polo que espera lle sinale o Sr. Riobó a mercé que ha de pagar.

Terceira: que lle son en deber o arrendo vencido no San Martiño último, que pagarán ata marzo de mil novecentos vinte e dous en gran ou en cartos, a elección do Sr. Riobó e segundo o prezo que fixe por ferrado. Despois de marzo pagarán tamén en gran ou cartos con igual opción fixando aquel Sr. novo tipo ó froito. En semellantes condicións e vencementos verificaranse os demais pagamentos nos anos sucesivos, mentres existan os novos contratos de arrendamento que serán con determinación dos inmobles e mercé de cada arrendatario.

Cuarta: pasará a propiedade do Sr. Riobó o gando que mercaron os arrendatarios cos seus cartos, abonándolles aquel prezo exacto e verdadeiro do coste de cada res; e quedando así todo o gando en parceria, sendo criador o arrendatario e dono o Sr. Riobó, sen que agora, nin no sucesivo, poidan os colonos ter outras reses que non sexan do Sr. Riobó ou as que este señor os autorice, debendo intervir en tódalas compras e vendas do gando o Sr. Riobó ou quen o represente.



Quinta: para que haxa orde e reine a maior tranquilidade na Illa, rexurdindo a moral - na que a práctica desgraciadamente deixa moito que desexar - estipúlase como feito primordial deste convenio: que se por virtude de actos delituosos cometidos por calquera dos habitantes da Illa, desen estes lugar a procedemento, instado por querela ou por acción pública no cal recaese sentenza condenatoria, o testemuño da mesma servirá sen previo requirimento para promover o lanzamento de desafuzamento do arrendatario na familia na que se cometese a falta sen necesidade de esperar ó remate do ano agrícola nin ó termo estipulado no contrato, consentindo os demandados que o Sr. Riobó reteña en depósito xudicial os inmobles e semoventes así como os froitos do desafuzado para responder de tódolos resultados das actuacións promovidas con tal motivo.

Sexta: o Sr. Riobó acepta tódalas anteriores estipulacións e outórgalles o perdón solicitado, condicionándoo ó cumprimento exacto dos deberes e obrigas que ofrecen gardar no sucesivo, comprensivos non tan só na realización de canto concerne ós contratos de arrendamento, senón que moi principalmente gardando obediencia, respecto e consideración ó Sr. Riobó e a quen o represente, levando a orde e a moral nas respectivas familias e en tódolos actos públicos que na Illa executen, cumprindo así tódolos deberes relixiosos para o cal o Sr. Riobó porá da súa parte todo o posible a fin de conseguir o culto e o ensino na Illa para que nunca poida dicirse que alí se deixa criar sen educar xeracións de seres dexenerados. Promete á súa vez o Sr. Riobó, eloxiando a conducta que agora demostran adoptar os demandados, influír no seu favor todo o que ó seu alcance estea para salvarlos das dificultades actuais en que, pola súa falta de reflexión e ruda cegueira, se atopan enredados, esperando que esta boa vontade do Sr. Riobó non sirva de pretexto a novas excitacións e rebeldías dos demandados, apreciando como debilidade e rendemento este acto de clemencia e caridade que desinteresadamente lles concede.



Sétima: que se algún erro ou omisión cometesen os aquí demandados na designación do número de ferrados de millo que deben satisfacer anualmente, por virtude de arrendo ó Sr. Riobó ou no de reses propiedade deste e aqueles, será resolto de conformidade con dito señor.

Piden por último ó Sr. Xuíz dea o acto por rematado coa avinza estipulada nas anteriores bases de transacción.

E o Sr. Xuíz así o estima previa lectura do seu contido no que se afirmaron e ratificaron todos que asinan os que saben e a rogo dos que expresaron non verificalo fano D. José Palacios Pérez e D. Bernardino Fernández, veciños de Bueu, despois do Sr. Xuíz que acorda se expidan ás partes certificacións que interesen, de que certifico.- Benito Pazos, Manuel Riobó, Antonio Portela, José Álvarez Vázquez, José Palacios Pérez, Bernardino Fernández, José López García, Vicente López, Isolino Patiño, Ramón Blanco, Sabino Méndez, Arturo Goberna, Serafín Acuña Méndez, Isolino Patiño, Serafín Blanco, Ricardo Gómez.”

Concorda co orixinal ó que remito e a petición do demandante, expido a presente que asino co visto e praxe do Sr. Xuíz municipal en Bueu a vinte e oito de decembro de mil novecentos noventa e un. Entre liñas - e medio-.

Asinado e rubricado Ricardo Gómez co visto e praxe do Xuíz municipal, Benito Pazos.

(1) ABRIL, PACO : *La profesión más arriesgada del mundo*. Inserido en Faro de Vigo do domingo, 5 de novembro de 2017, páxina de opinión núm. 29

(2) *Opúsculos documentais das Illas de Ons conservados no Arquivo municipal de Bueu (Pontevedra)*. Inserto en “*Ons e Onza nos arquipélagos galegos*”. Editado por Institución Cultural Isleña, R.B. Servicios Editotales, S.L., Madrid 2012

(3) Copia do Arquivo da familia Riobó

(4) Ídem. Á súa vez Arquivo do Xulgado de Paz de Bueu. Asuntos civís. Conciliacións

(5) VINCENTI, EDUARDO: *Redención de censos y foros. El problema agrario de Galicia*. Imprenta de los Hijos de M.G. Hernández, Madrid 1917

(6) Non sirvas a quen serviu nin pidas a quen pediu.

Torre de Santa María de Cela, xaneiro a seis de dous mil dezaoit

COLABORA
ACTIVIDADES:

Concello de
BUEU





CLARK GABLE QUIZAIS BUSCABA OS ARDENTES OLLOS DE AVA GARDNER NA PRAIA DA LAVAXEIRA

Por: Pío Dalonga

Ese verán dese ano desa década dos setenta foi prodixioso e produtivo. Tomaremos como referencia histórica para aqueles que fixéchedes o bacharelato unificado polivalente, que o ano mil novecentos setenta e tres foi estatisticamente o ano no que se racharon máis metálicos das camas como consecuencia dos desenfreos pasionais nos tálamos nupciais. E foi o ano máis produtivo en cuestións de danos colaterais conseguíntes. Así foi como aumentou o parque infantil de cidadáns que, seguindo a lei evolutiva que ensina o Xénese: “*Creced, multiplicaos e llenad la Tierra*”, fixo que por medio das chamadas “*Colonias de Verano*”, a praia de Lavaxeira estivese ateigada de “jaivotas” que andabamos á esculca por detrás das pedras para ver se podíamos aproveitar algún gran de millo solto.

Ese verán dese ano desa década dos setenta, xa todos os da casa e máis os de fóra, tiñamos idades. E esa rapaza que ese verán dese ano que veu á praia da Lavaxeira tiña tamén idades e dúas cousas no peito. Tiña cabelo longo rizado natural que lle caía polas costas abaixo. Pero as pupilas dos nosos ollos, que nunca tal viran semellante tipo de pupilas, non reparaban no cabelo rizado natural, só vían máis abaixo do pescozo e do embigo. Non era nada que fose raro, tendo semellante xeito de corpo mortal que apareceu pola praia de Lavaxeira.

A familia era “duns señores de Madrí”. Ela hoxe, posiblemente, sexa unha respectable nai de familia numerosa; ou unha venerable avoa con netos para pasear polo parque. Paraban nunha casa no Con e tiñan un <renól doce>. En canto esa familia de filla única apareceu no Con e viron a praia da Lavaxeira, suspiraron a pulmón cheo. Unha marabilla da natureza!!!

Pero tamén eses pais de filla única, en canto viron ás “jaivotas” arredor da súa herdeira, dixeron para si: “non vén a nosa filla de fóra para que lla metan dentro”. Así que limóns do Caribe! Non deixaban á filla única nin co sol a escachar nin coa a néboa espesa, que disque se se baña coa néboa, cóllense carafunchos. Pero ás “jaivotas” iso non nos importaba. Nós so a queriamos a ela, e, como é verdade iso que din por aí de que a fame fai espabilar, as “jaivotas” todas, en acordo coa filla única, fixemos un pacto. Como é que os pais non a deixaban soa nin de noite nin de día, e levábana con eles no “erredoce”, acordamos mutuamente que, se non estaba o coche diante da porta da casa do Con e se da buxarda do faiado penduraba unha

camiseta rosa que tiña un “*esnupi*” no peito, quería dicir que había barra libre. Se non había coche nin camiseta na buxarda, traballo perdido. Se non había coche e había camiseta, nin carafunchos con néboa nin tartarexas do limpo, era toda para nós!!! O contrasinal era: “*Vengo, a lavar botellas!*”

Pero nós non contabamos co papel paternalista de siño José, o Brasileño. Siño José o Brasileño é un comerciante de bata vella curtido na lida diaria con viaxantes e demais fauna afín e diversa. Ten xa dado moitas voltas arredor do sol. E sabe como tratar con factores contrarios.

Aquela casa do Con parecía unha “*mele*” de rugby, con todas as “jaivotas” arredor dela, agardando o intre xusto e preciso. Man a man, íamos pasando as “jaivotas” por rigorosa quenda cando a interfecta nos daba “*chance*” para facelo. A baba pingaba polo chan e poñía o Con todo mollado dende a

mañá deica a noite, agardando o sinal de non ver o coche á porta e ver a camiseta do “*esnupi*” pendurada no faiado.

Ese día dese verán dese ano, Pio, é dicir, este vacaloura en persoa, agardaba a súa quenda obedientemente e segundo o acordado. Dende a primeira hora da mañá, e sen almorzar, gastou os “*tenis*” mercados na de siña Paca, a Matarana, percorrendo todo o arredor daquela maldita casa do Con. Nada, coche á porta! Segue pasando o día e Pio agardando o sinal. E nada, coche á porta! Cando consideraba que o traballo estaba perdido e arriscándose a levar a tunda por estar fóra da casa sen almorzar, sen comer e case sen cear, xusto, o tachán!!! O “*erredoce*” non estaba á porta da casa e, hete aquí!!!, estaba a camiseta rosa co “*esnupi*” pendurada na buxarda do faiado. Pero estaba tamén o siño José o Brasileño, baldeando a rúa á porta do comercio e fumando unha faria.

Pío, coa fame negra atrasada, lambendo os beizos resecos, plantouse á porta daquela casa que tiña a camiseta na xanela: “*Vengo a lavar botellas!!!*” E siño José, o Brasileiro, coa faria na boca, espeta: “Ven, que teño un aquí unha mangureira!!!”

Sería o susto, serían os astros confabulados ou serían as fadas de estraño nome, pero no que quedou de verán non se volveu a ver a camiseta rosa co “*esnupi*” pendurada na xanela do faiado desa casa do Con.

Queridos meus, sempre fun un perdedor. Quérovos!!!



Praia de Lavaxeira. O Gróve

XOSÉ CONDE CORBAL. A OBRA GRÁFICA

Por: Antón Mascato

A Margarita Escuredo,
que soubo manter o rumbo en tempos de tormenta.
E a Ana Conde, polo que xa sabe.

Dotado dunha enorme capacidade de síntese, de expresividade e de concreción, o artista Conde Corbal, deixou tras del un traballo enorme, valioso e vixente que merece visibilidade e difusión.

Xosé Conde Corbal (Pontevedra, 1928-Vilagarcía, 1999) comeza a súa formación artística no estudio de debuxo técnico e científico de Bibiano Fernández-Osorio Tafall (Pontevedra, 1902-México, 1990) que era na altura o secretario da Misión Biolóxica de Galicia e que logo sería alcalde da cidade. De don Bibiano aprende o neno Pepe, a técnica, a depuración plástica, que lle permite interpretar a morfoloxía dos animais con trazos ben definidos, mais sen ter que respectar a exacta reprodución da especie na que traballa, e sen que iso supoña alterar o reproducido. Pepe Conde inicia, a seguir á Guerra de 1936, estudos de Dereito e Química en Santiago que logo abandona para centrarse na súa vocacións artística. Exerce diversos empregos alimentarios, á fronte dunha cerámica, dunha canteira de wolframio, dunha empresa química e outros temporais ata poder vivir do seu labor nas artes plásticas.

Colaborador de prensa, da man de escritores principais con publicacións en xornais galegos como Vicente Risco (Ourense, 1884-1963) en *La Región* de Ourense, lévano a iniciar unha liña de obra gráfica realizada con tinta e pintura acrílica sobre acetato que unha vez engomado permítelle imprimir en cartolina e vender series completas en cada unha das exposicións que ía organizando por toda Galicia. Esa técnica que “inventa” permítelle sobre todo controlar el mesmo o proceso de reprodución, sen dependencia de impresores e fotomecánicos. Descubre e aplica unha técnica que, se ben abarata o proceso de reproducir a obra, dificulta enormemente o proceso de conservación e almacenamento dos orixinais que, ao non secaren polo proceso de engomado que aplicaba sobre as pintura, obriga a non poder amontoar as obras xa que resultarían encoladas e xa que logo deterioradas. De Risco aprenderá Conde Corbal a importancia da divulgación, do compromiso co patrimonio e a cultura do país; manteralle durante toda a súa vida a fidelidade mesmo cando o escritor ourensán é cuestionado

pola esquerda política posterior á morte de Franco, na que el mesmo está aliñado. Da man de Risco, como colaborador necesario, debuxa para o xornal as estampas do patrimonio artístico, da arquitectura civil e relixiosa, que Vicente Risco completa con evocadores textos literarios.

A obra gráfica de Xosé Conde Corbal é un prodixio de variedade e pulcritude. Series completas de aves, peixes, mamíferos, réptiles, moluscos, bivalvos, igrexas, pontes, pazos, castelos, prazas, cruceiros, rúas, portos, barcos, dornas e gamelas... non hai nada que non sexa obxecto da súa atención.

Mesmo terá outra fonte inspiradora nos esperpentos e en xeral na obra literaria de Ramón María del Valle Inclán (Vilanova de Arousa,



Santa María da Armenteira, Meis.
Conde Corbal, 1983



Centola. Conde Corbal, 1980

1866-Santiago de Compostela, 1936); son dúcias as obras creadas por Conde Corbal tendo como modelo as páxinas de *Divinas palabras*, ou *As galas do defunto...* das que era fervoroso lector o pontevedrés. Tal vai ser a intensidade coa que Conde Corbal plasma no seu traballo a obra valleinclanesca que dará lugar a que

Margarita Escuredo Lago e Xosé Conde Corbal, en 1996



a unha profesora de literatura hispánica nos Estados Unidos de América, Carol Meier, especialista na obra de don Ramón, decida viaxar varias veces a Galicia á procura da identificación entre as obras máis galegas do escritor e as reproducións artísticas do pintor. Carol Meier queda atrapada na rede intelectual da tanxente que vencella a Valle e Conde, facéndose xa non só unha especialista na obra do escritor, tamén acabará sendo a principal divulgadora e admiradora da obra gráfica do artista pontevedrés, do que organiza exposicións en varios lugares dos Estados Unidos de América, alén de editarlle os catálogos e facerlle de marchante desinteresada na venda dalgunha das obras expostas.


No persoal hai que dicir que Xosé Conde Corbal, casa con Margarita Escuredo Lago, residindo a parella en varias cidades ata asentaren a vida en Vilagarcía de Arousa, Vigo, Ourense, Pontevedra e O Grove, onde Margarita, a filla do conserveiro Eugenio Escuredo Lastra dirixirá a empresa Conservas Yago, no Porto de Meloxo, uns anos despois de falecer o seu pai. Na vila do Grove deixou Pepe Conde non só amigos, tamén obra visible como o mural que preside a capela de Virxe das Mareas, xunto con obras dedicadas ao Corgo, Lordelo ou Confín. Tamén realiza encargos do seu sogro para a promoción da conserveira, e varias estampas do traballo na factoría de Meloxo.

Foi, sen dúbida a gran intención de Xosé Conde Corbal realizar coa súa obra gráfica un labor docente; pintaba, debuxaba, creaba, para que a xente non esquecese, valorase e fose fiel ao seu patrimonio natural, artístico e patrimonial, chamándolle a cada unha das súas obras co seu nome galego. Por iso tivo sempre a vontade de editar as súas series, ben por razón de sustento da familia, ben como a única maneira de resultar eficiente no seu labor de divulgación, mesmo pola unión indisoluble de ambos motivos. Consciente da progresiva e imparable perda de bens comúns, de creacións comunais, colectivas, como o artesanado ou a cultura marítima tradicional; sensible ao derrube e espolio de elementos etnográficos como muíños, pombais, lavadoiros e piornos que se perdían... non só elementos artísticos e patrimoniais, tamén palabras que nomeaban animais, elementos ou obras de interese, cos que pretendeu facer un amplo rexistro desa creación colectiva e cultural das xentes do país.



O Grove. Conde Corbal, 1961

Foron máis de mil as creacións que hoxe catalogamos como a Obra Gráfica de Xosé Conde Corbal, e que a súa familia, os fillos e as fillas que tivo con Margarita Escuredo, conservan nas vivendas familiares á espera dunha institución que as acolla para seren postas ao alcance da sociedade que inspirou ese inxente e magnífico traballo. A esa familia agradecemoslle a honra de pensar en nós para facermos a catalogación completa que xa circula nunha edición do selo Novagalicia, e que foi merecente do Premio da Asociación Galega de Editores á obra mellor editada.



BATERÍAS DE DEFENSA NA ILLA DE ONS (II)

"NECESIDADES ECONÓMICAS E BUSCA DE SOLUCIÓN"

Por: Celestino Pardellas de Blas

No número anterior miramos o por que da necesidade de fortificar a Illa de Ons por parte da Junta Superior del Reino, a quen nomearon comisionado, que enxeñeiro se encargou de facer o primeiro plano e os procedementos a levar para o comezo das obras. Neste número 23 seguiremos coa historia destas construcións, a aparición do Cabido catedralicio como dono de Ons, accións de primeira clase e Francisco Genaro Ángel, os problemas para rematalas e a súa final paralización.

COMEZAN AS OBRAS

Aprobado pola Junta de Defensa o plano das obras e a súa realización, o comisionado con plenos poderes, D. Salvador López Gil, cura párroco de Sanxenxo, comezou, xunto co enxeñeiro Cossio, a procura de persoal e do material necesario para comezar de inmediato.

O primeiro atranco co que se atoparon foi a falla dun porto adecuado para o desembarco de persoas e material, problemática que expuxeron á Junta, dando esta as ordes para a construción dun peirao axeitado ás necesidades. Deseguido buscaron lugar para albergar aos obreiros, construindo pequenos barracóns preto do que hoxe coñecemos como o barrio de Curro e, parece ser, aínda que o dato é un pouco confuso, que tamén axeitaron algúns restos de vivendas diseminadas polas proximidades e que se atopaban en estado ruinoso.

A medida que comezaban os traballos, íase modificando a idea que expuxera Cossio no primeiro plano, buscando

mellor posición para emprazar as baterías e mirando que a orografía do terreo facilitara a súa construción, sen ter que facer longos traslados de pedra e outros materiais.

Decidiron, nun primeiro intre, dedicarse ás programadas para as zonas, hoxe chamadas, de Curro e de Pereiró, deixando para máis adiante as outras dúas das zonas, hoxe chamadas, de Melide-Centulo e a que se ía instalar na zona oeste, probablemente, na coñecida actualmente como Alto do Vixía enriba da praia de pedras de Liñeiros.

A de Pereiró non se moveu do lugar programado por Cossio, sen embargo a de Curro decidiron instalala un pouco máis ao norte, nun saínte pedregoso que facilitaba a súa construción pola pedra existente no lugar e pola boa visibilidade que tiña tanto cara ao norte como ao sur, e así, de dispoñer dos canóns de calibre 24 defenderían a entrada polo norte mentres non estivera instalada a que se programara ao

nordeste (preto da praia de Melide á caída do monte Centulo) e cara ao sur, ata o illote coñecido hoxe como Laxe do Grego ou quizais ata os coñecidos como Cons Pequenos, fronte a praia de Canexol, dificultando as posibles entradas ás praias de desembarco de Melide polo nordeste e Area dos Cans e Canexol polo sueste. O de Pereiró quedaría emprazado para defender a entrada polo sur entre a Illa de Onza e Ons.

FALLA ECONÓMICA. ACCIÓN DE PRIMEIRA CLASE. FRANCISCO GENARO ÁNGEL

Aínda que parece que as obras ían a un ritmo normal, deducimos da documentación consultada que, por mor dos enormes gastos que a Junta de Armamento tiña pola fortificación iniciada pola costa das rías Baixas, o problema económico para sufragalas ía en aumento. Foi así que, ao ver que as peticións económicas que facía o Sr. Salvador Gil á Junta cada vez ían diminuindo, reuniuse cos responsables co fin de buscar unha solución.

Chegado un punto e co fin de poder seguir sufragando as obras xa comezadas e que non quedara esta parte da costa sen defensa, temos que pensar, polos acontecementos que van vir despois, que D. Salvador López Gil, que era tamén cura-párroco de Salcedo (Pontevedra) coñecía ao potentado catalán, afincado na cidade do Lérez, Francisco Genaro Ángel¹, ao que debeu propoñer a idea de participar economicamente na fortificación de Ons a cambio dalgún proveito.

¹Francisco Genaro Ángel, ao que Salustiano Portela Pazos no seu traballo "Apuntes para la historia de la Isla de Ons" nomea como capataz das obras de defensa, era un potentado catalán que posuía (1810), entre outros moitas propiedades na cidade, o Pazo de Lourizán e varias fábricas de salga na ría de Aldán. Pola súa propiedade en Lourizán puido vir a amizade co cura de Salcedo e de aí que este acudise a el solicitando axuda económica. Á vez, Genaro Ángel podía ver en Ons, como ocorreu posteriormente, moitas posibilidades de negocio con posible instalación de fábricas de salga nesa Illa, de aí que puxera moito interese en facer aportacións económicas, sempre e cando, conseguira beneficios a curto ou medio prazo.

Aínda que os datos son un pouco confusos para estes primeiros inicios de parcelación das terras illáns, coidamos que debeu ser Genaro Ángel o que propuxo a Salvador L. Gil a división da Illa en parcelas, se lles puxera un prezo e que foran adquiridas por todo aquel que quixera, ao carón de traballar nas obras de defensa, vivir en Ons e cultivar as súas produtivas terras. Coido, que aínda sen ter clara a propiedade da Illa e se ía a ser posible esta parcelación, Genaro Ángel aportou unha boa cantidade de cartos e mercou un bo número desas parcelas, aquelas que tiñan boa posición para os seus proxectos pesqueiros e as que se consideraban máis produtivas.

Na “*Gazeta de la Regencia de España e Indias*” sae publicado con recensión de Santiago a 28 de agosto de 1810, esta nova:

Por esta nova podemos comprobar que antes de que estiveran claras as negociacións co Cabido para a parcelación de Ons, xa Genaro Ángel aportara uns cartos para as obras.

**LA GAZETA DE LA REGENCIA DE ESPAÑA E INDIAS
DEL MARTES 11 DE SEPTIEMBRE DE 1810
(Nº66. Págs. 647- 649)**

Santiago 22 de agosto: El supremo gobierno ha pensado en que se formen depósitos de pertrechos de guerra en puntos seguros de las asechanzas del enemigo, donde puedan también guardarse los archivos y otros objetos preciosos, y que sirvan de asilo a los beneméritos de la patria perseguidos por los agentes del tirano. Las islas de Galicia ofrecen singular proporción para ello; y así es que por real orden se están fortificando las de Sias o Bayona. La de Ons, aunque deshabitada al presente, es la mas apta de todas por su situación local y otras circunstancias que reúne, de las que bien instruída la Junta superior de ese reyno, a presentación de D. Salvador López Gil, cura párroco de San Ginés de Padriñán, en 2 de marzo próximo pasado, mandó proceder a su fortificación por medio de una suscripción voluntaria patriótica; y á este efecto comisionó con amplias facultades a este zeloso párroco, baxo la intervención y conocimiento de la junta de armamento de esta ciudad y su provincia, franqué de las dehesas reales las maderas necesarias, y proporcionó artillería, no dudando de que los honrados y zelosos patricios instruídos de los extraordinarios gastos que exige la defensa de la patria, y de los males que por falta de previsión afligieron á Galicia en la pasada irrupción contribuirán gustosos a realizar tan importante designio. Los primeros pasos del comisionado fueron proporcionar albergue á los operarios, reedificando con este objeto, y el de almacenar víveres, varias casas de la antigua población, y la capilla mayor de la iglesia parroquial para no privarlos del consuelo de oír misa en los días festivos; todo ello con anticipaciones hechas por D. Francisco Genaro Ángel, vecino de Pontevedra, a quien se nombró tesorero de la suscripción, sustituyéndose su comisión para mayor comodidad de los suscriptores, en Orense a D. Alonso Perez Bobo, en la Coruña a D. Francisco Guerra y en Santiago a D. José Roig. Como la fortificación y población son dos partes inseparables de este establecimiento, y el terreno de la isla ofrece grandes recursos de subsistencia y mucha comodidad para el cultivo, siendo como es abundante de aguas saludables, sumamente fértil y capaz de producir más de 20000 ferrados de todo grano y otros frutos en la extensión de casi una legua que contiene; esta junta asegurado la propiedad de dicho terreno, baxo un moderado canon en beneficio y recompensa de los suscriptores a la fortificación a proporción de lo que contribuyan.

Ante as necesidades económicas e despois das investigacións feitas por D. Salvador L. Gil que descubre que Ons pertence á igrexa compostelán, a Junta de Defensa escribe ao Cabido catedralicio para iniciar as conversas en vistas a que este sufrague as obras ou que permita a parcelación e uso das fincas de Ons a cambio dun pago por parte dos interesados. Estes cartos se investirían nas obras.

O Cabido, en reunión de 2 de agosto de 1810 acorda:

En este cabildo se ha visto oficio de la Junta Provincial de esta Ciudad fecha treinta de julio en que inserta otro de Dn. Salvador López Gil Cura de Sn Jenjo, relativo a que se halla entendiendo en la fortificación de las Ysla de Ons, en que ya están construídas algunas casas terreñas para albergue de los operarios, y manifiesta que muchos se retraen del Proyecto de Población por la consideración del Dominio territorial – Que tiene positivas noticias de que corresponde al Cabildo de esa Sta. Yglesia, pidiendo que a este se le pase oficio para que tome a su cuidado la fortificación y población, o disponga la cesión del terreno, en el modo y forma mas conveniente y proporcionada, y que asegure en lo sucesivo la utilidad de los nuevos Pobladores – Y se acordó que los señores Méndez, y Ortega examinen estos particulares, ynformen al Cabildo, y también lo que pueda y deva contestarse.

En reunión do Cabido de 29 de outubro de 1810, dáse lectura ao ditame dos comisionados, e despois de tratado o tema e votado, escriben:

“... que antes de todo se aberiguase quien fuese


el verdadero dueño de la Ysla, y que si resultase serlo el Cabildo se permitiese la población, dandose las tierras en enfiteusis al Foro según los disponen las constituciones de esta Santa Yglesia, añadiendo el Sor. Salnes que dé contrario procedimiento protestaba la nulidad a quanto se hiciese.”

As negociacións seguían, aínda que os terreos illáns xa foran parcelados e, unha boa parte, xa mercados en accións. Deducimos que estás parcelas (logo chamadas Accións) eran de dúas clases e polo tanto con diferentes tipos de renda a pagar. Unha boa parte foran mercados por Genaro Ángel e el permitía a instalación de familias nelas baixo unha renda (alugueiro) estipulado entre as partes. Outras, quizais as menos produtivas ou afastadas do que, poderíamos chamar, o lugar de traballo (baterías), as vendía ou alugaba D. Salvador L. Gil no nome da Junta de Armamento.

Pero seguía sen estar clara a propiedade e tanto uns como outros receaban dos problemas que podería traer á larga esta circunstancia.

En reunión de Cabido de seis de novembro de 1810, trátase o oficio que a Junta de Comisión de Armamento de Santiago lles fixera chegar, recordándolles a súa oferta de formalizar o Foro de terreos das Illas de Ons e Onza, baixo un

moderado canon. Nese oficio enviado ao Cabido, informáballes de que se xuntaran diversas accións, pero que os accionistas receaban entrar con elas en subscrición temendo que o Foro lles cargara un canon excesivo, retraendo este problema a que se ampliases máis accións.



Parte frontal da batería onde se pode apreciar o mellor traballo dos bloques de pedra polo fronte.

Coa firma do Cabido, propietario de Ons, e sabendo xa o canon que este poñía, as operacións de compra de accións puideron levarse a cabo con máis lixeireza, fiabilidade e legalidade e así conseguir os cartos necesarios para seguir coas obras.

Parece ser que o canon imposto polo Cabido era pagado polos accionistas ao comisionado Salvador L. Gil. No caso de Genaro Ángel, pagaba el, sen cobralo ás familias que tiña de alugueiro nalgunhas das parcelas conseguidas.

Mentres, as obras continuaban a un ritmo lento, xa que había moitas dificultades para conseguir materiais e moitas máis para transportalas e depositalas na Illa nos meses de invernia por mor dos fortes temporais e falta de infraestrutura portuaria.

Estas problemáticas meteorolóxicas favoreceron e primaron a necesidade da construción dun peirao. En oficio enviado polo comisionado Salvador L. Gil á Junta, o 25 de xuño de 1811, para informarlle de como van as obras, dilles:

A solución chegou en reunión do Cabido de 14 de xaneiro de 1812, case dous anos despois de que comezaran as obras e xa estiveran concedidas e cobradas a maioría das parcelas-accións. Deixa claro cales deben ser os terreos que non se poden parcelar e que quedarán para o que a igrexa coide convinte. O Cabido contesta:

En este Cabildo dieron cuenta los señores Dean y Magistral del resultado de sus operaciones quanto a la visita de las Yslas de Ons y Onza, por misión de cultivo a los Accionistas que quisiesen establecerse en ella; y manifestando su dictamen acerca de las condiciones con las que se debía hacer el Foro ó Foros que se reducen a la reserva del terreno para edificar desde el regato que forma el agua de la Fuente de los Yngleses acia el Pozo que está pegado al Castillo de en medio llamado de San Salvador; y desde la mar tirando al Poniente, hasta el principio de la Cuesta donde concluye la línea de población trasada por el Yngeniero Cossio: cuio terreno para evitar dudas en lo subcesibo se debe señalar por baras al tiempo del otorgamiento del Foro; y además contiguo a este el correspondiente a una de las doscientas acciones de primera clase excepto el de la población que vaya señalando – Que los subcritores reconozcan el Dominio del Cabildo con el moderado canon de medio real por acción y pagando el Laudemio señalado por ley; y que Comisionado en nombre de todos los subcritores concorra á otorgar la correspondiente escritura – Y conformándose el Cabildo con el Dictamen de dichos Señores Dean y Magistral – Acordó se haga el Foro o Foros bajo las condiciones expresadas; y se conteste a la comisión Provincial de esta ciudad para que lo haga entender al Comisionado – Y se abonen en el Quento a dicho señor Magistral veinte días que ocupó en esta Comisión. Con lo cual se hubo por concluso este cabildo que ofrecio firmar el Sor. Dean por si y los demás señores según costumbre de todo lo qual doy fe=

... que delas quatro Baterias designadas bajo el modelo que he manifestado, se halla una, que es la principal, próxima a su conclusión por lo que corresponde a cantería y otra ya fuera de cimientos. El almacén de polvora (aunque no la bóveda) edificado en la parte mas distante y fuera de los fuegos de la Mar..., y el Muelle que debe constar de 112 varas castellanas de largo, se halla ya en la extensión de algo mas de 90 con el ancho de cinco y a la altura de 18 cuartas...

De aquí podemos sacar en conclusión que el actual peirao de Ons tivo as súas orixes nos anos 1810/11.

Interesante noutro dos oficios que envía o comisionado á Junta na primavera de 1811, é que volve a recalcar a falla económica, dicíndolles:

“... como las subscripciones no producen todos los caudales que la experiencia acreditó precisos y este objeto por las circunstancias de su situación y falta de recursos, que solo se hallan en el continente, se hace preciso, como a boca expuse a V.E. , en que se digne dispensarme las luces y medios eficaces, propios de su sabia presentación y notorio patriotismo, a fin de que no se entorpezan ni abandonen una obra tan conducente al bien general del Reyno y aun de la Nación...”

A falla de cartos, as dificultades para conseguir o armamento necesario, os problemas de traballar nunha illa afastada do continente con importantes problemas de subministro, a falta dun peirao adecuado,..., e cunha poboación que case se dedicaba máis aos traballos agrícolas para poder subsistir que ao traballo nas baterías, provocaban un lento proceso de fortificación que rematará, como miraremos no seguinte número por falta de espazo neste, nun abandono das obras e no xurdir de novos problemas relacionados co pago das accións e coa propiedade da Illa.



A FURNA DOS PESOS E A PUNTA DO CABALO DOUS TOPÓNIMOS DE CÍES CON HISTORIA

Por: José Curt

Premio de literatura "Ciudad de Pontevedra. 1980

Premio Nacional de periodismo "Felix Rodríguez de la Fuente". 1981

Se a "eléctrica" rarificou o trasno, fixo desaparecer aos nubiños e aos tronantes e xubilou a tantas meigas, a televisión veu a borrar o soño da Santa Compañía e xa só quedan catro vellos na Nosa Terra -*os vellos*- que seguen contando, contra vento e marea, que viron deambular á procesión nocturna de ánimas en pena polos montes trémulos do misterio e que a viron perderse andando sobre as augas mariñas na súa delirante peregrinase ao máis alá, sempre a poñente, que é onde a terra acaba e empeza o mar tenebroso. Por tanto, a lenda, o sentimento do esotérico, a chamada do alén, a maxia do descoñecido vaixe perdendo, está dando as súas derradeiras boqueadas no que antano foi Galicia, aquela loucura de fantasías, arcanos e lendas hoxe case esquecidas pola pouta inmisericorde desa fera que todo o devora e que se chama "progreso".




Figura 1.- Na Furna dos Pesos nidificou a derradeira parella de "pingüño galego", que se extinguiu para sempre en España na década dos 90 do século pasado. Antes eran tan abundantes como os da foto, obtida por José Curt no mar de Barent, dentro do Círculo Polar Ártico.

Permitídemme, pois, que na presente edición de "Aunios" recupere para vós unha saborosa lenda que recollín cando ao comezo da década dos oitenta do século pasado quen subscribe era presidente da *Junta Rectora* do acabado de crear *Parque Natural de las Isla Cíes*. Na cartografía do accidentado arquipélago vigués, na punta norte da illa de Monteagudo, figura o topónimo de "Furna (cova) dos Pesos", chamada así porque nas súas profundidades se dicía que se encontraran onzas e moedas de prata (en parla popular galega "os pesos"), aínda que ninguén vise con ollos mortais o vil metal nin figurasen os seus vestixios en museo algún. Pero habelas hainas e ninguén dubida de que tales moedas eran moi valiosas e antigas, tanto que os

sabios do lugar non dubidaron en datalas na época "*dos vellos dos vellos*", que nun difuso remonte cronolóxico que soa a Xurásico veciñal unicamente comprensible se un se abandona á erudición dunha xenerosa botella de viño de Ribeiro. Pero ademais do tesouro das moedas, a Furna dos Pesos gardaba outro tesouro ao meu xuízo de moito máis valor. Consistía en que no máis alto da súa bocana, negra como o sobaco de Satanás, nidificaba a última parella de arao pingüín galego, *Uria aalge ibericus*, que se extinguiu para sempre alá polo ano 1982. Tres ou catro décadas antes destas illas maravillosas había arredor de 600 parellas censadas. E nas Ons, nin vos conto. E que dicir ten que os do Parque de Cíes, entre eles Fernández de la Cigoña e Felipe Bárcena por mencionar a dous personaxes senlleiros, coidabamos aquel tesouro ornitolóxico como á nena dos nosos ollos, pero púidonos a contaminación mariña, que xa apuntaba naquela época en forma de verteduras petrolíferas e dun turismo que transformou a costa ibérica nunha potaxe de cremas antisolares e nun balbordo atronador que apagou cantos de xilgaros e amordazou as trompetas corais de canilongas ou cormoráns. Pois ben, do coidado daquel tesouro das moedas ocupábase outro receoso cérbero que, indefectiblemente, aparece nas noites de duras marusias a bordo dun veleiro fantasma, o casco de madeira roto de pantocazos e de arrufos, co seu capitán porfiando por disuadir aos cazadores de tesouros submarinos coa ameaza de mandar a pique, onde mora o lume dos volcáns e a ira dos maremotos (o de "tsunami" soa un pouco a charramanguero), a quen ouse intentar roubarlle os pesos que un día foron da súa exclusiva pertenza. Castroviejo asegura ter visto a tal personaxe tras unha borracheira con



Figura 2.- Foi "o progreso" o que se levou os cormoráns, os araos, as pombas bravías, antano abundantes na costa galega. Foto José Curt.

O Coxo de Cíes, pero apenas dá detalles, só di que tiña os ollos acendidos como carbóns ardendo. E a partir de aquí eu non sei se o soñei ou mo inventei, que todo cabe cando tratamos de lendas e de soños, pero teño anotado en non sei que sitio que a súa tripulación está formada por ánimas en pena e que o seu lendario capitán é un fuxido de Conxo, un orate con barba cimarrona, como de esparto, din que nacido en Bueu (Pontevedra), e do que se supón que se cristianou co nome de Xan, Xanciño na súa terna infancia, aínda que máis tarde e como é habitual en Galicia fose máis coñecido polo alcume, que se lle quedou en *Juanete Bajo*, porque, si ben Xanciño era de exigua estatura tamén era home de altas miras, como é a vela altiva de mastro de proa, de pao trinquete que nos vellos libros de manobra naval chámase *juanete bajo*. E co o mal nome de *Juanete Bajo* quedouse el nauta de Bueu para o resto dos seus días e das súas noites. E que un chisco de bo humor non lle faltaba porque soía mitigar as penas, la manparite e a soidade da mar cantado galegadas como Ondiñas veñen, ondiñas van, aínda que algunha vez, cando quería impresionar ao persoal, o fíxese nalgunha lingua misteriosa como o sánscrito ou o arameo, que aseguran que as aprendeu

a falar do mismísimo Lucifer. E algún fulano das Cíes, a máis de Castroviejo, aseguroume ter visto como o seu bergantín de tres paos desconxuntados, arremetía sañudamente, co bauprés partido a anacos e cego de violencia, a avanzada rochosa máis setentrional da illa, a Punta do Cabalo, para facela pedazos e levantar con tal derrubamento unha barreira que impedise o paso a calquera outro buque que puidera levar intencións depredadoras, que non moí lonxe navegaron o inglés e o normando, o viquingo e o noruego e outras xentes da mar con patente de corso; e que eran xente ladroa e perigosa. E, claro, é hoxe en día que por alí ninguén se achega porque saben que aquel arrecife de derrubio está maldito e que só medra alí un percebe venenoso co que unicamente se atreverían a celebrar mariscada os diaños súcubos e incubos e algunha meiga reumática que fai a esquina por aqueles arrecifes con algunha ánima en pena cargada de augardente. E por iso ninguén se achega en noite de tormenta á Furna dos Pesos porque sospeitan

que non anda lonxe o bergantín fantasma atronando raios e alustros coa música de fondo das arrepiantes gargalladas da mariñeiría e o aceno sardónico do seu mascarón de proa, escultura desdentada, que antes foi espléndida e dourada talla de Minerva, en madeira de primor, os farrapos de trapo tremolando couces e a onusta voz do capitán lanzando blasfemias e ordes ao vendaval cunha linguaxe que só aos condenados ao lume eterno deixaría de impresionar. Sábese ademais, iso si de fontes ben informadas, que o outrora airoso bergantín transportaba un cargamento de ratas rabiosas que *Juanete Bajo* embarcara no inferno para vingar aquilo de "don't forget the Maine" que deu orixe a aquela terrible guerra pola que perdimos Cuba

en 1898, xunto cunha boa cantidade de "pesos" destinados a axudar a repatriar ás tropas españolas que loitaron contra o yanqui na manigua cubana, entre eles, pode ser, o meu avó materno o coronel da Infantería de Mariña Jacinto Martínez Carrillo que mandou guerrilla montada a caballo como tenente coronel dando repetidas mostras de bravura na Mariña aquela que se coñeceu, tristemente, como a do Desastre.

Pero dado que o mariño propón e Poseidón dispón, os baixos sucios de Cíes interpuxéronse

na derrota daquel bergantín outrora altivo e foise ao bentos a criar algas. E o seu capitán, *Juanete Bajo*, que no fondo gastaba certa feitura de ben, empeñouse en que el era o último en abandonar o barco, como exige o honor no código da mar e, como ningunha das almas en pena quixo baixar a terra porque non sabían a onde ir, é por iso que é hoxe en día no que o de Bueu segue de garda permanente en cuberta, entre laios da madeira relada, entre os queixumes do costelar de cadernas descarnadas, pelexándose cos ventos ávregos polos séculos dos séculos, amén. E principalmente o fai, claro está, por se alguén lle quere roubar a "pasta" e mitigar a súa sede de axustar contas cos Estados Unidos de América, a sede de vingarse desta actual nobre nación que chegou a tal nivel internacional no económico e no social que me parece, capitán *Juanete Bajo*, que o fondo da cuestión, a outra cousa, a de vingar á Patria ferida, terá que esperar a que pase moito tempo e a se outra vez pintan espadas; Deus non o queira.




Figura 3.- Seguramente "Juanete Bajo" quería vingar aos españois que morreron en Cuba e repatriar aos feridos, entre eles ao meu avó materno, na foto o tenente coronel da Infantería de Mariña Jacinto Martínez Carrillo que pelexou con bravura contra o yanqui na manigua cubana no desastre de 1898.

AS MULLERES COMO MOTOR DE CAMBIO

Por : José Manuel Dopazo Entenza

Foi en 2001 cando Labov se decatou de que as mulleres son as que están detrás dos cambios lingüísticos que acontecían no inglés de Philadelphia. Curiosamente, tamén caeu na conta de que esas mesmas mulleres que abandeiraban o motor de cambio eran as que con maior frecuencia mantiñan as formas máis tradicionais da fala. E, por se fose pouco, tamén observou que presentaban un índice menor de formas marcadas socialmente.

Semella que estamos ante unha incoherencia e mesmo unha tolería. El mesmo se adiantou a posibles críticas por esa primeira impresión nomeando esta teoría como *gender paradox* (paradoxo do xénero). Esta teoría consta de tres principios:

1. *For stable sociolinguistic variables, women show a lower rate of stigmatized variants and a higher rate of prestige variants than men.*
2. *In linguistic change from above, women adopt prestige forms at a higher rate than men.*
3. *In linguistic change from below, women use higher frequencies of innovative forms more than men do.*

Pero o certo é que non é tal tolería. Tal e como postula Labov nos seus principios, as mulleres mostran unha maior cantidade de formas de prestixio ca estigmatizadas. Por tanto, cabe esperar que, no momento en que haxa un cambio lingüístico, ben sexa por influencia externa, ben sexa nacido na propia fala, serán elas as que comecen máis pronto a empregar as formas novas.



Siña Juana e a súa filla Aurita. O Caño, A Illa de Ons (1930)

Todo este discurso teórico, se cadra, pódese entender mellor á luz duns cantos exemplos dos procesos de cambio lingüístico que se están a dar na comunidade de fala da Illa de Ons. Se tomamos en conta os tres grupos xeracionais en que se podería dividir esta comunidade (Dopazo 2013), veremos como inflúe a variable do sexo nos procesos de cambio entre estes tres grupos. Analizaremos, xa que logo, elementos desde os máis perceptibles (morfoloxía verbal e non verbal) ata os que pasan máis desapercibidos (fonética e fonoloxía).

Partiremos dos tres puntos da hipótese de Labov (2001: 399-447) e iremos debullando os elementos da fala das mulleres desta illa. Para tal fin botaremos man dalgúns elementos xa analizados noutros números desta revista (2014 e 2016) e tamén analizaremos casos que inda están nun proceso de estudo nestes momentos.

1. Nunha situación de variables sociolingüísticas estables, as mulleres mostran un cómputo menor de formas estigmatizadas e unha máis elevada cantidade de formas con prestixio cós homes.

Este primeiro principio de Labov dá conta do conservadorismo feminino de que tanto se falou numerosas veces en moitas disciplinas. Este comportamento coidadoso das mulleres, na lingüística tamén se ten tratado verbo da súa fala. Mais debemos fiar máis fino para chegar a comprender que se esconde detrás desta percepción tan estendida.

Nun artigo desta revista do ano 2014, falabamos da alternancia entre o morfema *-ín* e *-ei* (deixín/deixei) e xa se apuntaba que este trazo tiña unha clara dependencia do sexo, pois

son as mulleres as que o empregan case con exclusividade. Neste caso, a estabilidade sería aquela á que se chegou durante a adolescencia das persoas do primeiro grupo xeracional e a forma de prestixio sería a terminación *-ín*.

Podemos comprender, xa que logo, por que estas mulleres continúan a presentar, nunha elocución distendida, esas formas que durante moito tempo foron de prestixio, pois son vestixio dunha etapa en que gozaba de maior uso.

Pero non fai falta ir a elementos que gozaron de prestixio noutro tempo, podemos ver a trascendencia deste principio nun elemento pouco perceptible pero que, á luz dos datos, insiste nesta mesma idea. É o caso do rotacismo¹. O rotacismo en galego adoita aparecer ante consoante voceada /b, d, g, m, n, l, ll/ e incluso ante algunhas non voceadas por extensión /f, z, s, x/. Na Illa de Ons atopamos rotacismo case ante calquera consoante, pois aparece ante todas estas e tamén ante /ch, p, t, k/.

O rotacismo é, despois desta pequena explicación, un fenómeno fonético que goza de moito prestixio na fala desta illa. Cabería esperar que a distribución dos datos atendese a un 50% para mulleres e 50% para homes, aproximadamente. Mais o certo é que os datos dan unha diferenza do 60% para as mulleres mentres que o 40% é dos homes dentro do primeiro grupo xeracional.

O mesmo se pode dicir da palatalización (pronuncia como /x/ dun /s/ en final de palabra ou ante /p, t, k/). Aquí atopamos de novo esa distribución 60% homes - 40% mulleres. Tanto o primeiro coma o segundo dos casos serían susceptibles dunha análise máis miúda, mostrando aqueles contextos en que só as mulleres presentan estes fenómenos fonéticos. Como mero exemplo temos, para o caso do rotacismo, que as mulleres poden realizalo ante ch (*dúar chemineas*), mentres que non hai casos rexistrados para os homes.

Atopamos este maior uso nas mulleres xa que tanto o rotacismo coma a palatalización son fenómenos que gozan de prestixio e, á vista do primeiro principio, as mulleres habían presentar un maior número de formas.

2. Nun cambio lingüístico desde arriba, as mulleres adoptan formas prestixiosas a maior velocidade cós homes.

Enténdese por cambio lingüístico desde arriba o exercido por unha norma que estea influenciando unha variedade lingüística ou unha lingua que estea influenciando outra. Neste caso poderíamos entender o estándar do galego ou mesmo o castelán sobre o galego falado na Illa de Ons.

Neste sentido temos os cambios que ocorren nas dúas xeracións máis novas. Na Xeración do Éxodo influiría sobre todo o español (lingua da escola, dos medios de comunicación e mesmo lingua habitual dalgunhas persoas informantes); e na Xeración Alóctona tanto o español (polos mesmos motivos) coma o estándar do galego (aprendido na escola, medios de comunicación etc.).

No léxico é facilmente visible, pois todo o vocabulario tradicional, mesmo metafórico, do mundo do mar e do campo que nos homes se mantén bastante ben: *cacea, lance, laño, gando, semente* etc., nas mulleres ou ben se perde ou está substituído por palabras do castelán: *ganado, semillas...*


Tamén o galego normativo vai aparecendo na fala da Illa de Ons, pois as mulleres da Xeración do Éxodo teñen palabras como *estudar, colexio, avó...* que os homes non presentan. O mesmo se pode dicir das mulleres da Xeración Alóctona con *grazas, tataravoa, praia...*

O español é lingua de prestixio e, como tal, exerce unha presión de cambio no galego. Ese cambio, como vemos, comeza nas mulleres, que son as primeiras que van perdendo o vocabulario galego en favor do español. O mesmo podemos dicir da norma do galego que, en menor medida, tamén exerce influencia na lingua destas informantes.

Se vemos o que acontece coa fonética, temos o caso da aspiración do /s/ en final de sílaba. Na Xeración Primixenia eran os homes quen presentaban un 70% dos casos, pero as contas comezan a mudar cando vemos os resultados na Xeración do Éxodo, pois pasan a ter o 60% dos casos e, finalmente, na Xeración Alóctona o 40%.

Parece que estes datos non confirman principio ningún, senón máis ben que o contradín. Pero en realidade a lectura que teñen estes datos é que a aspiración do -s é un fenómeno que está a coller forza, probablemente, por influencia das variedades de español que se poden escoitar nos medios de comunicación.

3. Nun cambio lingüístico desde abaixo, as mulleres empregan con maior frecuencia cós homes formas innovadoras.



Este terceiro principio o que di é que, ante unha mudanza que aconteza na propia lingua, van ser as mulleres as que maior número de casos presentarán. No caso concreto da Illa, os cambios que se poidan producir na propia fala.

Aquí poderíamos traer o caso xa mencionado da aspiración pois tanto se pode explicar por influencia das variedades do español como por ser un cambio que aconteceu na propia fala. Como non temos datos abondo para decantármolos por unha ou outra explicación, este fenómeno válenos para exemplificar calquera dos dous principios.

No artigo presentado nesta revista en 2016 podíamos ler a diferenza de uso dos silencios entre mulleres e homes. Neste caso non hai un estudo en perspectiva que poida esclarecer onde se atopa o cambio e quen ostenta a bandeira da mudanza. Así a todo, podemos atopar índices que nos dean algunha pista.

Por unha banda, mencionábase que había problemas de entendemento nunha conversa entre un home e unha muller. Por outra banda, tamén se deixaba constancia dos problemas de comprensión entre dúas mulleres de dous grupos xeracionais distintos. Se cruzamos estes datos, podemos deducir que entre un grupo xeracional e outro houbo un cambio de código. Agora faltaría saber se, dentro de cada un dos grupos hai problemas de intercomprensión dos silencios.

Sabemos que o primeiro dese grupo presenta un uso uniforme do código de silencios e incluso podemos ver tendencias semellantes tamén no segundo. Por tanto, queda saber quen iniciou esa mudanza. A clave desta pregunta preséntanola a conversa entre mulleres, na que hai puntos de achegamento entre ambas as dúas. Estes achegamentos dan conta dun cambio en proceso, no cal as mulleres do primeiro grupo serían pioneiras. Esta sería unha lectura de impresións, polo que non se podería tomar como unha certeza. Pese a todo e á luz do analizado, poderíase enmarcar dentro da terceiro dos principios.

Exactamente o mesmo acontece co caso da variable –ui-/oi- na raíz da forma moita/o. Os datos do meu corpus lingüístico mostran como no primeiro grupo é case exclusiva a forma MOITA/O, no segundo hai predominancia de MUITA/O e na terceira predominancia de MOITA/O. Está claro, entón, que tivo que haber un punto de cambio entre estes tres grupos.

Se nos detemos no que acontece por sexos, observamos que os poucos casos da forma con –ui- no primeiro grupo son de mulleres. No segundo grupo, volven ser elas as que máis empregan a forma –ui- e, por último, tamén son as mulleres as que máis empregan a forma con –oi- no terceiro. Pero que explicación pode ter estas tendencias?

Por unha banda, ver que a forma imperante do primeiro grupo é –oi- e que sexan as mulleres as únicas que empregan os escasos casos con –ui- apunta claramente a que son elas quen inician este cambio que despois callará no segundo. Esta sería o terceiro principio de Labov. A continuación vemos que as mulleres dese segundo grupo son as que maior uso fan da nova forma de prestixio: primeiro principio. E, por último, volven ser as mulleres as que empregan a forma –oi-, que coincide coa norma actual do galego e isto enmarcaríase no segundo principio.

CONCLUSIÓNS

Como xa dixo Labov na súa obra *Principios do cambio lingüístico*, as mulleres xogan un papel especial á hora de mudar a lingua. Esa posición central na mudanza vese curiosamente entrelazada coa postura de conservadoras. É como se se escondesen tras unha máscara de mantedoras das formas milenarias mentres que outorgan a voaxa das variantes máis modernas. Ó mesmo tempo, os homes fican cegados polos focos deste escenario da vida en que nos movemos coma monicreques.

BIBLIOGRAFÍA

- Dopazo Entenza, José Manuel (2013): “Introdución á fala da Illa de Ons” en *Aunios 18*, pp. 73-74
 Dopazo Entenza, José Manuel (2013): “Deixín ou deixei a Illa de Ons” en *Aunios 19*, pp. 35-36
 Dopazo Entenza, José Manuel (2013): “Co silencio tamén comunicamos” en *Aunios 21*, pp. 34-37
 Labov, William (2001): *Principles of Linguistic Change. Volume 2: Social Factors*. Blackwell Publishers Inc. Malden.
 Labov, William (2006): *Principios del cambio lingüístico. Volumen 2: Factores sociales*. Versión española de Pedro Martín Butragueño. Gredos (Madrid)

¹ Enténdese rotacismo polo cambio dun elemento por /r/. No caso concreto do galego, o rotacismo é o cambio de -s en posición de final de sílaba por -r, sempre cunha serie de restricións que non son iguais para todo o territorio.



CHEMINEAS INDUSTRIAIS

Por : Lino Pazos Pérez

A enseada Umia – O Grove – A Toxa posúe a maior concentración de chemineas de toda Galicia, debido á importancia que noutros tempos tivo a fabricación de cerámica, tellas, canalizacións e ladrillos (aínda hoxe se mantén algunha en activo), que deron á bisbarra que as acollía unha importante riqueza, e sobre todo emprego para as mulleres que participaban na recolleita da arxila necesaria, e na súa manufactura.



Foto 1.- *Galeóns de Arousa* foi un dos primeiros traballos que se fixeron sobre estes barcos, imprescindibles nas telleiras, prologado por Luís Rei; que este sinxelo artigo sirva como homenaxe póstuma a este pioneiro da etnografía, co que coincidín en numerosas concentracións de embarcacións tradicionais

Non só se fabricaban todo tipo de materiais que levaran o barro (arxila) na súa elaboración, senón que arredor da súa comercialización e transporte tiñan que entrar en xogo outros medios, entre eles os necesarios galeóns, e as persoas, na súa maioría mulleres que desta forma accedían a un posto de traballo, que os cargaban, case sempre a través de inestables pasarelas feitas cun sinxelo taboleiro de madeira de piñeiro ou eucalipto que puña en contacto a praia co barco, ou na maioría dos casos co precario peirao construído con cachotes de pedra.

Di Luís Rei, no prefacio de “Galeóns de Arousa”, aquel precursor de tódolos traballos sobre este tipo de embarcacións, publicado polo Etnográfico Mascato, que eu merquei na librería Michelena (xa desaparecida) de Pontevedra por 500 pesetas o 24 de agosto de 1996, fai daquela algo máis de dúas décadas; *“alí, minas terrestres e telleiras, así como as encaixonadas abertas no mar, subministraban aos galeóns unha carga que era transbordada a pailebotes de dous ou tres paos ancorados na Poza do Beiro e, a partir dos anos 30 (do século XX), a vaporciños de cabotaxe ós que o calado lles impedía entrar nos pequenos peiraos das telleiras...”*.

A zona a visitar é a comprendida entre o comezo do brazo de terra

que une O Grove coa península, e a punta Bico da Ran, treito no que nos atopamos cunha ducia de chemineas, unha (polo menos) en activo, comezando por Rouxique, Vilalonga, Sanxenxo (cara a Cambados), onde xa achamos a situada no centro da vila, fábrica de cerámica que máis tarde estivo adicada a almacéns de mobles... e hoxe atópase á venda.

A camiñada pode levarnos un par de horas, aínda que paga a pena; as seguintes dúas chemineas pertencen á fábrica de Viqueira, que se atopa en Paderna, adquirida nas últimas décadas por Epifanio Campos, que aínda fumega; pasada a praia da Sequiña (trátase dun humidal) achegarémonos ás grandiosas instalacións da fábrica de




Foto 2.- Cheminea de Rouxique




Foto 3.- Fábrica de Guisasaola

Guisasola, que mantén aquela imaxe dos anos vinte do século pasado, como podemos ver na fotografía, mantendo tres chemineas e uns peiraos de pedra que xorden preto da punta Fianteira.

Pasada a punta, e camiñando pola costa, chegaremos a ver outra fábrica de ladrillos coa cheminea recortada (descoñezoo o nome), pasando logo á gran explanada na que se pode contemplar a telleira de Blanco, reconvertida nun pavillón multidisciplinar, con *airosa* cheminea, aínda que, se vos fixades ben, co fuste agretado na parte superior; ao seu carón a primitiva construción asemella unha illa no medio da modernidade que supoñen as renovadas instalacións.

Continuamos a ruta deixando atrás a Praia da Chanca, collendo unha verea que nos leva directamente ata unha das xoias desta camiñada; trátase da telleira de Xan de Noya (Noia), agora convertida nunha especie de Museo ao aire libre.

Seguindo polo camiño, achegámonos á cheminea que se atopa en Vilavedra, Seixiños, ó carón dos restos dun serradoiro de madeira que se mantivo activo ata o fin do século pasado.

Dende aquí, e despois de coller unha estradiña chea de reviravoltas, imos cara á punta do Becho, praia do Castrelo e punta Bico da Ran, onde atoparedes unha serie de telleiras que vos deixarán abraiados.

Primeiro veredes as dúas chemineas da fábrica de Calixto (agora reconvertida nunha especie de central eléctrica solar), con importante peirao propio, logo entraredes de cheo na ruta de Castrelos sempre coa illa da Toxa á vosa esquerda..., telleiras de Moledo e Chián, ata chegar a O Facho, paraíso dos que gustamos destes fornos e as súas chemineas.




Foto. 5.- En primeiro termo as dúas chemineas de Calixto.

O Facho, de Cambados, podería ser considerado como un privilexio para os sentidos, onde, nun pequeno percorrido, teredes á vista algunhas das chemineas e fornos de cerámica (tellas maiormente) máis sorprendentes e mellor conservadas de Galicia.

Unha vez rematado este artigo, doume de conta que esta ruta non está pensada para levala ó papel, senón que é imprescindible "pateala", cos ollos ben abertos e sen prexuízos referentes ás chemineas, formidables construcións de ladrillo que foron quen de manterse ergueitas fronte ao abandono a que foron sometidas durante décadas.

Cen anos máis para estes fitos!; monumentos que poderíamos considerar como *menhires* do noso pasado industrial, que necesitan de mantemento e conservación por parte da sociedade que, no seu momento, se lucróu delas...




Foto. 4.- Telleira de Xan de Noia

Unha vez rematado este artigo, doume de conta que esta ruta non está pensada para levala ó papel, senón que é imprescindible "pateala", cos ollos ben abertos e sen




Foto. 6.- O Facho. Castrelo.

COLABORA:



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

ESSES ILLEIR@S QUE FIXERON QUE ONS SEXA ESPECIAL

Por: Fernando Trigo

A asociación Pineiróns, capitaneada por Tinón, cumpre 20 anos este 2018. Coido que ninguén fixo un labor tan profundo para sacar adiante a cultura desta Illa aínda que, por desgraza, os que deberían facelo, non llo recoñecen. Sen embargo coido, que aos socios de Pineiróns, como aos que fan posible esta revista, que non llo recoñezan, aínda que lles doa, non lles importa, eles van seguir loitando por ese anaco de terra, ancorado na entrada da ría de Pontevedra, que é o arquipélago das Ons.

Centrándonos xa no meu artigo, Tinón, polo feito de celebrar os vinte anos a prol da cultura de Ons, pedíume que puxera texto a unha serie de fotografías que falan, a maioría, da década dos 70 do s. XX nos que pasamos uns veráns fabulosos na compañía dos veciños de Ons que tanto nos ensinaron. Non podía negarme a tal petición, aínda que tiña en mentes publicar o que me quedara gardado do ano pasado sobre a falla de visión histórico-arqueolóxica que ten a administración encargada do Parque para poñer en valor esta importante faceta que é necesaria e obrigatoria, a carón da medio ambiental, traballala e defendela para a súa conservación.

As fotos son da colección particular de Tinón, coordinador desta revista.



Emilio. Coñecido cariñosamente como Pitiso, era o encargado, ao lado da súa faceta como mariñeiro, de levar a cabo as “matanzas” en Ons.

A matanza do porco, era todo un acontecemento na Illa. As familias pelexaban por ver quen tiña o porco mellor mantido, por iso, cando había matanza nunha casa, a carón dos necesarios para levala a cabo, viñan os miróns, que aparte de facer de xurado ao hora de dirimir que familia criara o mellor porco, daban boa conta do viño, do fígado e dalgún cacho de raxo que podía caer despois da matanza.

Candiño. Un illeiro inesquecible. Un dos mellores especialistas na pesca do polbo dende dorna coa arte da raña. Horas pasabamos escoitándoo falar das súas aventuras na Guerra Civil, na batalla do Ebro, e como cargou ao lombo a un compañeiro

ferido para poñelo a salvo. Aínda que cunha fala difícil de entender, se cadras atopalo xunto á súa irmá Eugenia e lle pedías que che falaran da Santa Compañía, co énfase que lle poñían, o arrepío que che entraba facía difícil o paseo pola Illa, sobre todo, se era de noite.



Rosa. A parteira de Ons. Axudou a moitas mulleres a ben parir, utilizando todos os medios naturais que tivera ao seu alcance.

Casou co Sr. Domingos, coñecido cariñosamente como, Cachote. Chegado a Ons dende a zona do Barbanza, era un especialista como carpinteiro de ribeira e deu vida e arranxou un bo número de dornas polbeiras daquela época.

Rosa, muller moi faladeira que gustaba de contar historias de meigas e encantos. Xunto co seu home, festeiro onde os houbera, inventaban unha chea de coplas que logo cantaban nas festas dos domingos nos bares.



Aurita. É desas mulleres polifacéticas. Ao lado de ser nai de familia con cinco fillos, axudaba ao seu home, Ramiro, nos labores a desenvolver no Faro do que era peón. Andivo ao mar como percebeira. Atendía aos animais e aos labores agrícolas..., e aínda lle sobraba tempo para desenvolver facetas típicas da vida cotiá illán, como facer pan no forno caseiro de leña ou preparar xabón para lavar a roupa. Aquí a vemos cortando un xabón feito por ela.

Juanita. A nai dos Reiriz. Dela aprendeulle á súa filla Aurita todo o relacionado coa vida illán. Era unha esperta no coñecemento de plantas medicinais. A falla de médico facía que os veciños de Ons, especialmente as mulleres, adquiriran coñecementos de medicina natural. Na foto collendo e escollendo solda, moi boa para os catarros.



Sara e Manuel. Sara era recoñecida como unha das melloras percebeiras de Ons. Por onde ela pasaba non quedaba rastro de bo percebe. Loitou moitas veces contra fortes ondaxes, cando aínda non usaban traxe de neopreno, e veuse en grandes apuros, pero sempre saíu adiante. Manuel era un deses mariñeiros que, como tantos da época, non sabía nadar, pero presumía de saír indenne dun bo número de naufraxios. Ata simulou, xunto a outros illáns, un naufraxio na Illa na película "Botón de Ancla".

Aquí vemos ao matrimonio, pescando na súa dorna aos polbos co arte da raña.

Grupo de illáns. Comezando pola dereita: Ramiro Otero, Manolo Reiriz, Cesáreo Patiño, José Pérez, Claudiano Méndez e Manuel López. Seis lobos de mar que, no inverno, despois de vir do mar, as tardes facíanse longuísimas, polo que, botar a partida de dominó en calquera dos bares era algo obrigatorio.

Cando as partidas subían de ton, o petar na mesa coas fichas e os berros escoitábanse en calquera punto da Illa, e ata din, que as veces, mesmo en Noalla!!!



AS PROTESTAS DOS CAPITÁNS RÍA DE AROUSA (II)

Por: Emilio Ferrer Jaureguizar

Introdución:


En artigos anteriores intentei plasmar de maneira comprensible os textos de protocolos notariais do *Arquivo Histórico da Universidade de Santiago* onde se relatan os distintos avatares sufridos polas embarcacións e os seus tripulantes preto, ou lonxe, das augas destas costas. Estes relatos prodúcense ante os notarios das localidades onde arriban estes buques, na súa maior parte con desperfectos de consideración.

Aínda que os denomino “As Protestas dos Capitáns”, moitos dos protagonistas son Patróns de Galeón, embarcacións que agora só recordan as persoas maiores e os esforzados pertencentes a asociacións que levan anos recuperándoos e restaurando cun labor ímprobo e encomiable que os amantes da cultura marítima nunca poderemos agradecer o suficiente. Dita flota de Galeóns constituíron unha das bases do comercio marítimo nas nosas costas como veremos nun artigo que verá a luz no próximo ano.

Rematei o artigo do pasado ano cun episodio acaecido no ano 1844, polo que retomarei a narración cos sucedidos a partir desa data por orde cronolóxico. Por suposto, só transcribo os poucos documentos que están actualmente á miña disposición, xa que existen ducias ou centos deles nos arquivos notariais procedentes de localidades costeiras de toda Galicia.

Estes documentos aportan, como xa teño escrito en números anteriores da revista AUNIOS, infinidade de datos non só sobre o comercio marítimo no século XIX entre Galicia e outros portos do resto de España, senón entre outros lugares de Europa e América.

Así, el 27 de Octubre de 1848 registra el notario del Caramiñal D. Benito Doce en el folio 85, lo siguiente... pareció (sic) D. José Cores vecino de Villagarcía y Capitán de la Goleta Española “Romualdita” de la matrícula de Vigo é dijo: Que el día el día 11 del corriente salió de la bahía de Cádiz con el citado buque por hallarse sano de quilla, costado y aparejo, con sus correspondientes cadenas, cables y amarras, según reconocimiento que consta en el diario, con carga de 150 sacos de sal con destino a San Sebastián y viento por el Este, a las cinco de la mañana de dicho día dio a la vela sin novedad alguna ni en su tripulación hasta el día lunes 16 que a las dos de su mañana cerca del Cabo de San Vicente habiendo anochecido con chubascos y horizontes cargados, después de haber arrizado a las siete todo el aparejo y afirmado el juanete continuó su misma derrota y a las ocho se rindió el palo mayor por encima de la cubierta una braza de alto, el trinquete por el cabres (supoño que se refire ao cabrestante, artefacto usado para virar os cabos de amarre), la verga seca por el medio y no pudiendo dar vela se metió el buque en capa en vuelta de afuera amurado por estribor con solo el trinquete cangrejocontinuando el viento a más y la mar muy gruesa, del viento



*Goleta “Sirena”, entrando en Nápoles. Eslora 81 pés, 95 ton.
Armador D. José Ferrer Marlés, del Caramiñal. Capitán D. Manuel Otero.*

determinó echar el juanete abajo el que se picó con toda su maniobra y verga botándolo todo al agua costas de algunas desgracias. A las diez saltó el viento con un fuerte huracán del Nortese determinó romper la capa y derribar en demanda del Cabo San Vicente lo que con acuerdo del oficial, tripulantes y pasajería se verificó en dicha hora habiendo tirado la trinqueta de rada por la verdadera deriva del Buque, la que llevó el viento dejándola hecha pedazos y


como cogiese el buque atravesado sobre los fuertes golpes de mar contrastado, para evitar que no se sumergiese bajo uno de ellos hubo de determinarse el botar al agua parte del agua y más enseres, empezando por las dos anclas una de 7 quintales y otra de 6, una cadena de 11 líneas y seis grilletes equivalentes a 90 brazas y peso de 68 quintales, dos guindalesas (cabos) de cáñamo de 4 pulgadas y 100 brazas cada una de largo, 3 pipas de fierro de la aguada, el bote, un calabrote de 6 pulgadas de grueso de cáñamo y 70 brazas de largo, 3 rencos (¿) de aya, 4 boyas de pino de las anclas, una tina llena de carne salada, varios trozos de maniobra peso de 4 quintales, 20 motones (roldanas) y cuadernales ya sueltos del aparejo, un mastelero de respeto, 4 barras del molinete y algunas más frioleras de velas de esparto, el timón del bote valor de 100 reales de vellón y como 200 fanegas de sal que se sacaron por el mamparo de proa y popa con cuyo alijo hecho a la mayor brevedad y viendo el buque ya puesto que enfilaba la mar de popa y proa y en su total gobierno.....y el buque con una agua de más de 7 pulgadas por hora, la que se alijó a poco trabajo por sus buenas bombas, sin que ésta según lo que se observa hubiese causado por ahora mayores perjuicios..... a las 11 de la mañana del 17 martes se quedó la mar un poco y el viento, siguiendo solo con el mismo aparejo por no poder dar más hasta ponerse al abrigo del Cabo San Vicente para remediar en lo posible la (ilegible) de los palos como la capa y la salvación de la carga, buque y tripulantes, el agua queda en 3 pulgadas y sin ninguna más novedad se concluyó esta singladura quedando a la vista del Cabo San Vicente distante al Norte 16 millas.....Y para comprobación de todo lo expuesto además de constar del Diario que dicho Capitán.....también presenta por testigos en este propio acto al Piloto de dicho Buque D. José Yglesias, tripulantes del mismo Juan Domingo Melio, Juan José Casas, Juan Regades y al pasajero D. Antonio Mañá (o Maciá o María) quienes además el acta de acuerdo descargan al capitán de toda culpa.

O siguiente protocolo narra o que sigue a continuación:

En la villa del Carril a veinte de Noviembre de 1855 ante mí escribano de S.M. y testigos compareció D. José Benito Otero capitán del Pailebot Español nombrado "Carmen Victoria" de la matrícula de Padrón en esta Provincia Naval de Villagarcía de porte de 57 toneladas y dijo que teniendo aquel en buen estado de navegación en el Puerto de Sevilla cargó de Aceite,(ilegible) y más mercancías que expresó en la protesta que formalizó en el Puerto de Cádiz y ante el Escribano de Marina como punto de su primera arribada, con destino al Carril dando a la vela en 29 de Septiembre último dirigiéndose y fondeando sin novedad en Sanlúcar esperando buen tiempo como se acostumbra para continuar su derrota.

Conseguido su intento, volvió a dar la vela para su destino el 16 de Octubre con buen tiempo y sin novedad. Continuando así hasta la mañana del 17 que en vista de los desgraciados acaecimientos de que hizo escrito en dicha protesta se dirigió al Puerto de Cádiz como más seguro y más próximo para su arribada, anclando en el mismo a las 4 de su tarde y admitido por sanidad en la mañana del siguiente dieciocho; en el que hizo la referida protesta, de que produjo copia en el diecinueve en el Tribunal de comercio de dicha plaza con el oportuno recurso concluyendo a que se sirviera disponer

el nombramiento de Peritos inteligentes para que reconocieran el Buque y su cargamento y el coste de la reparación del daño que había sufrido aquél, con lo más que expuso como así se ultimó, procediendo luego y declarando los Peritos acerca de ello como consta de la declaración jurada.....con el escrito que posteriormente produjo dicho



Botadura del pailebot "Constantino Candeira" el 1-9-1915 en la desembocadura del Miño'

Capitán separándose por entonces del reconocimiento del cargamento con lo más que ha manifestado y pidiendo que se le autorice para contratar un préstamo a la gruesa para reparar las averías del buque, que se le concedió ; en el testimonio librado en 30 del mismo de Octubre por D. Ricardo Lecleve , Escribano del mencionado Tribunal y comprobado en forma que en número de doce hojas útiles del sello cuarto escribió el compareciente y vuelve a recoger rubricadas del infraescrito. Reparada la Nave de todo lo necesario continuó su viaje con tiempo favorable en 3 del corriente y sin más novedad que la que deja expresada hasta la singladura del 8 al 9 del mismo , o sea a las doce del día de aquél que hallándose por fuera de la Roca , se puso el viento por el N.O. y con algunos chubascos de bastante fuerza que nos forzó a dar rumbo y arribar a Lisboa tomando práctico a las cuatro y media de la tarde fuera de la barra , y anclando en aquella a las diez de la noche , en que fue admitido por Sanidad el once , como se comprueba de la certificación que le expidió el Señor cónsul General por no haber novedad alguna en el Buque y cargamento , y ser por lo tanto innecesaria ratificación del artículo de protesta según el contenido 670 del Código de Comercio cuyo tenor dice en Consulado General de España en Portugal. Y el infraescrito Cónsul General de S.M. Católica la Reyna Dña. Ysabel Segunda (Q.D.G.) en esta corte y demás dominios de S.M. fidelísima: Certifico que el Capitán D. José Benito Otero que lo es del Pailebot Español nombrado “Piedad” (*evidentemente aquí hay un error. N.del Autor*) de la matrícula de Villagarcía de porte de 57 toneladas que gobierna con siete individuos de tripulación en todos (*sic*), entró en este Puerto de arribada forzosa a causa del mal tiempo en el día de ayer ,procedente de Sevilla y Cádiz en siete días con cargamento de Aceite, Jabón y otros efectos para el Carril. Y para lo que pueda hacer constar donde le convenga doy el presente firmado de mi mano y autorizado con el sello de oficio. Lisboa doce de Noviembre de 1855- El cónsul general de S.M. Emilio Ollogui-Hay un sello-Así resulta de la nominada certificación que presentó y recoge rubricada para presentar en la Aduana de este Puerto, á reclamación del Gefe (*sic*) de la misma. Mejorado el tiempo salió de Lisboa en la mañana del 14 con Práctico hasta el punto de costumbre siguiendo su viaje con viento favorable y sin novedad. Situado a la vista de las Rías si bien procuró entrar en Vigo para alijar carga que trae para dicho puerto no pudo lograrlo a causa del viento contrario; por lo cual y a evitar cualquiera consecuencia funesta determinó seguir su derrota a la de Arosa y este Puerto del Carril en donde fondeó a las cuatro y media de la tarde del día de ayer habiendo sido a muy luego admitido para sanidad. Por consiguiente y no obstante de no haberse experimentado las averías en el Buque y cargamento desde su partida de Cádiz desde luego en este momento que son las once pasadas de la mañana de este día, ratifica y aún amplía siendo preciso, una y más veces, la primitiva protesta con el fin de que todos los daños y perjuicios sufridos por el Buque y su cargamento sean de cuenta de quien corresponda y no del que habla y su tripulación. En comprobación de lo cual presenta por testigo a D. Juan Ramón Franco, y Ramón del Río , Piloto, y marineros del propio Buque como igualmente a Marcos Bobeda también individua del equipaje quienes bajo juramento que prestaron con la debida separación deponen de unanimidad que es escrito cuanto manifiesta su Capitán y presenciaron lo mismo. Así lo dijeron y previa lectura se volvieron a ratificar confesando ser de edad mayores de veinte y cinco años, y firman menos el Bobeda por decir no saber y a su ruego lo hace un testigo de los presentes que lo son D. Francisco del Río, D.Juan Santa Marina y Ventura Figueira de esta vecindad. De lo cual y conocimiento del Capitán otorgante yo Escribano doy fe. Josef Gabriel de Marcos.


Coa inclusión completa deste protocolo quixera deixar constancia da importancia destes documentos notariais, porque grazas a eles temos coñecemento, aparte as desgrazas producidas polo mar e os elementos, das desgrazas burocráticas sufridas polos capitáns unha vez en terra. Ou do feito de que Padrón tiña naquela época matrícula propia. Boto en falta, sen embargo, o relato dos desgraciados acaecementos sucedidos ao principio da narración.

Outro protocolo pon de manifesto o seguinte:

El 20 de Noviembre de 1855 se presenta una protesta ante el notario de Carril, D.José Gabriel de Marcos, que anteriormente fuera notario en el Caramiñal, por D.José María Guillan , Capitán del Quechemarín “Aurelia”, de la matrícula de ese Puerto que dijo que en 24 de Septiembre último tomó el mando de dicho buque en el Puerto de Sanlúcar por fallecimiento del que antes lo era D.Manuel Cerqueiras vecino que fue de esta Villa , cargado ya por este de trigo, cobre, aceite y otros efectos del país con destino a La Coruña y Ferrol saliendo el día 27 a las cuatro de la mañana con viento favorable y Práctico correspondiente, para su referido destino , que continuó hasta el día 30 que siendo fuertes los vientos contrarios, determinó con acuerdo del equipaje arribar como arribó al puerto de Cádiz por ser punto más seguro y evitar averías, anclando a las diez de la noche del mismo. Permaneció anclado en

su Bahía hasta el 4 de Octubre último que abandonando el temporal se volvió a poner a la vela para continuar su viaje y navegó hasta el 7 en que volviendo a descargarse el temporal ó viento contrario y bajo la misma unanimidad de los tripulantes arribó nuevamente al mismo punto dando fondo a las cuatro y media de la tarde del propio. Mejorando el tiempo y sin reconocerse novedad alguna en el Buque y su aparejo, ni menos en el cargamento salió el 13 del expresado Octubre a las cinco y media de su mañana navegando hasta el 16 en cuyo día y en el siguiente hallándose en la latitud de 36° 37' N, y longitud Oeste del meridiano de Cádiz, 2° 40', arreció de tal suerte el viento por el S.O. que le hizo tomar los rizos a las velas y así se estuvo aguantando hasta las tres y media de la mañana que roló aquél al N.O. a la manera de Huracán que le hizo faltar (*romperse o soltarse*) todos los obenques de lavanda de babor del palo de proa y rifándosele (*rasgársele*) el trinquete. En tal estado dispuso poner, como puso, el Buque a la capa con la mayor y trinquetilla y nota que por efecto de lo (*ilegible*) del temporal y los mares que el Buque se había rendido, e incontinente (*sic*), mandó seguir achicando bomba y observó que hacía bastante agua tal que subía de 10 a 12 pulgadas por cada hora por cuya razón se tenía sumo cuidado con la bomba. A las seis de la mañana de dicho 17 falló una de las cadenas del obenque del palo mayor y el estay. Así estuvo sufriendo este horrendo temporal hasta las nueve de su mañana que dio en abonanzarse en algún tanto e hizo rumbo hacia el cabo de San Vicente con objeto de abrigarse de la mucha mar y reponerse en lo posible de las averías sufridas. En efecto, el día 18 consiguió el abrigo de dicho cabo en el que estuvo aguantándose a la vela hasta el día 20, que a las cinco y media de la mañana, que aunque continuaba el viento contrario se hizo en vuelta de fuera y vino continuando así su viaje con varias alternativas de tiempo hasta el 30 a las nueve de su mañana que estando a la vista de la costa y E/O con el monte de Santa Tecla volvió a ponerse el temporal y achubascando del primer y cuarto cuadrante teniendo aquellos con tal fuerza que hubo que tomar todos los rizos y aún todavía se hizo pedazos la trinquetilla quedando el barco a la capa y como la mar era tan gruesa el agua descubierta ya el 17 se aumentó, y entre los varios y fuertes golpes de mar que los acometían, uno de ellos le rompió toda la obra muerta de la banda de babor, abrió los trancaniles y varias costuras de la cubierta quedando al mismo tiempo sumergido el Buque y sin gobierno. En tan lamentable estado en que por más de una vez se vió totalmente perdido, y animando en cuanto le fue posible a los abatidos tripulantes se pudo izar el foque

y conseguir afortunadamente que el Buque arribase y se pudiese poner a la vía a fin de que desahogase la porción de agua que traía sobre cubierta lo que así tuvo efecto, pero la que tomaba por el rendimiento era tanta que apenas se podía contener saliendo por la bomba algún trigo de cuyas resultas se inutilizó y dejaba de dar agua, teniendo que apelar para no irse a pique achicar con baldes por la santabárbara y buzón (*sic*) de proa, y así fueron continuando con ímprobo trabajo, y teniendo la tripulación rendida y algún imposibilitado incluso el esponente (*sic*) de una pierna, determinó por no ver víctimas, y salvar los intereses en lo que fuese posible, arribar a este puerto, lo que consiguió dando fondo en su bahía a las dos de la mañana del día de hoy, que al amanecer puso bandera pidiendo



Quechemarín "Conchita". Eslora 17'12 m. 60'72 ton.
Armador Salvador Soler Domenech, del Caramiñal.

auxilio, y a las ocho se le dio este, después de haber sido visitado y admitido por sanidad, consistiendo aquél en ocho hombres que no hacen más que sacar agua por todos sitios indicados a evitar el aumento de daños que pueda haber en el cargamento, y todo sin perjuicio de tomar las medidas más conducentes y que requiera el caso...etc.

Firman como testigos el Piloto particular D. Luis Antonio Rodríguez que condujo de transporte de la Matrícula de Villagarcía y los tripulantes Cosme Yglesias, de la misma, Juan Alfonso vecino de Santiago de Tal, matrícula de La Coruña, Joaquín Ramón Pandín natural de Leyro, Distrito de Rianjo y Pedro de Hán, hijo de Andrés, de la matrícula de Vivero.

NOTA: Os protocolos van en castelán para non desvirtuar o escrito neles.



CRÓNICAS GALAICAS "O MATEMÁTICO"

Por: José Taboada García

A min os matemáticos nunca me caeron alá moi ben, pois a maioría dos que coñecín, sempre amosaban esa actitude chulesca, propia dos que saben resolver unhas operacións numéricas que aos demais nos costa. E máis aínda, porque nos exames poñían problemas complicados.

Nunha clase un alumno preguntoulle ao profe para que valían o teorema de Tales, o de Pitágoras, a raíz cúbica,... A resposta foi: - De momento para que eu coma. Logo, apareceu outro coa cuadratura do círculo. Cando o círculo é maior deixalo como está, pois se o cadras xa deixa de ser círculo.

Pedro era un deles, contaba que dera clases na universidade en Chicago. Cando chegaba ao bar, sempre se puña a falar de integrais, derivadas, tanxentes,... Logo xa era coñecido como o "Derivado".

Un día entra no bar e ponse a esbardallar:

- A única cousa exacta que hai no mundo son as matemáticas, dúas e dúas son catro, todo o demais depende, varía.
- Non corras tanto. – Díxolle Lucho o Terco. Pois tamén teñen matices.
- Vamos a ver, segundo ti un e un son dous, niso estaremos de acordo.
- Iso ata o saben os cativos dun ano – Respondeulle con sorna o matemático.
- E se de dous sacas un , segundo tí, queda un, non?
- Aínda o dubidas, meu!!!
- Pois si! Tamén poden ser tres.
- A ti patínanche as neuronas.
- Deixa que cho explique. Teu pai e túa nai son dous e sacáronte a ti e sodes tres.
- E un e un son dous, máis se pos un ao lado do outro, son once, non?
- Dígoche tamén que de todos os que estamos aquí, ninguén é capaz de medir a distancia en liña recta dende o porto de Vigo ao da Habana sobre a superficie do mar.
- Iso está medido e remedido. Búscao en internet.
- Logo non sabes, que ao ser a Terra redonda, se vas alá por mar, vas en curva?
- Ti sempre terqueando. – Respondeulle o matemático.
- Seguro que es capaz de dicir que se che tocan tres millóns de euros na primitiva e a min me das un, quedas con tres.
- Claro! Pois se me tocan tres millóns, a ti non che dou nada.
- Xa que sabes tanto, que é máis 0'50 ou 0'25?
- Pero ti calamidade! Non sabes que 50 céntimos son máis que 25 céntimos?
- Calamidade debe ser logo a miña calculadora! Pois se suma 0'50 con 0'50 dáme 1. E se multiplica 0'50 por 0'50 dáme 0'25. E iso, para os que somos de letras, fáisenos algo raro. – Díxolle o Terco cando se ía.

"O COCHE"

Ramón do Grove tivo que ir a Pontevedra para renovar o carné. Na espera atopouse con Luís, un amigo que facía moito tempo que non o miraba. Comezaron a falar de tempos pasados, logo do presente:

- Como che vai?
- Ben, acabo de divorciarme!
- E ti?
- Eu divorcieime o ano pasado e agora a vivir a solteiría de novo.
- Podíamos ir a próxima ponte a Barcelona e ir ver o Celta que xoga alá. Agora os billetes de avión son baratos.
- Boa idea!
- Encárgate ti, saca os billetes, as entradas e busca un hotel para catro ou cinco días.
- Así foi, colleron un voo. Xa na capital Condal visitaron a Sagrada Familia, as Ramblas o barrio Gótico,... Nestas visitas viron carteis que anunciaban o Salón do Automóbil de Barcelona.
- Que che parece se mañá, antes do partido, imos a ver os coches?
- Boa idea. – Respondeulle Luís.

Entraron cedo no salón e xa cando levaban máis de dúas horas, fixéronse nun Ferrari Testarossa e achegáronse para miralo. O coche estaba impecable, aínda que era de segunda man, o cadro e o motor máis parecían os dun avión. E a azafata, non che digo nada. Luís o pontevedrés, xa miraba máis para ela que para o coche.

- Podíamos intentar mercalo a medias, telo ti un mes e eu outro, e cando pase un ano ou dous, podemos vendelo.
- Ben

- Imos a preguntar o prezo.

Apareceu o vendedor e comezou a explicarlles como era o coche, a historia da marca,..., e ata lles dixo que fora dun xogador de fútbol moi famoso. Logo informoulles do prezo. Cando o tiñan xa case mercado, Ramón preguntoulle ao vendedor se se podía sentar nel. A resposta foi si, ao mesmo tempo que lle abriu a porta. Dentro non botou nin dous minutos.

- Amigo, esta sociedade non pode ir arriba.

- Logo, non te fias de min. – Dixo Luís con cara de preocupado.

- De ti si, máis do coche non.

- E logo?

- É que pasa de cero a cen, e así, como ando eu polo Grove se está a cincuenta?

- E quéixaste! Peor o teño eu, pois, en Pontevedra está todo a trinta e para ir a esa velocidade haberá que ir co freo de man sempre posto.

- Tes razón, que quede aí.

“A LOTERÍA”

Cesáreo é un traballador da construción de Lugo, casado e pai dun fillo, ao que a crise do ladrillo o mandou ao paro. Cando só lle faltaba un mes para cobrar as prestacións, a súa muller quedou sen traballo tamén. Isto comezou a preocuparlle moito aos dous. Un día sóalle e teléfono e, ao outro lado, estaba o seu antigo xefe que o chamaba para que volvese a traballar con el.

Púxoo fixo e, encima, ofertoulle un soldo xeitoso, o que provocou que a aquela casa volvese a ledicia. Ao acabar o mes, cunhas cantas horas extras que fixera, foi ao bar e invitou aos colegas a uns viños. Logo pasou pola administración de lotería e fixo unha primitiva de dez euros, gardouna e esqueceuse dela. Aos quince días abriu a carteira e atopouse co boleto. Foi á administración a ver se lle tocara algo. Deulla ao loteiro, e despois de metela na máquina díxolle:

- Espera aí un pouco. Ti es albanel, non?

- Si

Cando marcharon todos, o loteiro pechou a porta e díxolle:

- Tes unha de seis.

Ao mesmo tempo que lle daba o boleto máis un papel con moitos ceros, que era o premio.

- Non cho dixen antes porque ninguén ten que saber que che tocou.

- Fixeches moi ben

- Eu de ti, gardaría no banco.

- Tes razón, moitas grazas.

E así o fixo. Na casa non contou nada e seguiu facendo vida normal.

Un día a muller chamouno ao traballo para ver se o podía recoller á porta do supermercado, pois fixera a compra do mes e tiña moito que levar. El díxolle que a esperaba ás oito e media.

A esa hora chegou. Ela xa o estaba agardando, máis non viña no coche medio desfeito que tiña, senón nun Mercedes novo, dos caros. Aparcou xunto dela, mentres ela, sen decatarse, miraba para outro lado.

- Maruxa, queres que te leve ou non? – Díxolle cun sorriso.

- E, ese coche! De quen é?

- Sube, e mete a compra, logo che conto.

Camiño da casa contoulle a historia. Tamén lle dixo que era mellor non falar moito do acontecido. Ela asentiu.

Logo, pasados uns días, díxolle:

- Maruxa, para a semana que ven é Semana Santa e, como o rapaz non ten colexio, podíamos ir os tres á Coruña para que vexa algo de mundo e así tamén descansamos algo nós.

- Boa idea, imos preparalo xa.

Chegado o día e xa na Coruña, parou nun sitio de carga e descarga.

- Esperade aquí que vou comprar o xornal.

Atravesou a rúa e dirixiuse ao quiosco que se atopaba case enfronte. Despois de saír con dous xornais, achegóuselle un garda municipal con cara de poucos amigos e díxolle:

- Pódese saber por que vostede non cruzou a rúa polo paso de peóns?

- Porque son oficial de primeira sarxento. – Díxolle con sorna.

O municipal, cun sorriso nos beizos, respondeulle:

- Esta vez salvoulle a retranca, máis non tentes á sorte!

Á noite foron os tres a cear e logo tomaron uns cafés nunha terraza. Camiño do hotel, a vexiga pedíalle botar líquidos e púxose a mexar ao pé dunha árbore do xardín. Ao acabar mira para atrás e alí estaba de novo o mesmo municipal.

- Vostede non sabe que está prohibido mexar en sitios públicos. E..., non me veñas a dicir que es oficial de primeira.

- Non, estaba a reciclar o mexo, pois eu son membro dunha asociación ecoloxista e, e noso presidente, que é biólogo, díxonos que estas árbores necesitan urea, e o meu mexo ten cantidade.

- Vaite e non me fagas rir máis!

- Ata logo CAPITÁN, espetoulle.

ÁLVARO DE LAS CASAS. BREVE PERCORRIDO VITAL (1901-1950)

Por: Uxío-Breogán Diéguez Cequiel
Profesor da Universidade da Coruña

A figura de Álvaro de las Casas foi tan relevante no seu tempo, como controvertida. As diversas etapas que abriu na súa vida dan conta do que indico e a respecto do que a seguir escribo, como síntese da abordaxe que realicei amplamente á súa figura noutrora¹.

Os primeiros anos

Álvaro María Casas Blanco, fillo do avogado e notario eclesiástico José Casas González e de Antonia Blanco Nieto, naceu en Ourense. Nomeadamente por volta do 2 de xullo de 1901 no número vinte da Praza Maior daquela vila. Os seus primeiros anos de vida pasaraos co pai e a nai nesta súa cidade natal.

Desde crianza, De las Casas veríase impregnado dun forte catolicismo, presente fundamentalmente a través do seu pai (quen, parello á súa función de notario eclesiástico, poría en marcha en 1903 o Boletín del Círculo Católico de Obreros) e do seu tío, Juan Bautista (cóengo de Ourense e Gobernador Eclesiástico, para alén de Vicario Xeral de Cuba entre 1887 e 1896).

De familia acomodada, como se pode intuír, incorporárase Álvaro De las Casas no 1910 ao Instituto de Ourense, tal e como tempo máis tarde un irmán seu, Augusto María, cinco anos máis novo e que andando o tempo sería poeta recoñecido (así como censor de prensa) en Ourense.



Na imprenta Nós, de esquerda a dereita, Tenreiro, Del Riego, Xohán Brañas, A. Casal e De las Casas. Por Luís Seoane.

Un e outro irmán demostrarían dotes para a escrita no seu tempo de escola e comezarían de mozotes a redixir os seus primeiros poemas. A figura de Antón Lousada Diéguez sería para ambos de grande relevo, xunto ao ourensán Ramón Otero Pedrayo.

Lousada Diéguez chegara á cidade das burgas no outono de 1914, onde ocuparía no Instituto provincial a cátedra de Psicoloxía, Lóxica, Ética e Rudimentos do Dereito; sendo

fundamental diante da articulación do que máis tarde se daría en chamar 'Xeración Nós'. Da que participarían, para alén del e de Pedrayo, Vicente Risco, Marcelo Macías, Arturo Noguerol e F. López Cuevillas, xunto a outros escritores que defendían o idioma e cultura propia da Galiza, así como o recoñecemento legal do feito diferencial galego (participando das Irmandades da Fala, pouco despois da súa fundación no ano 1916). Este grupo de intelectuais serviríalle aos irmáns De las Casas para maduraren intelectualmente, medrando neles un sentimento galeguista.

Tempos de universidade e proxección social

Unha vez rematada, con matrícula de honor, a etapa de bacharel, Álvaro de las Casas encamiñárase cara a Valladolid no 1917, onde se matricularía na sección de Historia da recién creada Facultade de Filosofía e Letras daquela cidade. Aínda lonxe do país acompañábano as lembranzas da súa cidade natal e a ideoloxía do profesor Lousada, e achegados, que deixarían unha forte pegada no rapaz para o resto da súa vida.

Parello á súa vida académica, é nestes anos cando desde Valladolid Álvaro de las Casas enceta a súa actividade literaria e xornalística, que o levará a asinar en diversas publicacións galegas e españolas. Cando no 1920 remata a súa licenciatura, este mozo ourensán tiña unha proxección social nada desdeñábel. Un tempo aquel no que aproveitara para afondar no catolicismo do que fora impregnado polo seu ámbito familiar. Non en van faría parte da 'Asociación de Estudiantes Católicos de España' (AECE) e da súa directiva naquela mesma altura.

Unha vez rematados os seus estudos en Valladolid, e de impartir aulas como profesor auxiliar durante dous cursos, decide marchar a Madrid para se doutorar cara a finais de 1922. Seguirá a prodigarse en medios de comunicación varios, iniciando unha serie de conferencias que lle reportarán fama de grande orador, malia a súa mocidade.

Activismo político. Do españolismo monárquico ao galeguismo republicano.

O feito de marchar vivir ao epicentro da política española marcaría na vida de Álvaro de las Casas un claro punto de cesura. As súas dotes como conferenciante e escritor, os contactos que tiña entre destacados cadros do catolicis-

¹Vid. Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán (2003), Álvaro de las Casas. Biografía, obra e documentos, Vigo, Galaxia.

HOMENAXE A ÁLVARO DAS CASAS

mo -moi ben posicionados, económica e politicamente-, así como un don de xentes testado, daría lugar a situarse no escenario político nunha posición de relevo, mantendo íntima ligazón coa aristocracia española. De feito, en maio de 1923 a monarquía española nomeará profesor a De las Casas do sobriño de Alfonso XIII, o infante José Eugenio de Baviera y Borbón, a quen lle dará aulas -xunto aos tamén infantes por gracia real Fernando e María Teresa de Baviera e Borbón-. Ao que debemos sumar que entre 1924 e 1925 De las Casas ocuparía a responsabilidade de secretario político do alcalde de Madrid, Fernando Suárez de Tangil y de Angulo, titulado conde de Vallellano. Tempo no que estaría ben inserido na elite madrileña e española, quer no círculo máis cercano á Casa Real española, quer no círculo máis cercano ao xeneral Miguel Primo de Rivera, que encabezaría unha ditadura de corte reaccionario en España entre 1923 e 1929.

Ora ben, no final da década dos anos vinte, Álvaro de las Casas alónxase da Casa Real e da ditadura primorriverista. Ambas realidades estaban ameazadas polo republicanismo que estaba a gañar presenza entre a maioría social; que daría lugar á queda destas, finalmente, nos inicios de 1931. De tal modo que o Álvaro de las Casas que impulsara no 1925 en Madrid a colección editorial Biblioteca de Estudos Gallegos avanza, politicamente, cara a postulados nacionalistas.

Nacionalismo galego.


Logo dunha etapa en Estremadura, como docente que viña de gañar praza naquel final da década dos vinte, asentárase na Galiza o noso protagonista. Concretamente en Noia, desde onde De las Casas protagonizará unha dinámica frenética.

Recén chegado a esta vila, impulsa no 1930 unha 'Irmandade Galeguista', cando as Irmandades da Fala (IF) estaban diante da súa recta final e logo de ter participado no famoso 'Xantar da Barxa' (en Vigo, o Día de Galiza). No 1931 promove 'Ezquerda Galeguista', onde non só se revela galeguista e republicano, senón tamén firme defensor da esquerda política.

E no final daquel ano de 1931 participaría De las Casas na VII Asemblea das IF, na que se disolven estas para dar lugar á constitución do Partido Galeguista (PG). Desde o seu nacemento, Álvaro de las Casas fará parte do consello executivo do novo partido nacionalista. Centrándose particularmente no activismo político orientado cara á mocidade. O que daría como resultante a creación dos 'agrupamentos xuvenís' Ultreya, no mes de febreiro de 1932. Os primeiros formantes de Ultreya serían estudantes de Álvaro de las Casas en Noia; resultando célebres as súas xeiras (excursións polo mar ou polo monte...).

Dado que o PG tentou converter Ultreya nas súas mocidades, e Álvaro de las Casas opúxose, o creador destes agrupamentos marcharía do partido de Castelao e Bóveda, dando lugar a diversas tentativas fallidas no ámbito políti-

co (como a creación da organización Vanguarda Nazionalista Galega...). Ora ben, neste tempo, novamente, o Álvaro de las Casas que seguiría a brillar é o literato, conferenciante e investigador. Dando lugar a unha notábel produción, que non abordo nestas páxinas por ser obxecto doutro artigo nesta revista.



De esquerda a dereita Claudio Losada, Paz-Andrade, De las Casas e Filgueira Valverde. Detrás a bandeira dos Ultreya.

Cambio de ciclo e final dunha vida intensa.

Cando na Galiza se desenvolve o final da campaña a favor do Estatuto de Autonomía (xuño de 1936) Álvaro de las Casas estaba nunha viaxe pola Alemaña nazi, coa que fica engaiolado. Ao seu regreso á Galiza áchase cun contexto prebélico, inmediatamente previo ao golpe militar do 18 de xullo de 1936. Escapa deste, marchando a Portugal (onde nos anos vinte fixera importantes contactos, algúns deles salazaristas confesos). En terras portuguesas participaría de encontros anticomunistas, saudando aos militares golpistas en España. De Portugal marcharía De las Casas a América do Sul. Viviría en Brasil, onde sería docente da Universidade de Niteroi, entre 1937 e 1939, así como en Chile e Arxentina. Neste último país asentárase no 1939, ano no que crearía en Bos Aires a editorial Emecé. Viviría en Arxentina, con breves paréntese, até a súa morte nos inicios do ano 1950. Moraría os últimos anos da súa vida en Paraná (logo de ter sido docente en Rosario e Santa Fe), ocupando a Dirección Xeral de Cultura da provincia de Entre Ríos, ao fronte da que impulsaría a revista Tellus.



ÁLVARO DE LAS CASAS REVISITA ONS COS ULTREYA

Por: Xerardo Desairas

Nos seus relatorios, Álvaro M^a Casas Blanco, que asinaba os seus traballos como Álvaro de las Casas, confirma nalgún deles ter estado xa en Ons en ocasións anteriores á aqueles intensos dez días que pasaría logo na illa. Esta estadía discorrería entre o 13 e o 23 de xuño de 1932 e durante a mesma realizaría prospeccións arqueolóxicas e unha importante recolleita etnográfica que, anos despois, plasmaría na coñecida monografía publicada na revista Nós¹. Asemade, polas súas notas podemos intuír un grande interese por estudar máis en profundidade a illa, afán que se debeu incrementar cando a primeira xeira do movemento xuvenil Ultreya ao visitaren a ría de Pontevedra. Nesta ocasión, aínda que o obxectivo era coñecer os traballos que realizaba a Misión Biolóxica en Salcedo, profesores e alumnos achegáranse a Pontevedra, Poio, Marín e Bueu desde cuxas perspectivas é difícil subtraerse á visión inspiradora de Ons, na bocana da ría.

Xa que logo, temos que Álvaro de las Casas retornaría a Ons, apenas unhas semanas despois da súa frutífera estadía de xuño e faino esta vez na segunda xeira dos Ultreya que vai transcorrer totalmente por mar, nun periplo de 15 días que comezaría o día primeiro de xullo en Noia e remataría un día antes do previsto, en Vigo. Pola escasa marxe de tempo, unha semana, entre a súa estadía en Ons ata finais de xuño e o inicio desta

expedición por mar a comezos de xullo, temos que concluír que a idea e preparación do periplo, xurdidas dunha conversa en Santiago con Xurxo Lorenzo e mais Xosé Martínez López nunha noite de marzo, tivo que ser nos primeiros días deste mes.




Os Ultreya no barco.

Rumbo a Ons


A expedición dos Ultreya, na súa undécima etapa, parte de Marín e, arredor da unha da tarde do día 11 de xullo, arriban a Bueu achicando auga do balandro. Mais non ía ser este o único contratempo desta etapa pois ao atracaren foron multados polo contramestre de Mariña por enarboraren a bandeira galega nun dos mastros do barco e o profesor Isidro Parga Pondal tivo que abandonar a expedición por enfermidade. A pesar do frío recibimento inicial, as conservas agasalladas por Massó, a visita á fábrica coa charla impartida polo artista vigués Federico Ribas, un partido de fútbol, a cea de *cinco grandes, monumentais, saborosas empanadas de sardiñas* e o baile no Casino na súa honra, conseguirían endereitar a aciaga xornada.

Despois de pasar a noite case en vela no barco por mor da axitación atemporalada do mar, xa dubidan en que nese día puidesen alcanzar Ons. Mais a decisión dos mozos de continuar, movidos polo afán de aventura, vaise imponer ante as dúbidas do patrón, mariñeiros e profesores. Pasadas as nove da mañá do día 12, parten rumbo a Ons con forte vento de proa polo que deciden



Motovelero Joaquín Pérez de Muros.

HOMENAXE A ÁLVARO DAS CASAS




Os Ultreya saudando dende o barco.

valerse do motor auxiliar pois levan atoado tamén o balandro de Riobó que conducía o correo á illa. Álvaro de las Casas durante a travesía, xa ía matinando nas dificultades do atraque na illa pola precariedade do peirao e o mal estado do mar, reflectindo no seu Diario² os seus temores: *Saben todos os entendidos en cousas da mar que a Ons non se pode chegar todos días...* Mais, coa maior seguridade do motor, o balandro, pailebote ou motoveleiro *Joaquín Pérez* de 16 metros de eslora, manexado con pericia e mans firmes polo patrón *Pedro Rama Piñeiro*, o motorista *José Lois Louro* e o mariñeiro *Juan Mayo*, consegue arribar a Ons sen novidade. E do mesmo, botarían pé a terra os promotores da viaxe *Álvaro de las Casas*, *Xurxo Lorenzo* e *Xosé Martínez López*, ademais do profesor *Isidro Parga Pondal* e os vinte mozos *Ultreya*, procedentes de *Noia*, *Vigo*, *Lugo*, *Pontevedra*, *Ourense*, *Santiago* e *Vilagarcía*.

O desembarco na illa debeu facerse con certa dificultade pero unha vez en terra van aproveitar a curta estancia para visitaren algúns xacementos arqueolóxicos, recolleren rochas ou faceren pesquisas folclóricas: nomenclatura das dornas, refráns, cantares populares, debuxos de vivendas e trebellos de labranza e de pesca... De las Casas no seu Diario reflecte a distribución de tarefas: *Casado*, axudante de *Parga Pondal* vaise con algúns rapaces a recolleren mostras de rochas; *Ramón Martínez López* vaise con outros a enfiar interrogatorios folclóricos; *Xurxo Lorenzo* bótase a recoller restos

arqueolóxicos. *Ás dúas coincidimos todos no faro: uns traen curiosas mostras de granitos e gneis, algunhas apenas coñecidas en Galicia; outros fachendean cunha completa nomenclatura das dornas, refráns, cantares populares, debuxos de vivendas e trebellos de labranza e de pesca, etc.; Xurxo Lorenzo aparece cargado cunhas grandes tégulas encontradas nun precioso castro, ata hoxe descoñecido, que conseguiu medir, fotografar e debuxar.*

Entanto, *Álvaro de las Casas* aproveita para visitar aos fareiros cos que convivira na súa estadía anterior na illa, reivindicando unha mellora das súas condicións de traballo. Así deixa recollido o tema no seu Diario: *Descansamos no faro. Sinto fonda emoción ao volver pisar esta avanzada na que eu vivín unha semana, das máis felices da miña vida. Os dous torreiros, tanto don Antonio Bruno³ como don José León, estimanme lealmente e eu gardo e gardareilles sempre os meus mellores afectos. Conversamos longamente. Se eses patrioteiros de chin chin, se eses cabaleiriños intoxicados de paternidade universal se decatasen da traxedia destes torreiros! Xa non se trata de que lles aumenten o soldo, a pesar de que non gañan para vivir; é que dáse o caso singular de que a estes beneméritos funcionarios rebaixáronllelo! Nin se trata de que os instalen co luxo que ten a súa oficina calquera chupatintas de barrio, non: trátase de facerlles sentir a nosa humanidade.*



De las Casas con algúns dos mozos en Ons.

HOMENAXE A ÁLVARO DAS CASAS

Que menos que dotar aos faros dun botiquín, unha pequena biblioteca e algúns elementos indispensables para o decoroso exercicio da súa profesión? É que nin isto teñen, dándose o caso de esixirlles, por exemplo, vixiancia da costa, sen darlles nin uns malos prismáticos de teatro; de esixirlles axuda en caso de naufraxio e non proporcionarlles nin un par de salvavidas, nin un lanzacabos, nin unha modesta gamela coa que acudir nun caso de perigo. E logo, gran Ministerio de Mariña, pomposa dirección de navegación, setenta organismos asesores, medio millón de consellos técnicos, cen millóns de consellos protectores... Abofé que este é un país de opereta.



Vivendas en Ons fotografadas por De las Casas en 1932

E no mesmo, tamén fai crítica das condicións de vida dos restantes habitantes: *Ons, que debera titularse a "illa das vergonzas", non mereceu do Estado nin un posto de carabineiros, que é o que o Estado adoita conceder máis doadamente. Os trescentos sesenta habitantes da illa non teñen nin médico, nin farmacia, nin crego, nada, absolutamente nada. Por non ter non teñen un humilde refuxio, nin un pobre atracadeiro, nin unha boia á que poder amarrar un barco en caso de perigo. Nada, absolutamente nada. Para maior ignominia, abonda saber que os dous heróicos torreiros que viven no faro, incomunicados durante todo o inverno, non dispoñen nin dun elementalísimo botiquín. Aquí ao que enferma non lle quedan outros recordos que irse a Bueu ou a Sanxenxo, se o tempo o permite e se non, agardar a morte pacientemente, que para iso os señoritos de Madrid non se privan de nada.*


Ata as cinco da tarde en que porían rumbo a Cangas e non ás Cies por causa do temporal, os visitantes gozarían dalgúns dos poucos praceres da illa como segue contando De las Casas: *Baixamos*

ao almacén onde o meu gran amigo Didio Riobó ofrécenos non sei cantas toneladas de polbo, saborosamente condimentado. Na miña vida vin, nin comín, máis polbo. Dámonos o gran banquete e imos dormir beatíficos a sesta á sombra das dornas, no Curro.

Non cabe dúbida de que a culminación deste periplo marítimo de quince días, visto desde a perspectiva actual, constituíu unha aventura pedagóxica excepcional, arriscada e fermosa, única na historia de Galicia e da que non é doado atopar parangón noutras latitudes.

Xurxo Lorenzo Fernández

Este mozo que era irmán do que sería logo prestixioso etnógrafo Xaquín Lorenzo, falecería prematuramente dous anos despois, en abril do 1934, cando contaba con só vinte e catro anos. Precisamente, con motivo do seu pasamento, a revista *Nós* sacaría á luz aos diarios arqueolóxicos⁴ que fora elaborando nas diferentes visitas aos portos e lugares da xeira marítima dos Ultraya. E, a pesar de que moitos dos mozos integrantes da expedición reflectiron as súas experiencias nos seus diarios, só coñecemos polo de Xurxo a localización castrexa do Castelo dos Mouros e mais a do Coto da Cova do Lobo. Requiriu tamén noticias de mámoas e visitou a Illa do Crego co seu sepulcro antropeide xa rexistrado por De las Casas na súa anterior estada. Neste sentido, a achega de Xurxo, que herdara do seu pai a man para o debuxo, foron os gravados referentes á planta dun dos castros, aos restos dunha das antigas baterías e ao sepulcro antropeide que logo utilizaría Álvaro de las Casas ao publicar máis tarde a monografía sobre Ons.



Debuxos de Xurxo Lorenzo.



Membros da Agrupación Galeguista Xuvenil con De las Casas.

Ultreya!: Adiante!

Esta organización xuvenil nacería en febreiro de 1932, inspirada polo catedrático ourensán Álvaro de las Casas cando exercía o profesorado no instituto de Noia e tería como obxectivos básicos que os mozos de entre 12 e 20 anos acadasen un mellor coñecemento da cultura, economía, natureza... de Galicia, enriquecéndose persoalmente con cursiños, conferencias, creacións, publicacións... estimulando a mellora física persoal por medio de exercicios e paseos ou excursións culturais. É dicir, que adquirisen conciencia do propio país, que coñecesen Galicia, a súa cultura e a súa lingua e que se espallasen por todas partes os valores característicos da nacionalidade. O propio Álvaro de las Casas resumía así os seus obxectivos: *“Cómpre que os nosos rapaces vexan, doitamente dirixidos, escolas, fábricas, minas, talleres, bancos, clínicas, museos, laboratorios, hospitais, sociedades obreiras, etc.; o día de mañá se son chamados ao goberno, se teñen de sentir por riba de si a responsabilidade dunha dirección, estarán documentados persoalmente e saberán das nosas angueiras, das nosas preocupacións e das nosas necesidades”*.

Aínda que sempre se declararía apartidaria, existía unha forte ligazón con membros do Seminario de Estudos Galegos e co Partido Galeguista a través de membros e colaboradores como Francisco Fernández del

Riego, Xurxo Lourenzo Fernández, Filgueira Valverde, Rodríguez Tenreiro, Raimundo Aguiar, Iglesias Vilarelle... Durante as xeirás e o periplo marítimo tamén serían recibidos por autoridades locais e provinciais e numerosos políticos e intelectuais, entre eles Castelao, Arturo Noguerol, Núñez Bua, Antonio Fraguas, Casto Sampedro, Ángel del Castillo... Entre os mozos anotados figuraban Fuco López, os irmáns Martínez López e os Granell, Manuel Beiras, Manuel Encisa, Torres Caplane, Ramón de Valenzuela...

O nome, Ultreya foi tomado do Códice Calixtinus, do “canto de ultreia” cuxa verba se entende co significado de “máis alá!” ou “adiante!”. Como símbolo escollerían un triskele vermello que lucían na camisola branca e na bandeira galega. Pola súa semellanza coa svástica nazi xeraría certa polémica que terían que atallar, aclarando que: *“é un triskele que non ten cheiro como algún quixo supór, da svástica hitleriana: é a eispresión do home correndo tal coal aparece nas nosas insculturas da prehistoria... Quer dicir dinamismo, marcha, avance, procura do noso ideal de máis alá. Un triskele que por outra parez recoller os tres temas fundamentais de noso orgulo de cidadáns galegos: fogar, raza e língoa”*.

Despois da creación dos grupos iniciais de Noia, Pontevedra, Compostela, Vigo, Ourense, Tui, Redondela, A Estrada, Padrón e Lugo, a medra de afiliados a Ultreya foi espectacular e un mes despois da súa constitución excedía os 800 inscritos procedentes de toda Galicia. Un ano despois xa alcanzaría os 1.400 afiliados, cantidade que continuaría medrando ata que empezan a coller pulo as Mocidades Galeguistas. Moitos destes mozos ultreias colaborarían activamente nos cambios estruturais de Galicia e algúns liderarían a transformación da realidade social circundante sempre co compromiso da defensa da súa terra e da liberdade humana por diante da militancia política ou partidista.

1 A illa de Ons. Revista Nós. Nº 131-132. Ourense 1934.

2 Orixinal na Biblioteca da Deputación de Ourense e publicado en El Pueblo Gallego entre o 7 e o 30 de xullo de 1932.

3 Na casa deste fareiro foi onde residiu unha semana durante a súa estada de xuño de 1934. Por referencias do mesmo Álvaro sabemos que falecería uns anos despois.

4 Notas do meu diario arqueolóxico. Revista Nós Nº 124-125. Ourense 1934.

ÁLVARO DAS CASAS "ILLA DE ONS"

Por: Anxo López Vergara & Celestino Pardellas de Blas

Aínda que non son eu a persoa máis adecuada para realizar este pequeno artigo sobre o traballo de Álvaro das Casas publicado na revista Nós con título "A Illa de Ons", vou a levalo a cabo, contando coa axuda de Tino Pardellas, ao non atopar o coordinador un investigador que o puidera realizar dun xeito máis científico.

Xa temos lido dabondo nesta revista que, pola suma de todas as súas características, Ons é a Illa máis interesante de todo o litoral da península Ibérica. Así o reflicte tamén das Casas: "*Con todo é dos recantos máis atraintes e de maior fondo intrínseco do noso país, e si co-esta papeleta esperto anceios do seu estudo xeolóxico, histórico e xeográfico completos, penso que xa teño conquistado dabondo*".

Esta magnífica afirmación de das Casas tivo só un seguidor ata finais do século XX, Salustiano Portela Pazos, que no ano 1954 realizou o importantísimo traballo "*Apuntes para la Historia de la Isla de Ons*"¹ que supuxo un magnífico índice para o estudo da historia de Ons. Traballo que foi consultado e nomeado ao pé da letra polos poucos interesados que, ao longo dos anos e ata o 2009, escribiron sobre a historia desta Illa.



Ana Alonso co seu home Fernando Liste (1974). Fernando, anos máis tarde ocuparía a praza de fareiro en Ons.

Podemos atrevernos a asegurar que ata a aparición da revista AUNIOS (1998-1999) non atoparemos ningún estudo que fale da importantísima etnografía e antropoloxía de Ons, a excepción das referencias ao traballo de Álvaro das Casas e aos estudos da periodista Ana Liste quen, a principios dos anos 70 s.XX, fixo unha boa recompilación de datos sobre esta temática así como unha boa reportaxe fotográfica, aínda que pouco saíu divulgado agás pequenas pinceladas no seu libro "*Galicia: Brujería, Superstición y Mística*"² (1981); e ao publicado no mesmo ano por Fernando Alonso Romero sobre "*Los Orígenes del Mito de la Santa Compañía en las Islas Ons y Sálvora*"³. De aí e ata 1998 só atoparemos algúns artigos periodísticos de C. Pardellas con temática etnográfica.

É polo que, o traballo de Álvaro das Casas sobre Ons, foi e é a aportación máis importante, vivida e investigada en primeira persoa na propia Illa, sobre o que hoxe dan en chamar Patrimonio Inmaterial.

A ILLA DE ONS. Revista NOS

Álvaro das Casas, por diferentes motivos, pasou pequenas estadias en Ons, sendo no ano 1932 cando, invitado polo fareiro Antón Bruno, pasa dez días na Illa entre o 13 e o 23 de xuño.

Por mor da súa ideoloxía e o seu carácter investigador, dedica eses días a coñecer esa comunidade agrícola-mariñeira que polo seu illamento vive nun estado bastante precario. Non lle vai ser difícil entroncarse na comunidade tendo ao seu lado ao torreiro, persoa que coa súa preparación presta unha importante axuda aos daquela veciños, tanto dende o punto de vista educativo, como sanitario e de servizos.

Vai pasar eses días de casa en casa, na taberna cando chegan os mariñeiros, polas fincas, percorrendo todos os recunchos da illa,..., realizando moitas anotacións. Chegando tamén a facer unha boa amizade co considerado dono de Ons, Didio Riobó, que favorecerá anos despois a visita do grupo dos Ultreya. Estas notas van quedar reflectidas, supoñemos que dun xeito resumido, dous anos despois co publicado na revista Nos⁴.

O seu traballo comeza falando da falla de BIBLIOGRAFÍA que hai sobre Ons, destacando entre ela algúns artigos periodísticos de Xohan Carballeira publicados no xornal Pueblo Gallego. Logo fai unha pequena descrición XEOGRÁFICA da súa posición con respecto ao continente e dos diferentes barrios que a compoñen. Chama a atención

¹Salustiano Portela Pazos. "Apuntes para la historia de la isla de Ons". Cuadernos de Estudios Gallegos IX. Fascículo XXVII. 1954.

²Ana Liste. "Galicia: Brujería, Superstición y Mística". Penthalon Ediciones.1981

³Fernando Alonso Romero. "<Los Orígenes del Mito de la Santa Compañía en las Islas Ons y Sálvora>". Cuadernos de Estudios Galegos. Nº 22.1981

⁴Álvaro das Casas. "<A Illa de Ons>". Revista Nós. Nº132. 1934.

HOMENAXE A ÁLVARO DAS CASAS

cando di: “*A metade N da illa e probe, pouco habitada e tristeira; a do Sul rica, fermosa, máis habitada e leda*”. Curioso é a cantidade de poboación existente nesa época, tendo en conta a precariedade coa que vivían, conta: “*Moran na illa 59 veciños facendo un total de 418 habitantes que se xuntan en 64 casas*”. Cando fala de <veciños> debe referirse a familias, sendo impresionante a cantidade de poboación que vivía nese ano nun espazo tan reducido e cuns medios de vida moi precarios.

Segue neste apartado falando e describindo os barrios, as praias, as plantas existentes, os campos de cultivo e os ferrados que se traballan,... Sorprendente a cantidade de gando existente nesa época: “*Entre todo-los veciños xuntan 130 cabezas de gando vacún e duas centas cincoenta e tantas de cerda; non se olla nen por casualidade gando de lá...*” Remata este apartado falando da abundancia e variedade dos peixes existentes nas súas augas.

Deseguido toca a HISTORIA, da que di: “*Non sei ren da historia da Illa*”, aínda que nomea a Laxe do Crego, os restos dunha fortificación *acastelada* que conta cunha lenda de pasadizo ata o continente e remata falando das dificultades que tivo o Marqués de Valladares e de como foi salvado por un veciño, cando se presentou en Ons como dono a botalos fóra.

No apartado HABITAZÓN describe como son as casas illeiras e a súa distribución interior: “*... os ricos labouran uns cincoenta ferrados e ocupan un casal, os máis probes,..., laboran 15 a 20 ferrados e ocupan unha caseta...*” Comenta a súa distribución e a súa feitura exterior: “*... feitas de cachotes e madeira de piñeiro*”. Explica como as cociñas son escurisimas pero todas teñen lareira, forno e muíño de man. Despois da cociña está o dormitorio: “*onde se arranxan todos durmindo xuntos...*” Ao longo do seu resumido relato faremonos unha idea de como eran as vivendas illeiras deses anos.

Pasa logo a falarnos da XENTE e comeza facendo unha relación de varios dos alcumes dos illeiros, pois alí todos os varóns o teñen, sen embargo: “*... a muller non o ten endexamais*”. Anecdótico e o que di dos nenos: “*... non cantan nen xogan: son tristesiros de seu...*” Logo pasa a facer un repaso ás diferentes etapas da vida comentándonos que a xuventude ía de mozas: “*...xoves, sábados e domingos...*” Di que os noivados eran breves: “*... calados e castos...*” Casan os homes despois de rematar o servizo militar e as mulleres entre os 15 e os 22 anos. Ao igual que os nenos, fala dos homes como: “*tristesiros, pechos en si, receosos e desconfiados*”. Conta que as mulleres traballan durante todo o día a terra e os homes no mar, pasando a explicar que a maior riqueza é o polbo describindo as diferentes artes para a súa captura, dando datos



Típica lareira con forno de casa illeira nos anos 50 do S.XX.

sobre as cantidades pescadas: “*Por ano os pescadores de Ons pillan uns 80.000 quilos de polvo, nun día teñen collido ata 1500 quilos...*” O polbo véndenllo exclusivamente a Riobó, dono da Illa, e detalla as diferentes formas de medida para a venda. Remata este apartado comentando que son moi pacíficos, como se chaman cando se enfadan entre eles e os diferentes xeitos que teñen de predicir o tempo.

De seguido veñen tres temas aos que dedica boa parte do seu traballo, o que indica a importancia que tiñan entre os habitantes de Ons. As SUPERSTIZÓNS das que comeza dicindo: “*Dou por certo que este é un dos recantos galegos onde máis supertizóns perviven*”. Importantísima afirmación xa que, se unha persoa coñecedora da cultura galega coma el, di que Ons era un dos lugares de Galicia máis interesantes nesta parte da etnografía naqueles tempos, dá a razón aos que levan moitos anos pedindo á administración que se busque o xeito de levar a cabo un profundo estudo do patrimonio inmaterial de Ons para que non se perda.

Introdúcenos dentro da medicina popular, moi enraizada na Illa pola falta de médico, mencionando as diferentes formas de curar enfermidades, de como curar o mal de ollo,..., do que había que facer no caso de que algún veciño non pescara cando os demais si o facían: “*... cando entre moitos que pescan un non pilla ren, estre xulga que ten a súa dorna enmeigada i-enton vae de noite á praia a bareala cunha xesta hastra que se cansa*”. Escoitou e anotou como o camposanto pasa a ser un lugar meigo de noite e ninguén se achega a el.

Fala dos diferentes tipos de enfermidades que contraían os veciños, predominando as febres gástricas e a lepra, da que dicían se curaba: “*pasando a man dun agoñizante pol-a fronte do doente*”. Sostén que todos os illeiros ollaron a Santa Compañía, aínda que son receosos a falar dela. Tamén o Trasnó facía as súas trasnadas entre os veciños aos que non deixaba durmir. Cando tiñan algún tipo de problema, acudían, aínda que o facían sen que ninguén os vira, a <botar a peneira>. Relata como o torreiro o levou un día á caseta de Marceliña para que lla botase. Conta: “*... colleu a*

HOMENAXE A ÁLVARO DAS CASAS

peneira, suxetouna no bico dunhas tesoiras abertas, puxo nela un dedal e un pente, ordenoume que imaxinara no que me gostaba saber advertíndome que si a peneira viraba era proba afirmativa, rezou non sei que (non foi posible que m-o dixese) e logo dixo en voz alta: -Peneira, pol-a graza de Deus e da Virxe María virame a cara pra Don Alvaro. E a peneira virou rapidamente”.


Dentro do capítulo dedicado a LENDAS e CONTOS, nárranos a do Mozo e a cobra, a do Buraco do Mouros que está cargado de ouro e a do mariñeiro de Arousa que na mili escoitara a un mouro falar de tesouros e que despois de falar con el, este comentoulle que en Ons había unha fonte chea de caracoliños de ouro. Cando rematou o servizo militar foi á Illa e topou a fonte, facéndose millonario.

Segue o seu relato dedicando unhas letra aos XANTARES falando da compota, das filloas e do bandullo, dando as receitas de cada un deles.

Prosigue coas FESTAS, aquí de novo fala do pouco festeiros que eran os illeiros e que vivían nunha tristura inmensa. Cando cantaban facían con moita melancolía. A festa máis importante daquela era a de Pascua a que describe con detalle. Os sábados e domingos achegábanse ata a taberna onde facían a súa peculiar festa os mozos. Comenta: “... os mozos beben e ofrecen viño ás rapazas que non aceitan, máis na galanteira disputa deixan suxarse de viño pra amosstrar na saída como foron tentadas insistentemente a beber”.

Dá remate das Casas a este magnífico traballo falando do Cancioneiro Popular illeiro, ofrecéndonos unhas 100 estrofas das que di: “*Veleiquí toda-las cantigas que puiden recopilar na miña xeira; percébase axina, na intenzón erótica das unhas, na ilusión a froitos que non se dan na illa das outras, que as máis delas son importadas... Curioso como nestas cantigas abundan os castelanismos feito estrano nun lugar, como a illa, onde se fala o idioma patreo cunha limpeza maravillosa.*” Despois sinala que todas as cantigas son cantadas ao son do pandeiro cun deixo pausado e melancólico.

Así resumido é o magnífico traballo que nos deixou Álvaro das Casas. Non quero deixalo sen escribir as súas últimas letras que son símbolo da importante cultura popular que atopou nesta Illa de Ons: “*Ficades cunha idea de como é a Illa de Ons? Que a podades confirmar desexo e que da confirmación vos fique, de por vida, esta lembranza agarimosa, esta saudade infinda que vai sempre comigo dende que tiven a sorte de mourar uns días na illa máis fermosa e cativamente do mundo*”.



Forno de casa illeira. Dentro típicos xantares como o bandullo. Antes de pechar o forno había que bencilo.

Tino Pardellas conta como o traballo de Álvaro das Casas lle serviu de axuda na recompilación de datos sobre Ons. Durante dous veráns, a finais dos 70 s.XX, Ana Liste periodista e especialista en temas de etnografía, estaba na Illa realizando un traballo de toma de notas e fotografías sobre temática etnográfica, sobre todo, a relacionada coa bruxería. Pardellas acompañouna en numerosas ocasións e puido comprobar a riqueza que nesa temática había na comunidade illán. Cando Ana deixou a Illa e despois de que Tino fixera un curso de antropoloxía co, daquela, Alfredo García Alén (secretario do Museo de Pontevedra), quixo seguir os pasos de Ana, aínda que recoñece que ao principio foi un fracaso, el non tiña a habilidade da súa compañeira para a pescuda.

Un día, nunha das tabernas, organizouse unha regueifa. Quixo copiar as estrofas, pero foille moi difícil debido á velocidade coa que cantaban. Outro día, despois de axudar á familia dun dos participantes na cantarea a carrexar un carro de man ateigado de patacas, convidárono a merendar. Tino aproveitou para preguntarlle se recordaba as estrofas que cantaran na taberna. Como foran, a maioría, inventadas no momento, o illeiro só recordaba algunhas, pero a súa muller e a súa nai, que estaban presentes, si recordaban outras das que se cantaban antes nas festas dos domingos, nas matanzas,... Ese día anotou unha chea delas novas.

Tino acostumaba a proxectar, nalgunhas casas illeiras, diapositivas que sacaba pola illa. Vendo o resultado acadado coas estrofas, para unha das proxeccións, onde había varias familias illeiras presentes, levou o traballo de das Casas e, ao rematar a proxección, comezou a lerlles o traballo. Comenta que era increíble a atención coa que seguían a lectura e como de cada historia lida, os asistentes, sobre todo as mulleres, lle contaban moitas máis sobre o tema lido. De aí a interesante recompilación que ten sobre a etnografía de Ons, grazas ao traballo de das Casas. Iso si, feita con moito traballo e dedicándolle moitas horas e cartos, cando aínda non traballaba.

O FUME DE PALLAS DE ÁLVARO DAS CASAS

Por: Francisco Abeijón Núñez

A primeira noticia que tiven sobre Álvaro das Casas foi, como non podía ser doutro xeito, da man do profesor Xosé Agrelo Hermo. O inesquecible mestre inoculou nun grupo de rapaces de Esteiro o virus do teatro. No seo do colexio Ricardo Tobío co grupo Agrocobo e a principios dos anos oitenta promovendo a formación do grupo de teatro Xestruxo. Palabra que nos evoca a unión de varias unidades para formar un elemento común moito máis forte. A primeira obra de teatro que puxemos en escena foi *Pancho de Rábade* de Álvaro das Casas. A historia daquel afiadador que coñecedor do todo o mundo ansiaba louvar a nosa terra e volver ao calorciño do seu casal para morrer en Malgrebe



O grupo Xestruxo puxo en escena *Pancho de Rábade* de Álvaro das Casas

onde resoaban os ecos dos seus traballos de xeografía e historia sobre moitos temas, destacando os do Barbanza e sobre a illa de Ons, mitificada por nós dende aquela como si se tratara de Ítaca, á que fixemos viaxes nos veráns dos anos oitenta. Tamén sobre as laudas do cemiterio noiés de santa maría a nova, das que publicara un libro adicado aos alumnos do instituto e que se repartía entre nós por fotocopias como si fôsemos os auténticos destinatarios do traballo do profesor.

Profundando máis no antigo director no noso instituto, atopamos máis de medio cento de traballos publicados nos apenas cincuenta anos de vida. Algo impresionante, pero se cadra o dato que máis nos impactaba naquel momento das nosas vidas era a súa inequívoca vinculación coa fundación do Partido Galeguista e con unha conferencia súa de carácter nacionalista pronunciada na Universidade de Santiago que lle supuxera o cese fulminante como director do centro. Foi así como escoitei por primeira vez o termo "arredista" en relación coa ideoloxía política partidaria da independencia de Galicia. Os datos que íamos coñecendo significaban cada vez máis a idealización desta personaxe. Ata o punto de falar co noso director Agrelo para preparar a posta en escena de *Matria*, o poema épico en dous actos pensado por Álvaro das Casas para levantar as consciencias arredistas dos galegos "*...hoxe estamos vencidos, pro mañán venceremos. Romances en cen falas cantarán a victoria da raza. Eu partín cun ensoño de mar —a liberdade infinda— e volto...xa me vedes. Alento, irmáns na Patria! A goleta perdeuse; a nosa esperanza non.*". Cousa que finalmente non fixemos ao decantarnos polo canto a solidariedade de Noite de Lobos ideado polo mestre Agrelo.

Por aquel tempo no que a Xunta de Galicia promovía a volta dos restos de Castelao e se enxalzaba a vida no exilio de moitos persoeiros galeguistas durante a ditadura franquista, a nós resultábanos incomprensible o velo de silencio que envolvía todo o relativo a Álvaro das Casas.

"...o meu lugar si, o meu lugar ha estar como denantes. Hei topar o meu casal como o deixei. O pombal do maorazgo ha de ter máis pombas pro ten de ser o mesmo pombal, todo calado de branco enriba do outeiro..."
Para aquel grupo de rapaces adolescentes esta bonita historia de amor á Terra resultou impactante e dela fixemos representacións por todo o país durante tres ou catro anos.

Así foi como eu tiven a primeira noticia de Álvaro das Casas. Todo o grupo de estudantes recibimos con certa sorpresa a nova de que aquel autor que estábamos poñendo en escena en tempos fora director do noso instituto. E que no instituto Virxe do Mar e en toda a vila de Noia aquel ourensán de nacemento deixara unha profunda pegada ata constituírse nun auténtico referente noiés de adopción a pesar de vivir en Noia soamente durante seis anos, no período que vai de 1930 a 1936.

Por onde levásemos a nosa curiosidade adolescente, alí atopabamos a pegada de Álvaro das Casas. E non só dentro do instituto,



Homenaxe a Álvaro das Casas en Noia en pleno franquismo

HOMENAXE A ÁLVARO DAS CASAS

Indagando entre os numerosos vellos alumnos do instituto noiés descubrimos moita admiración pola figura do anhelado profesor e moi poucos datos fóra da súa estancia durante os seis anos (1930-1936) que estivo en Noia. Que unha vez iniciado o golpe militar fuxiu a Portugal e que foi dende alí desde onde se trasladou a América onde parece ser que se alonxou do feito no seu pasado para rematar enxalzando o réxime franquista e volver moribundo en 1950 ao seu Cartelle natal. Boa posición social que por outra banda era practicamente un denominador común nos antigos alumnos cos que mantivemos contacto. Anciáns que estiveran ben situados no seo do réxime franquista, ben sexa na falanxe, en acción católica, e mesmo como políticos e funcionarios relevantes dos seus pobos. Ao cabo, no remate do noso traballo descubrimos moitas arestas e claroscuros neste persoeiro moderno, singular e practicamente descoñecido salvo polo traballo do profesor Uxío Breogán Diéguez Cequiel.

Nós daquela estábamos marabillados polas iniciativas que íamos descubrindo de Álvaro das Casas, como a idea de ir repartindo libros polas feiras para adoutrinar aos labregos "...labrego: sinto orgullo da túa caste; ser galego é sere do país máis fermoso do mundo e da raza mais honrada e traballadora da terra. Sintete satisfeito da túa sorte; un bó labrego val mais que o mellor dos letrados. Da terra sae todo. Nas túas mans está a venturanza do mundo. No teu país fala sempre a túa língoa; o que non-a entenda que adeprenda: tamén ti cando saes pol-o mundo tés de adeprender outras falas. En galego enténdeste mellor, sabes sempre o que dis e ninguén pode engañarte..."; ou ás viaxes dos agrupamentos Ultreya, auténticos boys scouts galeguistas. E os seus estudos de xeografía do país servían de guías para as nosas viaxes e excursións pola serra do Barbanza e as illas atlánticas. Especialmente lembrado por min sería o cruceiro por Ons e Cíes organizado pola unión da mocidade galega alá polo verán de 1986. Pero para a historia de Galicia quedaría outra viaxe tamén por Ons e con remate en Vigo. Foi no verán de 1932 a primeira vez, polo menos que estea documentada, no que a bandeira galega ondeaba en solitario presidindo un barco galego. Serían dúas ducias de rapaces "ultreyas" dirixidos por Álvaro das Casas os que gozaron a bordo do pailebote Joaquín Pérez de Muros aquel 15 de xullo de 1932 coa bandeira azul e branca na popa. E sería o muradán de Esteiro, Xosé Caamaño Esteiro, o primeiro patrón que tivo esta honra para os galegos.

A vida de Álvaro das Casas foi curta, faleceu con corenta e nove anos, pero moi intensa. Foi autor de máis de medio cento de libros e promotor de moitos proxectos tanto en Europa como en América durante o seu exilio. Esta intensa actividade, mesmo económica, recordemos por exemplo que na Arxentina foi fundador dun gran proxecto empresarial

xunto con un membro da oligarquía daquel país. Este proxecto foi a editorial EMECÉ -siglas de Menéndez e Casas-. Unha editorial que segue a ser das principais hoxe en día, e na que nos anos corenta se puideron publicar libros en galego. Estes importantes contactos e as publicacións en distintos puntos da xeografía americana leváronnos a pensar durante un tempo que Álvaro das Casas podería formar parte dunha masonería potente e disposta a axudarlle. Este asunto sería desmentido por especialista como Antonio Carro, Alberto Valín ou o propio Isaac Díaz Pardo cos que cursei escritos en 1992.

Se cadra sería o propio Alexandre Bóveda a persoa que mellor resumiría dende unha óptica dunha visión de conxunto as actividades que desenrolaría Álvaro das Casas cando cualificou como fume de pallas a súa deriva política ao abandonar o Partido Galeguista do que era fundador. Xa que despois de proclamarse abertamente independentista e de crear unha Vangarda Nazionalista Galega era quen de publicar textos en castelán no seu boletín chamado Máis Alá !

31. Von P. Abrijón Nunez
(1910?)

Penosamente curiosa! tem a mis 10 etc.
O único que todavía vive de los 100 años,
Antonio - (o da lictoria el Sol, de mis dias
Orjas de antiapas) me abasme de decir que
Alvaro de las Casas, no se pertenecia a
ella e que non ten ningunha parte en
ella, el apellido es otro. Como que
a casa e así. Tamén o bu de decoracion.

Arturo Cuadrado Mendiz - manuscrito 2º Seculo 2º
manzana 7 - Casa ? -
1778 - Ciudad Santa - Prof. Buenos Aires

Manda con Sr. Pardo, a punto de ser
m. m. Isaac Díaz Pardo

Carta sobre a posible pertenza de Álvaro das Casas á masonería.

O CURRO E CORRUBEDO, DOUS EXEMPLOS TOPONÍMICOS QUE NOS FALAN DO PASADO GANDEIRO DE TRES COMUNIDADES COSTEIRAS


Por: Fernando Cabeza Quiles

Pensamos que *O Curro*, nome de lugar das illas de Ons e Sálvora, e *Corrubedo*, lugar e parroquia costeira do concello coruñés de Ribeira, poden ser tres exemplos toponímicos demostrativos de que a aparición das primeiras comunidades piscatorias nas illas do litoral e nas zonas costeiras máis próximas ao mar aberto é un fenómeno serodio, que se sobrepuxo a un pasado fundacional, hoxe esquecido, fundamentalmente agrícola e gandeiro. Concordamos, a este respecto, con F. Calo Lourido, cando, no número 18 desta revista escribe que: “Para un profano a preocupación exclusiva dun illán [e, engadimos nós, dun habitante das zonas costeiras afastadas do abeiro das rías] tiña que ser necesariamente a pesca, cando en realidade ao que se dedicaron inicialmente foi á agricultura e ao pastoreo [...] Nun bo documental sobre unha das illas do Exeo, decíase que sempre estivo habitada por pastores [...] Os [antigos] habitantes [illáns e, engadimos nós, costeiros dos mares de fóra] son máis agricultores que mariños, menos pescadores que pastores [...] Cando se fala dos mariñeiros de dorna de Ons, estase a falar dun fenómeno moi recente [abofé], non anterior á instalación na illa dun almacén de salga na época do Marqués de Valadares e, a partires de aí, xa no século XX, baixo a posesión de Riobó e o seu monopolio do polbo. Outro tanto poderíamos dicir das Cíes, onde, malia tentativas no século XVIII, houbo tamén que agardar ata o XIX para que se instalasen os almacéns de salga e os seus moradores deixasen de vivir exclusivamente do campo. Antes eran labregos e pastores, non sendo o mar máis ca un cativo complemento alimenticio (Calo Lourido, 2013: 61-62).

Esta afirmación de Calo sobre a modernidade das comunidades piscatorias instaladas en Ons e Cíes, que cremos extensible aos lugares costeiros máis expostos aos rigores do mar aberto, concorda coas noticias que sobre Ons nos dá Cornide no século XVIII, quen destaca a existencia na illa dun pastoreo que non necesitaba a presenza dun pegureiro permanente

ao condado do gando: “Tiene [Ons] muchas fuentes de agua muy buena [...] Abunda de conejos, y de buenos pastos, y efectivamente llevan para este efecto los ganados de la costa, que se embarcan en Portonovo” (Cornide, 1991: 117), información que se repite *grosso modo* no Real de Legos del Catrasto de Ensenada: “Como terreo [o da illa de Ons] está inculto, e parte do solo produce pasto, de que se aproveitan promiscuamente todos os veciños naturais e forasteiros que queren botar nela os seus gandos mulares e cabalar; deixando de executalo cos lanares e vacúns, polo risco de que os extraian e rouben as embarcacións enemigas que soen ampararse de dita illa para facer auga” (tradución ao galego de A. Sánchez Cidrás en *Aunios*, núm. 22, 2017: 56).

Anos antes, un documento de 1605, recolle unha denuncia contra un ermitán chamado Antonio Díaz, da ermida de San Fins (Pontevedra), por levar a illa de Ons ilegalmente gando a pastar (Sánchez Cidrás, ídem anterior: 55, n. 8), mentres que en 1594 o cura de Leiro (Rianxo), Amaro González, escribe que: “había moitos ladróns corsarios e luteranos [...] mais non fixeron mal aos veciños [está documentado que vivían na illa de maneira máis ou menos permanente para levar o gando a pacer




e cultivar a terra], senón levarlles os seus gandos e bens (Ídem anterior: 56).

Informacións que concordan e se complementan con outras da mesma época, contidas no Archivo General de Indias, Archivo del Marquesado de Mos e no Archivo Histórico Provincial de Pontevedra, segundo as cales, estas non son transcripcións exactas dos documentos: “a cría en liberdade de gando [R. Patiño, o autor que interpreta e comenta estas fontes, refírese á illa de Ons] tanto vacún como equino era importante”, “Así en 1580 o xuíz de Ons acolle unha demanda de Antonio Sarmiento contra Juan Ramos e Antonio Díaz por roubo de gando”, “Naqueles anos as actividades do curso nas illas Atlánticas era grande. Esta é a causante de que o señor de Ons denuncie a Bartolomé Díaz e Juan Díaz [illáns probablemente irmáns] por participar axudando á tripulación dun navío corsario francés a saquear a aldea e roubar gando”. “Nos albores do século XVII o xuíz de Ons abre dilixencias xudiciais contra Pedro de Dadín, residente na Lanzada, por levar gando equino á illa e cazar nela sen autorización”: “A finais do XVII vólvense a producir varias denuncias contra veciños de Sanxenxo polo aproveitamento da illa de Ons como zona de pastos e coto de caza sen pagar nada aos seus propietarios” e “En datas posteriores repítense feitos como os citados, naufraxios, denuncias por gando [...]” (Patiño Gómez, 2016: 41-42).

Noticias documentais que cadran coa existencia do topónimo da illa de Ons, *O Curro*, que sinala a antiga presenza no lugar, nun ambiente gandeiro previo á explotación dos recursos pesqueiros, dun curro ou espazo descuberto e cerrado onde se puido xuntar gando procedente do continente, logo ceibado pola illa adiante para que pastase e agrupado de novo no curro antes de ser reembarcado cara a costa próxima, nunha especie de pastoreo transhumante, segundo a dispoñibilidade dos pastos illáns e continentais. O tal curro, do que hoxe non quedan rastros materiais, puido estar a carón do actual núcleo poboado do *Curro* nunha zona despexada situada enriba das chamadas *As Pedras do Curro*. Rochas litorais que pechan polo norte o pequeno porto natural da Praia das Dornas, o xerme do porto actual.

Podería configurarse así unha posible secuencia diacrónica, que empezando polas actividades agro-gandeiras desenvolvidas no curro, remataría nas que terían como base o porto moderno, pasando, como estadio intermedio, polas actividades pesqueiras relacionadas

coa Praia das Dornas, o primeiro porto marítimo da illa, que amosaría aos illáns os camiños do mar, despois de explotaren os recursos terrestres, sen por iso negar a existencia durante un tempo dunha comunidade de “labregos-mariñeiros”, que procurase no mar uns ingresos cos que complementar os rendementos das súas actividades agrícolas e gandeiras.



Todo o anterior obviando a primitiva ocupación castrexa da illa, que non debeu ter continuidade no tempo.

As actividades terrestres relacionadas co aproveitamento do monte e dos pasteiros en Ons tamén parece referirse o topónimo *Alto do Cerrado*, que puido ter sido antes **Alto do Monte do Cerrado*, en posible alusión a outro antigo curro, ou, mellor, a unha superficie máis grande cerrada cos fins gandeiros e de produción de toxo ou/e pasto, sen esquecermonos do -hoxe infelizmente desaparecido-cerrado do Estruga, que estivo xunto ao Burato do Inferno, estudado por F. Alonso Romero e C. Pardellas de Blas no número 22 desta revista. Construcións que parecen referirse ao pasado gandeiro da illa de Ons, que se poderían completar con outra superficie valada -non sabemos se seguirá en pé- que documentou no ano 1974 Alonso Romero, cando escribiu que: “O campo de cultivo da altiplanicie de Xastra esta cerrado polos restos dun antigo muro que alcanza unha altura dun metro aproximadamente e case dous de ancho. Pode tratarse quizais dun cercado para o gando, ou, dun sistema defensivo... (Alonso Romero, 2015: 67).

Cerrado do Estruga (1976). Vista terrestre.



Na illa de Sálvora a carón do faro existe, como en Ons, outro lugar chamado *O Curro*, alias *O Curro das Cabras*, que sinala outro lugar para reunir gando, idea que se fai efectiva á vista do testamento do dono da illa no ano 1751, onde lemos: “Y asimismo hize el muelle, curro y pozos de agua en la Ysla de Sálvora para los ganados el año pasado de quarenta y ocho con el curro que también mandé fabricar para el embarco de ellos [dos ganados] a la orilla del mar en el mi coto y jurisdicción de Carreira que la frentea” (Vázquez Lijó, 2012: 158); noticia documental que fala, como tamén puido suceder en Ons, dun curro como lugar de concentración dun gando itinerante que era desembarcado na illa e reembarcado de novo rumbo ao continente, segundo o estado dos pasteiros nun ou noutro lugar, o que tamén concorda cunha afirmación de Cornide, segundo a cal: “Llevar [á illa de Sálvora] desde Carreira a pastar los ganados en lanchas [...] El dueño de ella [da illa] es don Jorge Caamaño, señor del coto de Goyanes, a quien se paga para que los ganados entren a pastar” (Cornide, 1991: 103).


Probas escritas que, en combinación coa existencia do topónimo *O Curro* en Sálvora e mais Ons, mostran estas dúas illas como lugares de pasto, as cales, ao estaren virxes grazas ao seu

illamento, serían aproveitadas polo verán para este fin, cando a herba escasease no territorio continental próximo por mor dun pastoreo excesivo.

En canto a *Corrubedo*, lugar e parroquia do concello de Ribeira, é un nome de lugar que pode sinalar o pasado labrego e gandeiro, antes que mariñeiro, neste caso dunha localidade costeira de mar aberto, xa que este topónimo pode ser un abundancial en *-edo* máis un *b* non etimolóxico ou adventicio da palabra *curro*, a partir dun posible **Curroedo*, ou ter sido, cremos que é a mellor posibilidade, un antigo **CURROVETERO*, que daría un intermedio **CURROVEDRO*, ‘curto vello’, forma que, ao desaparecer o

seu último *r*, por unha disimilación eliminatoria, algo moi frecuente entre vibrantes (erres) na evolución do latín ao galego (como na palabra latina *ARATRU*>arado, non aradro), e por unha metátese recíproca *uo/ou* e betacismo, daría sen problema ningún o actual *Corrubedo*, cuxa forma máis etimolóxica sería, xa que logo, *Currovedo*, topónimo que, ao significar curro vello ou *vedro*, nos fala dun posible pasado gandeiro e agrícola, antes que piscatorio, para esta localidade costeira, onde aínda se poden ver a carón do

Vista aérea do curro mellor conservado dos situados no cabo Corrubedo, a data de 17 de xuño de 2017 (foto tomada de Google Earth).



Vista terrestre do curro anterior, a data de 25 de outubro de 2017.



faro os restos de varios curros de gran tamaño, nos que se puido desenvolver algún tipo de gandería ou agricultura de subsistencia, antes de que os primitivos corrubedáns se atrevesen a explotar os recursos pesqueiros que lle ofrecía o seu entorno marítimo, tal como sucedeu con relación aos curros de Sálvora (este con noticias documentais moi precisas ao respecto) e Ons, e talvez cos cerrados desta segunda illa, incluído o cerrado do Estruga.

Malia o anterior, no caso de Corrubedo, tamén cabería a posibilidade que algunhas parcelas valadas con pedras, non precisamente curros, tivesen a finalidade de protexer os cultivos do forte vento que sopra adoito neste extremo costeiro da península do Barbanza, circunstancia á que se refire o topónimo *As Agras*, zona situada detrás do cemiterio de Corrubedo, antano completamente cultivada e hoxe a monte, mentres que os curros propiamente ditos, situados preto do faro e a carón do mar, puideron acoller algún tipo de gando ou servir, cremos que é a mellor posibilidade, para sementar toxo e protexelo dos ventos salobres do océano, planta que, logo de servir de cama para o gando, se convertía en esterco, práctica agrícola levada a cabo antano en Corrubedo, segundo nos comentou unha amable comunicante de oitenta e dous anos de idade.

Addenda: despois de rematado este artigo, dando a nosa opinión sobre o posible significado do topónimo *Corrubedo*, igual a 'curro vello ou *vedro*', fixemos unha pormenorizada revisión da bibliografía existente sobre a toponimia de Galicia e Portugal e atopamos con satisfacción que o profesor alemán J. M. Piel, ao referirse ao topónimo lugués *Currovedo*, que dabamos como a

forma etimolóxica, segundo a nosa proposta, de *Corrubedo*, escribe: "Currovedo Lu dürfte der zweite Bestandtel *vedro*, 'alt', mit dissimiliertem *r*, sein" (Piel, 1966: 204), ou, o que é o mesmo: "Currovedo (Lugo), probablemente o segundo compoñente [refírese a *vedro*, antes di que o primeira parte do topónimo *Currovedo* contén a palabra *curro*] sexa *vedro*, 'vello', con disimilación de *r*"; explicación coa que damos por definitivo o significado de *Corrubedo*, e da súa variante lugués máis etimolóxica *Currovedo*, de 'curro vello ou *vedro*', o que certifica a antiga presenza na localidade costeira de Corrubedo dun curro xa considerado vello na época do latín falado en Galicia, se pensamos que o de *Corrubedo*/*Currovedo*, antes da disimilación-desaparición do

seu segundo *r*, **Currovedro*, é un topónimo que leva na súa segunda parte o adxectivo do latín vulgar *vedro/a*, 'vello', tamén presente, entre outros, no topónimo *Pontevedra*, neste caso 'ponte vella ou *vedra*'.

BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO ROMERO, F e PARDELLAS DE BLAS, C. (2017): "Un antigo cercado da illa de Ons", en *Aunios*, núm. 22, Asociación Cultural Pineiróns, O Grove.
- ALONSO ROMERO, F. (2015): "Unha visita á illa de Ons no mes de agosto de 1974", en *Aunios*, núm. 20, Asociación Cultural Pineiróns, O Grove.
- CABEZA QUILES, F. (2008): *Toponimia de Galicia*, Editorial Galaxia, Vigo.
- CALO LOURIDO, F. (2013): "O estraño das illas é que haxa pescadores", en *Aunios*, num. 18, Asociación Cultural Pineiróns, O Grove.
- CORNIDE, J. (1991): *Descripción circunstanciada de la costa de Galicia, y raya por donde confina con el inmediato reino de Portugal hecha en el año de 1764*, edición i estudio por X. L. Axeitos, Edicións do Castro.
- PATIÑO GÓMEZ, R. (2016): "Pinceladas da historia de Ons no XVI e XVII", en *Aunios*, núm. 21, Asociación Cultural Pineiróns, O Grove.
- PIEL, J. (1966): "Über Tiernamen in der hispanischen, insbesondere portugiesischen Toponomastik II", in *Portugiesische Forschungen der Görres-Gesellschaft, Aufsätze*, vol. 6.
- SÁNCHEZ CIDRÁS, A. (2017): "A igrexa vella da illa de Ons", en *Aunios*, núm. 22, Asociación Cultural Pineiróns, O Grove.
- VÁZQUEZ LIJÓ, J. (2012): *Luces sobre a casa de Goiáns no Antigo Réxime*, Concello de Boiro.
- VV. AA. *Toponimia mariñeira do mar de Bueu. O Buraco do Inferno*, Confraría de Pescadores de San Martiño de Bueu.



NOTAS SOBRE O ASOCIACIONISMO NO MUNDO MARINEIRO

Por: Francisco Calo Lourido

En publicacións feitas estes últimos anos sobre o mundo do mar, talvez interpretando como práctica intrínseca o que non son máis que tentativas ou ensaios illados –emanados ás veces da propia comunidade ou, con maior frecuencia, inducidos por foráneos recentemente chegados aos coñecementos teóricos haliéuticos- deuse en falar dunha predisposición natural dos mariñeiros ao asociacionismo, o que non pode estar máis afastado da idiosincrasia do home de mar e, conseguintemente, da realidade dos feitos. Os que nos criamos e aprendemos a andar entre cestas de badeixos e mallamos nas redes con cheiro ao maruxo sabemos que, precisamente, unha característica esencial do mariñeiro é o individualismo.

Publiquei hai 20 anos un traballo que titulei “Individualismo fronte aos nosos, afirmación local contra os alleos e defensa do territorio” (Calo, 1978). Aportei nel abondosas citas alleas e de mares distantes para sustentar esta realidade na que eu mesmo principiei a dar os primeiros pasos. Neste eido, o meu moi posterior coñecemento etic non fai máis que reforzar



Porto de Cudillero. Asturias.

o emic, do que sempre sentín un case fachendoso orgullo. Velaí un par daquelas citas sobre dous portos de mar situados en dous extremos da Península Ibérica. Sobre o da Fuzeta, no Algarve portugués, lemos: “Num condicionalismo desta natureza, onde a subsistencia se joga diariamente, um certo grau de incerteza surge como uma característica estrutural do modo de vida dos pescadores. Face a ela, uma resposta común parece ser o aumento de intensidade dos procesos de competición pelos recursos, verificándose uma tendência para os individuos confiarem e contarem, antes de mais, consigo próprios e agirem, primacialmente, segundo modelos de orientación individualista”. “No mar não há amigos”, “cada um desenhencia-se como pode” (Oliveira, 1974: 369-377). E sobre o fermoso porto asturiano de Cudillero, lemos: “El pescador debe arreglárselas por su cuenta y riesgo, confiando en su propio ingenio y trabajo para sobrevivir en un entorno de recursos inciertos y limitados. Los hombres de la mar se muestran poco solidarios entre sí, atribuyendo su éxito y logro al esfuerzo personal”. “En la mar cada uno para sí”, cada cual que se safe o despesque” (Sánchez, 1992: 111-112).

O verbo safar, así, con seseo tamén en Asturias, é empregado continuamente no mundo do mar, xunto con outras expresións que inciden diacriticamente no individualismo dos falantes: “cada quen ten que busca-la vida”, “cada quen que faga por si”, “cada quen que se safe”... Disque nun barco que estaba indo ao fondo andaba un mariñeiro coñecido, pola súa orixe, como Marín. Un compañeiro, xa agarrado a unhas táboas no medio dos tombos, berráballe coa fala da zona: “Sáfate Marín que eu xa me safín”. O verbo safar

empregado continuamente e para todo. O mariñeiro é individualista e sabe que, para vivir e mesmo para sobrevivir, depende exclusivamente de si mesmo. Entre xentes de mar só son quen de se unir cando se trata de defender o que eles consideran o seu territorio de pesca (no senso xurídico de propiedade), se barcos alleos tentan traballar nel.

Cando Díaz de Rábago (1885: 84-85) tentou introducir o cooperativismo no mar, chegou a empregar como autoridade que dese consistencia aos seus argumentos uns versículos do *Eclesiastés* IV, 9-12 que, en rigor, poden servir para calquera situación: “Mellor son dous ca un: sacarán bo proveito do traballo conxunto; se un cae, o outro érgueo, mais malia o só, que, se cae, non ten quen o erga. Se dormen dous xuntos, ambos se quentan, mais un só como poderá quentarse? Se agriden a un, dous resistenlle. E a corda de tres fíos non é doada de romper”. Emprega tamén o *Libro de Xob*, 40, 30, xogando con versións que, discutiblemente, mencionan “socios” ou “gremio de pescadores” ao tratar do Leviatán ou crocodilo. Todo isto

é tan xeral que serve para calquera cousa e momento, polo que carece de valor específico se pretendemos empregalo para defender o asociacionismo entre pescadores. Volveremos sobre este autor.

Cando Karl Marx trata dos procesos de traballo *complexos*, ilustra, na versión en castelán, feita a partires da 2ª edición alemá (na versión que teño en alemán, feita sobre a 4ª edición, só aparece a cita bibliográfica sen o texto), ilustra, digo, cunha nota de Destutt de Tracy: *Traité de la volonté et de ses effects*. París, 1826, pp. 78, que di: “En la ejecución de un trabajo complejo se plantea la necesidad de realizar simultaneamente diversas operaciones. El uno hace una cosa mientras el otro hace otra, y todos contribuyen a un resultado que un hombre solo no habría podido alcanzar. El uno rema mientras el otro lleva el timón, para que un tercero eche la red o lance el arpón, y de este modo la pesca consigue resultados que sin esa cooperación (concour) serían imposibles” (Marx, 2008: p. 264, nota 9). Aquí faise referencia clara á acción de pescar, pero o único que di é que cada quen cumpre o seu papel dentro do barco. Cousa moi diferente é o cooperativismo, no senso dunha asociación de mariñeiros constituída para a defensa dos seus intereses como grupo diferenciado dos demais. Para principiar a detectar isto, temos que agardar a Baixa Idade Media, cando aparecen as confrarías de pescadores.

Alá polos séculos XIII-XIV espállanse as confrarías por todo o Cantábrico peninsular e o Atlántico galego. A orixe semella estar na costa oeste de Francia, concretamente na zona de La Rochelle e, para algúns autores, baixo influencia dos chamados Rôles d’Oléron, coñecidos en Castela co nome de Fuero de Layron (colección de sentencias ditadas polos tribunais marítimos desa costa). Estas confrarías tiñan, nos seus inicios, unha primordial vertente relixiosa, poñíanse baixo a advocación dun santo patrón e regulamentaban os actos de culto nunha igrexa ou capela específica. A outra vertente era a organización da vida profesional, ditando normas e ordenanzas pesqueiras, marcando vedas, prohibindo aparellos, delimitando as pautas de comercialización, etc. (Cfr. Erkoreka, 2003: 43-60). Tamén se formaron na costa portuguesa, pero cunhas funcións máis restritivas que as nosas, xa que, dada a importancia que tiñan alí os poderes municipais, quedaban reducidas, practicamente, á vertente relixiosa.

Aos poderes públicos nunca lles gustou (e segue sen gustarlles) que as xentes se asociasen. Xa no s. XIII, Afonso X -na súa “postura” XXXVIII, chamada “Que se desaten las confradrias”, do “Código dado por D. Alfonso X en el año 1252 a la Tierra de Santiago”- di: “Orossi mando que non fagan confradrias, nin iuras malas nin ningunos malos ayuntamientos, que sean a danno de la terra et a mengua de mio sennorio, sinon para dar a comer a pobres, o pora luminaria, o para soterrar muertos, o para confuerços (refrescos)... Et que non aya y otros alcaldes nengunos pora judgar en las confradrias, sinon los que fueron postos por mi en las villas o por el fuero...” (López, 1895: 359). Non quere o rei exporse a perder nada do seu poder, polo que só consente a existencia das confrarías se non teñen máis finalidade que a relixiosa e asistencial. De todas formas, este asociacionismo continúa, como vemos no caso da confraría do Corpo Santo de Pontevedra con xurisdición en tres rías, desde os Tranqueiros de Aguiño ata as Estelas de Baiona. Pasado o tempo, esta, como as restantes confrarías doutros portos, iranse transformando en gremios de mar. No número 3 (ano 2001) desta mesma revista *Aunios* publiquéi un artigo sobre a creación dos gremios de mar do Grove, en 1771, e de Portonovo, en 1772. Deixaba alí constancia de que o de Sanxenxo aínda tería que agardar ata o 12 de xaneiro de 1806.

Volvendo ao s. XVIII, vemos que, en 1775, se instaurou un Montepío proposto polo ilustrado e anticatalanista D. Josef Cornide Saavedra, para mitigar a fame que estaba a pasar o mundo do mar galego. No número 17 (2012) desta revista *Aunios* escribí un artigo sobre a fame no mar do Grove e a adhesión do gremio de mar da vila a este montepío en 1777.

Dornas no peirao de O Grove. Medios anos 50 s.XX



Os gobernos liberais do s. XIX eliminaron os gremios, concretamente en 1864, o que non quere dicir que desaparecesen todos. O de Mareantes de Pontevedra, así como o de Mar do Porto do Son continuaron a existir e mesmo a reformar os seus estatutos. Os máis recentes do Porto do Son eran de 1853, substituíndo aos de 1774, e aínda se farán uns novos o 30 de maio de 1901. No século XIX espalláronse as ideas socialistas (Marx e Engels publican o *Manifesto Comunista* en 1848) e anarquistas da man de Bakunin ou Kropotkin coa súa fermosa obra *A Conquista do Pan*. Os obreiros inician o asociacionismo en toda a Europa occidental. A Igrexa, preocupada por perder o poder e a dirección das masas, leva ao papa León XIII a promulgar a encíclica *Rerum Novarum* (1891). Nesta liña, Joaquín Díaz de Rábago e Alfredo Brañas introducen no mar galego o catolicismo social, fundando a “Asociación Cambadesa de Marineros” ou a “Sociedad Marítima del Berbés de Socorros Mutuos”. Tratábase dun asociacionismo confesional e mixto, e dicir, pequenos armadores e mariñeiros xuntos, e a finalidade era pechar as portas ao sindicalismo de clase.

Co cambio de século, entran en Galicia as *traineras* vascas cuns aparellos do cerco chamados traíñas, así como o vapor e o arrastre co barco en marcha (bous e parellas). Vai ser agora, con trinta anos de retraso con respecto aos oficios de terra, cando por todos os portos se espallan as sociedades mariñeiras de clase, que, nun primeiro momento, estarán xunguidas aos intereses dun aparello, por exemplo o xeito que loitará contra a traíña. A tardanza en penetrar o sindicalismo vén derivada das peculiaridades do traballo do home de mar. O máis frecuente era, e é, que armador-patrón e tripulación traballasen xuntos, levasen os mesmos golpes de mar, naufragasen e, no peor dos casos, morresen xuntos. Entón non ten senso organizarse para protestar e reclamar, a quen? Outra cousa é cando traballen nos barcos alleos e se decaten de que os armadores e donos das fábricas de conserva os están explotando. Neste caso, a situación e o comportamento xa será semellante ao dos traballadores de terra.

Alfredo Saralegui crea, a nivel estatal, en 1915, os pósitos de pescadores. A súa finalidade era a supresión dos intermediarios e a adquisición da propiedade colectiva dos medios de produción. Non se preocupaban exclusivamente dos asuntos do mar, senón que mesmo organizaban en cada porto unha escola para fillos de mariñeiros, tiñan biblioteca e ata conseguían bolsas de estudo. O primeiro pósito organizado en Galicia foi o de Cambados, en 1917. Entrementes o sindicalismo de clase cobra cada vez máis forza, chegando, en 1919, a paralizar dous meses a flota de Vigo. A Ditadura de Primo de Rivera tentou eliminar esta caste de asociacións, pero continuaron, malia as penas de prisión, como a sufrida por José Villaverde, secretario da anarquista “Federación Regional Marítima”. O sindicalismo de clase comezou no mundo do mar maioritariamente dentro da órbita da UXT, virando agora ao anarquismo, á CNT. Ao mesmo tempo, a oposición da patronal está sempre presente, formándose en distintos portos, como Bouzas ou Cangas, entre armadores, autoridades e Igrexa, o “Sindicato Católico de Marineros”.

Xa na República, en Vigo, o “Sindicato da Industria Pesquera” da CNT prohibiu descargar peixe aos barcos doutros portos, se os tripulantes non estaban afiliados á CNT. O boicot deu resultado, afiliándose Cambados, que, á súa vez esixe facer o mesmo ás dornas de Carreira, etc (Pereira, 1992: 151-172). Durante a República, a UXT queda practicamente sen afiliación e, cando empeza a Guerra Civil, CNT e pósitos están máis ou menos empatados, constituíndo así o sindicalismo de clase unha grande forza social nas vilas e cidades costeiras galegas, o que explica, en boa medida, a terrible represión sufrida polas xentes de mar.

BIBLIOGRAFÍA

- CALO LOURIDO, Francisco (1978): “Individualismo fronte aos nosos, afirmación local contra os alleos e defensa do territorio” in CALO LOURIDO (coord.): *Antropoloxía Mariñeira. Actas do Simposio Internacional de Antropoloxía In Memoriam Xosé Filgueira Valverde*. Consello da Cultura Galega, Compostela, pp. 29-42.
- ERKOREKA, GERVASIO, Josu Iñaki (2003): “La Cofradía de Mareantes: una institución común a los enclaves costeros del Atlántico peninsular”. In CALO LOURIDO (coord.): *Actas do Simposio de Historia Marítima do séc. XII ao XVI. Pontevedra e o Mar*. Concello de Pontevedra, Pontevedra, 43-60.
- LÓPEZ FERREIRO, Antonio (1895): *Fueros municipales de Santiago y su tierra*. Santiago.
- MARX, Carlos (2008): *El Capital I. Crítica de la Economía Política*. Fondo de Cultura Económica. México.
- OLIVEIRA, Carlos Ramos de (1974): “A abordagem ecológica no estudo de populações de pescadores – um estudo de caso”. In *Memoriam António Jorge Dias*, vol. I. Lisboa, 369-377.
- PEREIRA, Dionisio (1992): “Asociacionismo e conflictividade na Galiza mariñeira (1870-1936)”. In PEREIRA (coord.): *Os conquistadores modernos. Movemento Obreiro na Galicia de Anteguerra*. Edicións A Nosa Terra. Vigo.
- SANCHEZ FERNÁNDEZ, Juan Oliver (1992): *Ecoología y estrategias sociales de los pescadores de Cudillero. Siglo XXI de España Editores, S. A. Madrid*.

O OUTEIRO AGOCHADO

Por: Fernando Cabeza Pereira

Xosé ergueuse aquela mañá cunha sensación desagradable. Mirar a través da ventá do seu repelente hotel e ver aquel ceo gris, babuxando un lixeiro orballo desanimábao.

Aseouse, vestiuse e saíu á rúa na procura dun sitio para almorzar. Xusto enfronte daquel noxento hotel había unha cafetería. Cruzou a rúa e entrou no local. Estaba baleiro, pero o arrecendo a café era fantástico. Tomou asento nunha das mesas e sacou varios papeis de dentro da mochila.

-Que vai ser? -preguntoulle o camareiro despois de achegarse á mesa.

-Café só, por favor -respondeu Xosé.

O camareiro permaneceu de pé a carón da mesa.

-Ocorre algo? -preguntoulle Xosé, ao decatarse que o camareiro aínda permanecía no mesmo lugar.

-Desculpe o meu atrevemento, pero non puiden ollar os seus papeis -respondeu o camareiro.

-Xa vexo. Máis alá da súa curiosidade, hai algo nos papeis que me queira comentar? -dixo Xosé.

-Vexo que ten un mapa do Outeiro Agochado, ten pensado ir alí? -preguntou o camareiro.

-Si, hoxe mesmo debo estar alí. Por que tanta curiosidade? -contestou Xosé.

-É moi raro que os forasteiros vaian a esa aldea. Case tanto como que os poboadores do Outeiro Agochado veñan aquí, a Carballo, e iso que estamos a menos de dez quilómetros -o camareiro falaba con misterio.

-Soa un pouco raro o que di, ademais, polo que vexo, hai un autobús que cobre a ruta de ida e volta unha vez por semana non si?

-Así é, pero non o usa case ninguén. Mesmo ao condutor teñen que traelo cada pouco da Coruña. Non hai home nesta vila que queira facer esa ruta.

-Que é, xente conflictiva? Ladróns? -preguntou Xosé.

-Nada de iso. Todo o contrario. As poucas veces que veñen a Carballo son as persoas máis agradables que te poidas imaxinar. Iso si, sempre e cando non lles preguntes nada sobre O Outeiro Agochado ou sobre as súas vidas. Só veñen cando teñen que comprar algo. Achéganse cun enorme sorriso e falan cunha voz moi agradable. Tamén deixan moi boas propinas.

-É moi raro todo iso que me conta -dixo Xosé contrariado.

-Si, como lle dixen antes, o problema e cando lles preguntas pola súa aldea ou polas súas vidas. Póñense moi nerviosos e mesmo se teñen dado casos de agresión.

-Sabe algunha historia dalgún forasteiro que fose alí? -preguntou Xosé.

-Ninguén vai por alí. O autobús fai a ruta dúas veces por semana e non entra na aldea. A última parada faina a uns cincocentos metros. Os únicos que usan este transporte son os propios veciños do Outeiro Agochado -dixo o camareiro.

-A que vai vostede alí, se non é moito atrevemento preguntarlle? -o camareiro tiña curiosidade.

-Son inspector de policía, veño da Comisaría da Coruña e teño que investigar un asunto no Outeiro Agochado -contestou Xosé.

-Espere. Déixeme adiviñar . Vai investigar o asunto dun afogado que apareceu nunhas rochas que están ao lado do porto? -engadiu o camareiro.

Xosé respondeulle con mala hostia:

-Vostede como sabe iso?

O camareiro deu un par de pasos atrás e, con voz submisiva, contestou:

-Non se enfade, amigo. Non é a primeira vez que sucede. É unha das moitas historias misteriosas que rodean esa aldea deixada da man de Deus. Fala de que con certa frecuencia aparecen corpos de afogados na mesma zona de rochas. Agora mesmo lle sirvo o seu café.

O camareiro abandonou a conversación de maneira súbita e volveu tras da barra. Xosé intentou centrar a súa atención no informe do caso que estaba a investigar, pero non tivo éxito. A súa mente divagaba unha e outra vez arredor do que o camareiro lle viña de contar. Mesmo pensou facer unha chamada á comisaría para pedir información.

-Bah. Sabe Deus o trastornado que está o tipo ese. Ao mellor é todo inventado -díxose a si mesmo.

Apurou o café e abandonou o bar cara á parada do autobús. Chegoulle con cruzar dúas rúas para acadar o seu obxectivo. O autobús esperaba pacientemente fronte a unha marquesiña.

Subiu, pagou o billete e viaxou toda a ruta en silencio. Tras percorrer unha estrada con moitas fochancas, que cruzaba un mesto bosque de carballos, chegou ao seu destino. Tal como lle dixera o camareiro, a última parada estaba a medio quilómetro da aldea. Achegouse e comezou a ter unha visión global do lugar. O Outeiro Agochado estaba nunha zona de difícil acceso, entre Razo e Malpica. A aldea erguíase sobre un outeiro que miraba directamente ao océano Atlántico e que caía cara ao mar formando altos e abruptos acantilados. Cara á dereita intuíase unha pequena e non demasiado inclinada baixada ao mar, onde seguramente estaría o famoso porto que debía visitar. Da parte de terra todo eran montes e bosques. Semellaba unha aldea illada do resto do mundo.

Máis ca unha aldea do século XXI, parecía de principios do XIX. Mesmo o asfalto ía desaparecendo a medida que Xosé se internaba nas rúas, para dar paso a un camiño de terra, agora convertido nunha lameira.

Non había rastro de alma humana por ningures. Non obstante, dende que puxera o pé na aldea, Xosé tiña a sensación de estar sendo observado. Cando chegou á igrexa, a porta principal estaba aberta. Meteu a man dentro da chaqueta e apalpou a culata da pistola.

-Imos alí -pensou.

Cruzou a soleira da porta e unha vez dentro esperou varios segundos a que os seus ollos se acostumasen ao cambio de luz. Comezou a distinguir unha figura humana. Era un home. A silueta daquel individuo era estraña.

-Bo día, padre -dixo Xosé en voz alta.

A macabra figura, vestida de cura, virou lentamente e comezou a avanzar cara ao policía. Aos poucos pasos o presunto párroco pasou por debaixo dunha das febles lámpadas que apenas iluminaban o interior do templo e Xosé puido ver con detalle a súa cara. Tratábase dun vello decrepito que camiñaba dificultosamente coas costas lixeiramente dobradas.

-Bo día, Xosé, estábao a esperar -dixo o cura.

-Como sabe o meu nome? -respondede el, confundido.

-Iso non importa agora. Está aquí para resolver o caso dos afogados, non si? -dixo o cura.

-Veño resolver o caso do afogado. Hai máis de un? -contestou Xosé.

-Sente nun dos bancos. Contareille o que precisa saber -dixo o cura ao chegar onda el.

O policía obedeceu e tomou asento. O cura imitouno.

-Leva pouco na comisaría da Coruña?, non si?, preguntou o párroco.

-Así é. Só tres meses. Como sabe tanto de min? -respondede.

-Verá. O caso dos afogados do Outeiro Agochado non é novo. Pode que os seus xefes non lle dixesen nada para non asustalo, pero cada pouco tempo vén alguén da comisaría investigar por aquí e sempre son homes coma vostede, que levan pouco tempo traballando nesta zona.

O cura tiña un ton de voz agradable, comprensivo.

Pasou algo grave? Hai máis afogados? -Xosé comezaba a estar confundido.

-Esta aldea só ten unha baixada ao mar, os resto de zonas de costa son abruptos acantilados. Esa baixada dá acceso a un pequeno porto e xusto ao seu carón hai unha praia diminuta en formación que se chama O Teirón. Cando baixa a marea, nesa zona queda ao descuberto un grupo de rochas afiadas como coitelos. Foi alí onde apareceu o afogado que vén investigar, pero non é o único. Todas as semanas, o mesmo día e á mesma hora, aparece un afogado no Teirón.

-Está falando en serio? -Xosé virou pálido.

-Totalmente. De cando en vez algunha embarcación pasa preto da costa, divisa un corpo e dá aviso á Comandancia de Mariña da Coruña, como neste caso. Pasa unha vez cada varios anos. Logo, un inspector de policía coma vostede vén aquí e investiga o asunto durante dous ou tres días. Pasado ese tempo decátase de que non é quen de tirar ningunha conclusión e abandona a aldea. É aí cando empezan os pesadelos recorrentes. Eses policías din que soñan todas as noites o mesmo: que son eles os que aparecen afogados no Teirón, mentres as ondas empúrranos contra as rochas.

-Non escoitei ningunha historia sobre eses axentes -Xosé tratábase de convencer el mesmo.

-Claro, porque se lle contasen cousa tal, vostede non viría investigar nada. Eses corpos aparecen nus e sen nada enriba que permita identificalos. Ninguén reclama esas persoas, ninguén sabe quen son. É como se esa xente nunca existise.

-E por que non chaman a policía? -preguntou Xosé.

-Non hai nada que a policía poda facer aquí. Recuperamos un corpo cada semana, realizamos unha santa misa e dámoslle sepultura baixo o ritual cristián nunha finca próxima á aldea.

-Isto é increíble. Non pode ser posible -Xosé comezou a tremer.

-As lendas din que son cousas do Diaño. Que esas rochas son unha porta ao inframundo e que esas persoas son almas en pena condenadas a un dos peores sufrimentos maquinados polo mesmísimo maligno. Son resucitados e afogados unha e outra vez durante o resto da eternidade para pagar polos seus pecados. Vostede non pode facer nada no Outeiro Agochado. Esta comunidade de veciños é un perigo para o resto da civilización. Debe fuxir de aquí canto antes. Aínda está a tempo de evitar eses pesadelos.

-Preciso ver o cadáver do afogado. Teño entendido que teñen un médico na aldea e que é na súa casa onde está a morgue -Xosé fixo de tripas corazón para seguir co seu traballo.

O párroco non contestou e cravou a mirada na porta da igrexa.

-Fágalle caso ao cura -a voz seca e rouca proviña da entrada do edificio.

Xosé sufriu un calafrío xusto antes de xirar a súa cabeza para dirixir a mirada caro ao lugar de onde proviña a voz dun home de mediana idade vestido cunha bata branca. O xesto da súa cara era tético, malévolo.

-Eu son o médico e o alcalde pedáneo desta aldea. Non hai nada que poda ver. Ese cadáver enterrouse o mesmo día que se recuperou do mar. Volva por onde veu agora mesmo.

Xosé ergueuse do banco e, dándolle as costas ao párroco, dixo:

-Enviáronme de comisaría a investigar o caso e iso é precisamente o que vou facer.

O medo atenazábao, pero disimulaba moi ben os seus sentimentos ao falar.

O home entrepechou os ollos con malicia e respondeu:

-Non sabe onde se mete. Como queira. Hoxe é sábado. Se queda na aldea esta noite, xa poderá investigar un novo caso do corpo que aparecerá nas rochas mañá. O párroco acompañarao á pousada onde vai durmir. Parece que o temporal do sudoeste irá a máis a medida que se achegue a noite, así que non é seguro camiñar polas rúas en tales condicións. Non deberá saír ao exterior da pousada ata mañá. Quédalle claro? -o médico dixo a última palabra e abandonou a igrexa.

Domingo

-Toc, toc. -alguén chamou á porta do cuarto da pousada onde obrigarán a Xosé a pasar a noite. O policía abriu a porta. Ao outro lado estaba o alcalde cun diabólico sorriso na cara.

-Hoxe é domingo, como lle dixen, axente, apareceu un novo corpo no Teirón. Veña comigo e poderá velo cos seus propios ollos -o home deu a volta e abandonaron a pousada.

Camiñaron polas desérticas rúas da aldea. En pouco máis de cinco minutos chegaron aos cantís próximos ao porto. Dende alí só había que baixar, aproveitando un fondal, por un camiño de terra ata acadar o dique do porto, ao seu carón estaban as rochas do Teirón. Aos poucos, percorreron o camiño embarrado, mellorando a cada paso a súa perspectiva dos acantilados circundantes. Conforme se ían achegando, Xosé centraba a súa visión nas rochas. Algo flotaba, inerte, movido pola violencia das ondas. A pouco máis de cinco metros, sobre o extremo do dique, un grupo dunhas dez persoas vestidas de rigoroso negro contemplaba a escena. Logo dun par de minutos de camiño, o médico, primeiro, e Xosé, despois, acadaron o xentío. Nun primeiro momento aquelas persoas non repararon na súa presenza, xa que estaban de costas a eles.

-Non hai nada que ver aquí. Xa volo teño dito unha chea de veces. Fóra, fóra, hostia! -berrou o médico.

O tumulto comezou a correr en todas as direccións, ata se disolver por completo. Non había dúbida ningunha, aquel home era a autoridade da aldea. De pronto, unha pequena embarcación de madeira con dous homes a bordo comezou a internarse entre as rochas. Con bastante dificultade acadou o obxecto flotante. Un dos mariñeiros agarrou aquilo coas mans e con grande esforzo logrou subilo a cuberta. Como lle dixera o cura e o alcalde, o cadáver dun home afogado viña de aparecer no momento preciso e no lugar exacto. O corpo estaba branco como a neve e a pel debuxaba manchas irregulares por todas partes, consecuencia do choque contra as rochas.

-Creme agora, señor policía? É mellor que marche, quizais aínda estea a tempo -dixo o médico sen deixar de mirar o afogado.

-Está ben, fareille caso, pero só teño unha derradeira vontade. Quero ver o corpo de preto.

-De acordo, deixareillo ver, pero logo marchará -contestou o médico con ollos homicidas.

-Xosé tragou saliva e contestou:

-Tráiao agora. Tan pronto como o vexa marcharei para non volver.

O médico fixo un xesto coa man dereita aos da barca para que se achegasen. Os mariñeiros obedeceron e acadaron o dique. En menos de dous minutos a rudimentaria autopsia chegou ao seu fin.

-Non hai máis que mirar. Xa teño visto todo o que tiña que ver. Isto é cousa do Diaño. Deixo esta aldea agora mesmo.

O médico cambiou, por fin, o xesto hostil da súa face por un medio sorriso de satisfacción ao ver o policía afastarse do lugar.

El diario de Galicia

Martes, 12 de xaneiro.

A pequena aldea coruñesa do Outeiro Agochado saltou esta mañá aos titulares de medio mundo, despois de descubrirse unha das tramas criminais máis arrepiantes da historia. O recóndito lugar estaba rodeado de lendas misteriosas dende séculos atrás. Segundo eses relatos, nas costas próximas era moi habitual a aparición de corpos de afogados imposibles de identificar. Ata mediados do século XX os corpos asociábanse aos frecuentes naufraxios acaecidos na Costa da Morte, historicamente moi perigosa para a navegación. Ademais, os escasos medios técnicos da época dificultaban moito esclarecer de que embarcacións malogradas procedía cada corpo. Non obstante, contra todo prognóstico, a partir dos anos cincuenta do século pasado os corpos dos afogados foron aparecendo cada vez con máis frecuencia.

Todas as investigacións levadas a cabo ao longo dos anos foron inútiles e mesmo algunhas persoas implicadas nas devanditas investigación refusaron falar sobre a aldea ou negaron a súa participación, agrandando, aínda máis, a lenda. Foi o tenente da policía nacional, Xosé Cea, que desenmascarou o misterio, moi lonxe de bruxas e demos, como se cría nun principio. Os poboadores da aldea estaban capitaneados por un individuo que dicía ser o alcalde, pero que non tiña ningunha representación política legal. Este resultou ser o xefe dunha complexa banda criminal que se dedicaba ao tráfico de órganos humanos dende finais dos anos cincuenta. A trama funcionaba de forma macabra. Varios colaboradores se dedicaban a secuestrar vagabundos ao longo do país para levalos á pequena aldea onde os asasinaban e lles extraían os órganos. Puñan especial atención en que as vítimas fosen homes e mulleres sen familia, para que ninguén reclamase a súa desaparición. Despois, no canto de desfacerse dos corpos, arriscándose a que alguén os atopase, botábanos, todos os domingos pola mañá, nunha zona de rochas próxima ao porto. Amparados pola lenda histórica dos naufraxios ocorridos na Costa da Morte, declaraban que os corpos chegaran alí coa corrente, como levaba pasado dende había centos de anos, inventando historias rocambolescas como que eran almas pecadoras procedentes do mesmo inferno.

Os golpes que recibían os corpos sen vida contra as rochas, debido ao forte mar que azoutaba a zona, ocultaba as cicatrices feitas no momento da extracción dos órganos. Nas poboacións próximas declararon que tiña certa lóxica que os crimes tardasen tanto tempo en descubrirse, xa que os poboadores da aldea encargábanse de causar pánico entre os habitantes das aldeas veciñas, que non se atrevían a achegarse ao Outeiro Agochado. Os órganos eran vendidos de forma ilegal nos mercados emerxentes de Asia e América latina, a onde chegaban por medio de avións privados. A fortuna xerada, cifrada en máis de cincocentos millóns de euros, era ingresada en varios bancos suízos.

O tenente Xosé Cea logrou desmontar a trama logo de colarse no depósito de cadáveres, tras abandonar, durante a noite sen ser visto, a pousada na que fora confinado. Inspeccionou un corpo da morgue que horas máis tarde aparecería frotando no mar. O cadáver tiña unha cicatriz na parte inferior das costas, o que lle permitiu certificar que se trataba do mesmo corpo e de que alguén o tirara ao mar aquela mañá co fin de enganar e amedrentar ao policía para que abandonase a investigación. O comisario finxiu crer a historia polo que logrou saír da aldea sen levantar sospeitas. Logo avisou á comandancia da Coruña, que enviou un equipo de forzas especiais ao Outeiro Agochado.

Aínda que a investigación segue aberta, as autoridades barallan a posibilidade de que a trama criminal asasinase máis de cinco mil persoas ao longo dos cincuenta anos da súa macabra actividade.

PEDIR LIBRO A SU LIBRERO HABITUAL O A LA EDITORIAL CLAN POR INTERNET

libreria@clan.es



“EL MORENO DEL LÉREZ”. Libro de José Curt Martínez. Clan Editorial.

En las páginas del Moreno del Lérez apreciamos una serie de valores que van más allá de la escopeta y de la caña: la descripción de escenarios naturales, una peculiar filosofía de vida y un lenguaje especial, ligado precisamente a los usos y costumbres del campo y de sus gentes. Este libro transcurre en una Galicia secreta, salvaje y remota. Una esquina de España en la que la vida ha sido siempre de una dureza especial y donde la supervivencia ha estado a veces por encima de la ley. El Moreno, pescador y cazador con aptitudes excepcionales, con gran conocimiento del medio y un inusual talento natural, bordea la marginalidad porque la sociedad de su tiempo no le ofreció mejor lugar. Esta condición extrema se refleja en su lenguaje, muchas veces tremendista y procaz, pero también lleno de gracia y de puntería verbal. La suya es un habla sin domesticar, propia de alguien que tuvo que arrancar con las manos desnudas sus presas a la naturaleza, dando lugar a lances de caza y de pesca que a menudo rayan en lo increíble.



O CEMITERIO DE ONS

Por: Arturo Sánchez Cidrás



Ons en 1984. Foto de Afonso Fernández

A rosa dos ventos pola que se guiou a Illa de Ons ao longo da súa historia marca moitos rumbos nos que sobresaen como puntos relevantes no seu horizonte: a Dependencia, a Alternancia, a Supervivencia e o Sacrificio. Dependencia que oscila no rango da supeditación e vinculación tanto do territorio como das persoas; a Alternancia ligada a tempos de ocupación e abandono; a Supervivencia ante unha natureza e acontecementos moitas veces adversos que os seus moradores teñen que afrontar cun cambio da dirección no cuadrante do Sacrificio.

Este vivir na illa tamén significa morrer nela. E isto para os habitantes de Ons nas distintas épocas de asentamento converteuse nun problema que se ía resolvendo segundo a época, a meteoroloxía e as circunstancias sociais do momento, así como as específicas do defunto.

Do poboamento das épocas máis remotas dan constancia os petróglifos¹, O Castrelo dos Mouros, Xacemento romano de Canexol, etc. Pero desde canto máis atrás no tempo menos información temos das formas e lugares de enterramentos. Case sempre xustificada esta falta de información pola ausencia de evidencias como na época que moitos chaman de forma xenérica castrexa, por mor de que a incineración foxe o habitual no tratamento dos cadáveres (Felipe Arias:1984, 19).

A partires da idade media hai indicios que fan pensar aos estudosos de Ons da posibilidade dunha pequena poboación relixiosa cun probable cenobio o que implicaría, de perdurar un tempo razoable, a existencia dun lugar de enterramento dos monxes e/ou ermitáns². Mais ao non documentarse con certeza tales sucesos temos que deixalos no caixón do que “puido ter sucedido”.

Dende a repoboación das Ons do século XIX temos información máis fiable e documentada³ sobre o acontecer coas persoas falecidas. En canto ao lugar utilizado como enterramento o feito de que segundo os costumes culturais e relixiosos da sociedade da illa, e de grande parte da contorna, requiríase dar sepultura en “lugar sagrado”, faríanos pensar que o feito de construír⁴ a igrexa vella, esta sería un espazo arredor do cal poder ser utilizado como cemiterio. Máis non foi así, polo menos nos case 40 anos seguintes.

¹Idade de Bronce (algúns pode que anteriores) e de Ferro, respectivamente (Ballesteros e Sánchez: 2014).

²Hai quen relaciona, entre outras posibilidades, a tumba antropomórfica da Laxe do Crego con este momento da historia de Ons.

³Cos asentamentos nos libros de defuncións das parroquias que datan, os primeiros, de finais do s. XVII e o rexistro do xulgado municipal, no caso de Bueu dende pouco antes de mediados do s.XIX.

⁴Mandouna facer o Marqués de Valadares en representación da súa muller Joaquina Montenegro, propietaria da illa. Iniciouse a construción no 1847 e foi inaugurada o 30 de outubro de 1848.

Nun principio⁵ eran levados aos cemiterios das parroquias orixinais dos falecidos⁶ coas excepcións dos dous que, por culpa do temporal, un foi soterrado no areal de Curro (1857) e outro no lado “norte da capela” (1863). Será a partires dos falecidos en 1887 cando comezaron os enterramentos, de forma habitual, no atrio da capela a pesar de que a profundidade da terra non superaba o medio metro en moitos lugares da súa superficie (Salustiano Portela: 1954, 59).

Curiosamente será este o lugar, á beira da capela, no que a tradición oral sitúa o final do percorrido da Santa Compañía: “onde desaparece baixo terra” (Fernando Alonso: 1996,289).

Así temos a finais dese mesmo ano de 1887 correspondencia cruzada entre o Gobernador Civil e o Arcebispo solicitándolle aquel que crease unha parroquia na illa de Ons xustificándoa pola distancia á costa, pola grande cantidade de veciños, a incomunicación “imposible algunhas veces pola exposición da travesía especialmente no inverno [...] Estes obstáculos invencibles motivaron que repetidas veces tivese que darse sepultura na praia aos que morren naquela localidade, dándose un espectáculo pouco edificante e moralizador, ademais das consecuencias lóxicas de quedar expostos os cadáveres aos perigos do mar e dos animais; a parte da exposición polos habitantes da Illa polas emanacións pútridas que poidan producir, e non é aventurado atribuír a isto unha das causas das febres epidémicas que este verán se desenvolveron alí”.



Capela Vella de Ons. Foto de Afonso Fernández

En todas as épocas os poboadores da illa viron a necesidade dun cemiterio que non fora o mar nin que os desapegara da súa terra. Este desexo foi medrando e fíxose explícito sobre todo a partires do inicio do século XX debido a que unha grande parte da poboación xa non estaba ligada coas parroquias de procedencia dos seus pais e avós, pois naceran e medraran na illa e o seu horizonte era o que se divisaba desde a mesma.

Pero non será ata o ano 1945, no que a Corporación do concello de Bueu, a petición destes veciños, se decida a solicitar un Cemiterio para Ons. Fíxérono por escrito ás autoridades militares propietarias da administración da illa. A partir dese momento comeza un intercambio de

cartas entre administracións distintas que pasan o problema dun lado ao outro pero sen resolvelo ningunha nuns cantos anos.

O 3 de agosto dese ano de 1945 no concello recíbese unha carta do Xefe de Propiedades Militares de Vigo na que se indica que informara á superioridade da petición do Concello para un Cemiterio na Illa de Ons pero antes deberase concretar por parte da Corporación: Quen verificará as obras do Cemiterio, metros de terreo necesarios e quen será o Administrador que se fará cargo do citado cemiterio.

O alcalde resposta uns días despois nos seguintes termos: Que as obras deben correr a cargo do Ramo de Guerra propietario da illa⁷. Que o lugar de emprazamento xa está demarcado; que é onde, ata esta data, se producen as inhumacións (na contorna da igrexa) e que o encargado, de forma provisional, poderá ser o alcalde de barrio.

Os militares seguen a dubidar das intencións do concello en canto á responsabilidade da edificación proposta e, un mes despois, pídenlle ao alcalde que precise detalladamente as ordes e disposicións polas que estaría obrigado o “Ramo da Guerra” a realizar ao seu cargo as obras necesarias para o peche de dito cemiterio.

A resposta do concello foi que por parte deste en ningún momento se invocou disposición algunha que obligue ao Ramo de Guerra á construción dun Cemiterio na Illa de Ons. O que lle indican é que xa que a zona nese momento se dedicaba a enterramento, “para evitar o espectáculo pouco decoroso de que nel siga apacentándose gando” sería conveniente pechalo. E, pasado un mes sen resposta, o alcalde decídese a solicitar directamente, a Propiedades Militares, autorización para a construción por parte municipal do cemiterio.

Neste caso a resposta foi rápida, xa que dous días despois (24-10-1945) recíbese na alcaldía de Bueu un oficio do Xefe de propiedades Militares de A Coruña, dicindo que ante o escrito presentado polo concello de Bueu para a construción dun cemiterio en Ons recibiu comunicados dos seus superiores (Coronel Xefe de Intendencia Militar, do Capitán Xeneral desta Rexión, do Coronel Xefe da Comandancia de Fortificacións e Obras desta Rexión Militar) na que lle indicaban “que

4833

Número: 1.º

de mil ochocientos noventa e cinco

de Sep... de mil ochocientos noventa e cinco

provincia de Pontevedra

Yo el suscrito... de edad de años... su estado... su profesión... Su enfermedad... Testamento... Vivia en la casa... Se ha enterrado en el campo de Beluso

Pais: Pontevedra Diferencia de altura: Beluso Provincia: Pontevedra

... de profesión: Cult. ... de nombre: Beluso

Asentamento dun falecemento en Ons.
Enterrado en Beluso

⁵Como recollen os libros parroquiais de Beluso, Noalla, etc. e ben resume Salustiano Portela na páx. 59 de «Apuntes para la historia de la Isla de Ons».

⁶Hai constancia da opinión dos moradores de Ons nos que (1847) “protestaron que non consentirían que se fundase alí parroquia porque non queren desprenderse das freguesías á que pertencen fóra da illa, nas que recibiron o bautismo, compren co precepto pascual e se casaron, teñen enterrados os restos mortais dos seus maiores”.

(Carta ao arcebispo do párroco de Vilaboa en outubro de 1847)

⁷Isto fora acordado pola Xestora do Concello o 26 de xuño de 1945.

dada a pequena importancia da obra, entende que non habería inconveniente en autorizar a dito Concello para que pola súa conta se constrúa, sen que iso implique diminución dos dereitos de propiedade do Exército sobre os terreos da citada Illa”.

O 19 de novembro de 1945 o alcalde de Bueu envía un oficio ao Xefe de Propiedades Militares dicíndolle que dera conta, á Xestora que el preside, da comunicación recibida por parte das distintas autoridades militares polo que se lles autoriza a construír o Cemiterio de Ons, por **“non ser procedente que o Exército sufrague este gasto, nin proporcione materiais; resólvese que a Comisión Municipal de Facenda, informe respecto ao particular”.**

A pesares da disposición do concello de facerse cargo da obra os atrancos burocráticos, a busca de subvencións, etc. fan que cheguemos a marzo de 1950 onde o arquitecto Enrique Álvarez-Sala y Moria presente a Memoria e planos da obra do Cemiterio de Ons. Na súa Memoria constátase a existencia dun cemiterio previo⁸ e, á vez, evidenciase o descoñecemento da realidade da localización do mesmo pois non ten en conta a existencia da igrexa e deseña un novo cemiterio pechado ao redor da figura central dun cruceiro:

“O obxecto da presente memoria é a descrición das obras a executar para o arranxo do Cemiterio da Illa de Ons, pertencentes ao Concello de Bueu.

O cemiterio existente ten derruídas parte das súas paredes o que fai que dentro do mesmo entren toda clase de animais, profanado o lugar e dando orixe a que os veciños das 80 familias que dedicadas á pesca moran en ditas illas, se dirixiran ao concello en rogo de que solicitase axuda ao Ministerio da Gobernación para conseguir o peche total do mesmo.

Este peche proxéctase coa mamposteiría formigonada en cimentos, zócalos e paredes de cantería hidráulica con xuntas de morteiro de portland e remate da parede con cabaleta a dúas augas para a chuvia.

Ase mesmo tamén se prevé o arranxo da porta de entrada, encaixando as fixas na pedra e colocando unha lousa de pedra que ao mesmo tempo que serva de limiar, facilite o xiro”.

Pontevedra 20 de Marzo de 1950


Na Memoria de **“Medicións e Presuposto para o arranxo dos muros de peche do cemiterio actualmente existente na Illa de Ons – Concello de Bueu”** o arquitecto o cuantifica cun Total de execución material de 16.666,66 pesetas.

Durante os meses seguintes o alcalde segue a solicitar subvencións para este fin. E o 25 de maio dese ano de 1950 o Gobernador Civil, na súa calidade de Presidente da Xunta de Axuda a Municipios e Institucións, lle comunica ao alcalde de Bueu que a dita Xunta aprobou subvencionar con 10.000 pesetas a obra do Cemiterio de Ons solicitada polo concello de Bueu⁹. Ponlle un prazo de inicio de 10 días e execución de 2 meses coas seguintes condicións engadidas: Deberá axustarse o máis posible aos planos da Xunta de Axuda a Municipios, a data de inauguración fixaría o Goberno Civil e deberían levar **“en lugar claro e visible, o XUGO e as FRECHAS, emblema do Movimiento e as iniciais J.A.M. (Junta Ayuda a Municipios), co data do ano en execución”.**

Os datos deste informe e a Financiación infórmanse na Comisión Municipal Permanente do Concello (21-6-1950) e de aquí pídesse un informe da Secretaría para que pase todo a Pleno. Entregándose un informe favorable e aclaratorio da forma a proceder (neste caso concurso de urxencia) e nas que da subvención de 10.000 pesetas hai que quitarlle o 11,30% de gravame para Rexións Devastadas (1.130 pts) polo quedarían 8.870 pesetas¹⁰.

A pesar de todo, as cautelas, cruce de permisos, burocracia, etc. van alongando pouco a pouco o proxecto: Notificacións do Pleno Municipal (30-6-1950), logo da Permanente (1-7-1950), novo permiso para as obras¹¹ aos Militares (8-7-1950), comunicación ao cura párroco de Beluso (e da Illa de Ons), etc.

Interesante é coñecer a contestación do cura de Beluso, José M^a Blanco Clemente, ao alcalde de Bueu indicándolle **“que na Illa de Ons hai unha media de tres ou catro defun-**



Cemiterio de Ons. Foto de Afonso Fernández



⁸De feito hai unhas cantas lápidas que dan testemuña del como, entre outras, as de José D. O. en 1923 ou de José L. G., Josefa R. R., Francisco O. V. e Jacobo M. B. nos anos trinta ou Antonia G., Rosa P. C., Emilio P. C., Perfecto V. S., José V. P. nos anos corenta do século pasado.

⁹Dun Total presupostado de 16.666,66 pesetas quedaría cunha aportación do 60% do Ministerio da Gobernación e do 40% do Concello (prestación e material).

¹⁰28-6-1950

¹¹Indicáselle que o terreo a ocupar polo cemiterio sería dun 300 m².


cións anuais e que o cemiterio terá capacidade para unhas trinta sepulturas, levándoas debidamente ordenadas. Que, como nos é perfectamente sabido, tan pronto o permitan as circunstancias económicas do propietario da mesma, esta Illa de Ons será artillada e evacuada dela a xente civil polo que nin sequera miro a conveniencia das ditas obras. Que polo que respecta ao párroco, non hai inconveniente a que se realicen as obras que a alcaldía crea necesarias no referido cemiterio.”¹²

Durante uns meses seguen os enmarañados trámites, solicitudes de autorización, exposición e publicación no Boletín Oficial da Provincia para finalmente chegar a adxudicación¹³ das obras ao único contratista que se presentou ao concurso: Domingo Álvarez Gómez. O presuposto e condicións para o cemiterio xa estaban diminuídos con respecto ao proxecto inicial: **“CEMITERIO.- Muro de mampostería ordinaria revestida con mestura de cemento polas dúas caras. A súa coroación en forma de cabaleta e cimentación mínima de cincuenta centímetros, en total 146 metros, a 60 ptas, 8.760 pesetas. Colocación do portal de ferro que facilitará gratuitamente o Concello e dintel da porta cunha cruz, 123 pesetas”**.

Transcorrido case seis meses, o contratista da por concluídas as obras (11-7-1951) e uns días despois **“A Comisión de Obras que subscribe, en cumprimento do precedente acordo, ten a honra de informar: Que examinou con detemento as obras de construción de dúas fontes e o peche do Cemiterio da Illa de Ons, adxudicadas a Domingo Álvarez Gómez por acordo da Permanente de 22 de novembro de 1950, podendo apreciar que están executadas con arranxo ás condicións contidas no presuposto respectivo, sen que se atope reparo que opoñer, e que están rematadas con amaño ás instrucións da Xunta de Axuda a Municipios, procedendo á súa recepción e pago. Non obstante a Permanente acordará o que mellor proceda. Asinan José Juncal e Agustín Freire”**.

Relación e medidas das **“obras realizadas na Illa de Ons coas subvencións da Xunta de Axuda a Municipios:**

CEMITERIO: Muros de mampostería, lado Sur, largo de 17,56 metros; lado Oeste de 15,55 m.; Norte de 17,75 m. e lado Leste de 15,77 metros de largo. Altura dos muros na parte máis alta, 2,07 m. e na parte máis baixa 1,35 metros. Total: (158 metros cadrados)”



Decatados da finalización das obras o gobernador civil envíalle (14-8-1951) ao alcalde de Bueu un oficio polo que lle comunica que fixo a transferencia de 13.324 pts, o 50% correspondente ás subvencións concedidas pola Xunta de Axuda a Municipios, polas obras de peche do cemiterio e dúas fontes, bebedoiros e lavadoiros de 5 prazas na illa de Ons. Tamén lle adxunta os recibos para unha vez cobradas as subvención sexan asinados e remitidos con catro fotografías de cada obra. Dúas semanas despois o alcalde devolve os recibos correspondentes á subvención do cemiterio e dúas fontes na Illa de Ons pero non así das fotografías porque as das fontes saíron borrosas e hai que facelas de novo...

Por fin xa temos cemiterio pechado pero para que sexa “Campo Santo” hai que bendicilo e na Noitevella de 1951 hai unha Comunicación do alcalde ao Arcebispo de Santiago: **“Executadas e aprobadas as obras dun cemiterio de 16 x 16 metros na illa de Ons deste Municipio, previo informe favorable da Xunta Municipal de Sanidade e sendo**

o propósito que nel se practiquen as inhumacións, que actualmente se verifican en terreo aberto ao arredor da capela, permítome dirixirme respectuosamente a V. E. e R. co fin de se o ten a ben, se digne dispoñer a bendición de dito cemiterio”. Pero pasan oito meses sen contestación do arcebispado polo que o alcalde envía unha nova solicitude lembrándolle a petición anterior **“bendición, se procede, do mencionado Cemiterio xa que podería presentarse dun momento a outro a necesidade de levar a cabo algún enterramento contiguo á capela, habendo un terreo acoutado a tal fin”**.

Descoñecemos se houbo resposta de Santiago pero de seguro que o cura de Beluso bendiciu persoalmente ou ao través do coadxutor encargado de Ons para poder enterrar “ cristiamente” aos seus fregueses na illa como se fixo o 16 de xullo de 1952 coa meniña, dun ano, Josefa D. O.

E así parece que queda definitivamente resolto o problema do cemiterio de Ons.

Pero resulta que, en decembro de 1957, unha das moitas peticións de axuda que para realizar obras na Illa fixera a alcaldía de Bueu saíu dun caixón do Comisario Nacional Director Xeral do Paro. E aprobouse unha subvención, cunha contía de 30.000 pesetas, para a construción de nichos no Cemiterio de Ons.

O Gobernador Civil, Rafael Fernández Martínez, na súa calidade de Presidente da Obra Social do Movemento lle comunica (19-12-1957) ao alcalde de Bueu que a dita xunta aprobou financiar con 29.400 pesetas a obra do Cemiterio da Illa de Ons solicitada polo concello de Bueu. Ponlle un prazo de inicio de 10 días execución de 3 meses coas seguintes condicións engadidas: A data de inauguración a fixaría o Goberno Civil e deberían levar **“en lugar claro e visible, o XUGO**

¹²Oficio manuscrito asinado o 21 de xullo de 1950. Arquivo M. de Bueu C. 499/5

¹³Na sesión da Permanente do 22 de novembro de 1950. No encargo, co peche do cemiterio, ía tamén a execución de dúas fontes cos seus lavadoiros por 13.324,50 pesetas.

e as FRECHAS, emblema do Movemento e a inscrición “Obras Social del Movimiento” ou “Bajo la égida del Caudillo Francisco Franco”, coa data do ano en execución”.

Pero ao pasar máis dun ano do prazo dado para a execución das obras o Gobernador civil, como presidente da Obras Social do Movemento, comunica (5-5-1959) que: “Estimando que transcorrerá o tempo suficiente para rematar a execución destas obras, estableceuse de prazo ata o día 20 do actual mes de maio para a remisión da documentación interesada, transcorrido o cal e no caso de non recibirse esta entenderase que o concello renuncia á súa construción, procedendo en consecuencia a inmediata anulación das mesmas”.


E así pasa o tempo sen obra algunha ata que a finais de xaneiro de 1960 temos que o Mestre Albanel encargado de executalas escribe ao alcalde de Bueu dicíndolle que a pesar de ter case todos os materiais a pé de obra desde fai algún tempo, a causa do temporal de inverno non lle foi posible dar comezo aos traballos, que non poderá empezalos ata principios da primavera, en atención a que mentres persista o mal tempo de vento e choiva, non se atoparán obreiros que queiran desprazarse a dita Illa.

O Gobernador Civil escribe (6-4-1960) ao alcalde: “Fago referencia ás obras de construción do Cemiterio na Illa de Ons, as cales foron aprobadas en data de 19 de decembro de 1957, coa subvención de 29.400 pesetas. Dado o longo tempo transcorrido sen que tivera lugar a xustificación de terminación das mesmas, e ante a manifesta imposibilidade de levalas a cabo esa Alcaldía, con data 8 de marzo último dispuxen o reintegro de dita cantidade ao Tesouro, polo que se entenderá definitivamente anulada a obra expresada.

O que comunico para coñecemento e efectos, debendo dar conta do presente escrito ao pleno da Corporación Municipal”.

Na sesión do Pleno Municipal do 29 de abril de 1960 dáse conta e esta Corporación queda informada “do escrito do Goberno Civil do día 6 de abril último no que se manifesta que se dispuxo o reintegro de 29.400 pesetas ao Tesouro que foran concedidas coma subvención para o Cemiterio da Illa de Ons, ante a imposibilidade de realizar os traballos no prazo previsto, entendéndose definitivamente anulada a obra de que se trata”.

Pouco a pouco o cemiterio foi esmorecendo e recibindo poucos ‘invitados’ a esa simbiose coa terra pois as súas xentes víronse forzadas a tomar outros rumbos aínda que, polo menos unha vez ao ano, se achegan a reivindicar aos que alí moran protexidos polas paredes dun cemiterio que tanto esforzo precisou.



Cemiterio de Ons. Foto de Afonso Fernández

¹⁴O último que se enterrou no cemiterio da illa foi Eduardo P. O. (18-11-1976)

BIBLIOGRAFÍA

- Arias Vilas, Felipe. 1984. «La cultura castrexa en Galicia» na revista Memorias de historia antiga, Nº 6, pp. 15-34
Arquivo Diocesano
Arquivo do Concello de Bueu Carpetas 418/17, 451/3, 451/8, 499/5 e 2898/23
Alonso Romero, Fernando. 1981. «Los orixenes del mito de la Sta Compañía de las islas de Ons y Sálvora». Cuadernos de Estudios Gallegos.T-32 nº 96-97. Pp. 285-306.
Ballesteros-Arias, Paula e Sánchez-Carretero, Cristina. 2014. «Ons: unha illa habitada».
Ballesteros-Arias, Paula e Seoane-Veiga, Yolanda. 2012. “Gravados rupestres na Illa de Ons”. Revista Aunios nº 17. pp. 57-60
Ballesteros-Arias, Paula. 2008. “O Xacemento romano do cantil de Canexol (Illa de Ons, Bueu). O esquecemento do recurso mariño”. Revista Aunios nº 13. Pp. 45-54
Ballesteros-Arias, Paula. 2009. “Estudo arqueolóxico e etnográfico da paisaxe cultural das illas Ons (Bueu, Pontevedra)”. Actuacións arqueolóxicas ano 2009. Xunta de Galicia. Pp. 341-344
Saánchez Cidrás, Arturo 2017. “A igrexa vella da Illa de Ons”. Revista Aunios nº 22. pp. 55-61
Web: <http://www.cies.gal/tag/paula-ballesteros/>

COLABORA:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

FORTIFICACIÓNS E DEFENSA DA RÍA DE PONTEVEDRA

Por : Ramón Patio Gómez

Dende xa moi cedo as Rías Baixas galegas foron usadas por todo tipo de navíos que surcaban polo océano Atlántico, xa fora para danar as comunicacións dos imperios español e portugués cos seus novos territorios americanos ou para comerciar, seguindo a ruta norte-sur, e viceversa, entre os reinos do norte de Europa coas súas colonias no resto do globo e cos países do Mediterráneo.

As nosas rías foron frecuentadas por numerosos barcos que realizaban campañas de apresamento de navíos mercantes, que regresaban coas riquezas conseguidas en Brasil (os portugueses), nas Indias Occidentais (os españois), nas Indias Orientais (os holandeses) e en África e Asia (os ingleses).

A partir do século XVI só España e Portugal posuíron territorios que podíamos definir como coloniais. Os imperios da península Ibérica defenderon con bastante éxito o monopolio comercial, centrado na Casa de Contratación de Sevilla e na Casa da India en Lisboa, coas terras que ían descubriendo. As costas galegas eran o destino final de moitos navíos á volta das viaxes a América empurrados polos temporais ou por querer realizar contrabando lonxe do control dos portos oficiais. Moitos foron os que utilizaron as malas condicións marítimas como desculpa para a súa chegada ata aquí. Todo iso provocou a aparición, en diferentes zonas da costa, preferentemente entre cabo San Vicente e Fisterra, de barcos franceses, ingleses e holandeses, que se aventuraban a apresiar as embarcacións que mantiñan este comercio. Estes aventureiros eran os corsarios.

Dos primeiros que temos constancia nas costas galegas é dos corsarios sarracenos, tamén coñecidos como mouros, berberiscos ou turcos segundo o período histórico. Provenientes das taifas do sur da península Ibérica e do norte de África eran de relixión musulmá e realizaban as súas razzias na procura de escravos para cobrar rescates por eles ou vendelos nos seus lugares de orixe. A súa aparición ao longo dos séculos, dende o ano 1000 ao século XVII (no 1627 chegaron ata Islandia), mantivo, nos meses de bonanza marítima, os territorios galegos nun continuo sobresalto, afectando non só ao desenvolvemento comercial e económico das localidades costeiras, senón tamén ao desenvolvemento poblacional das mesmas. Hai dúas aparicións destes corsarios islamistas que foron moi sonadas. Unha en 1125, en que foron combatidos polo arcebispo Xelmírez que contratou italianos para facer dúas galeras coas que os atacou na Illa de Ons e logo nos seus propios territorios, e outra en 1617 no que asolaron a ría de Vigo capturando prisioneiros en gran cantidade na península do Morrazo, ante a indefensión das autoridades galegas do momento. Logo estes corsarios foron sendo substituídos pouco a pouco por outros franceses, primeiro bretóns que compaxinaban o comercio do cereal coa toma de presas para compensar a campaña, despois os ingleses e máis tarde polos holandeses, das provincias rebeldes no Flandes do Imperio Español.

Todos os citados utilizaron ao longo do tempo, alternando a súa presenza, as rías galegas e as nosas illas como lugares de fondeo, reparación e augada, actuando sobre as zonas costeiras cando querían proveerse de víveres.

A súa presenza xerou sempre unha grande preocupación nas autoridades do Reino de Galicia, que tiveron que dedicar recursos para formar Armadas que defenderan as costas. Estas flotas de navíos que intentaron limpalas de corsarios, tiveron ocasionais triunfos, pero víronse sempre lastradas por problemas financeiros. A monarquía non destinaba suficiente diñeiro para armar barcos que permanentemente as protexera, senón que soia alugar flotas de particulares por curtos períodos de actuación. É certo que se formaron moitas armadas pero tamén o é que estas finalizaron por estar máis tempo atendendo outros asuntos do Rei en diferentes zonas do imperio que en defender as costas para as que se formaran. Os corsarios desaparecían mentres as Armadas de Galicia estaban por aquí e reaparecían cando estas eran destinadas a outras áreas europeas segundo os intereses reais.

Outra solución ao problema corsario, e tamén á defensa do territorio cando as guerras entre os reinos europeos, era a fortificación das rías mediante a construción de fortes ou baterías en lugares costeiros. Era unha responsabilidade da monarquía española, aínda que ao final eran as propias vilas as que debían preocuparse e soste-lo, con maior frecuencia, a súa propia defensa.

Ao longo do tempo houbo moitos proxectos e propostas para impedir as actuacións de corsarios inimigos, non dos amigos, e a defensa do territorio español ante os ataques navais das armadas estranxeiras. A intención era artillar algúns puntos da costa galega: *“para que estén máis seguros de los moros y piratas que corren aquella costa”*. Coñécense no século XVI e XVII varios destes intentos. En 1521 fixo unha proposta Fernando de Andrade, houbo outra dos arquitectos militares Frantin e Antonelli en 1589, unha de Tiburcio Spanochi en 1604, outra de 1618 de Nodal, logo unha en 1629 con diñeiro que aportaba o Reino de Galicia, outra dos irmáns Gunemberg en 1649, unha máis en 1656 e outra en 1701. Todas estas propostas desgraciadamente nunca se levaron a cabo senón de xeito parcial e inconexa.

Neste traballo fixarémonos en dúas das citadas por ser pouco coñecidas, e quizais inéditas, aténdonos ao área xeográfica da ría de Pontevedra.

A primeira podémola datar en 1618 en base ao que aparece no manuscrito: “*en este puerto se defendieron cuatro navíos de Brasil cargados de azúcar con cuatro piezas que sacaron a tierra de los navíos el año pasado que quemaron en Cangas*”. Esta última frase fai referencia ao asalto dos berberiscos (corsarios de relixión musulmá) que en 1617 atacaron a ría de Vigo e asolaron Cangas.

Na proposta de defensa da ría de Pontevedra comeza pola vila de Portonovo na que propón colocar dúas pezas de artillería de alcance (máis modernas e con maior alcance) que se unirían a outras catro que o consistorio mercara co seu diñeiro e que lles permitiu defenderse ata ese momento de piratas e mouros.



Posible lugar da illa de Tambo onde instalarían as baterías e a ponte levadiza.
Foto: www.turismo.gal.

No porto de Marín propón construír un forte con seis pezas de máis alcance e calibre para defender o fondeadoiro existente ao amparo da illa de Tambo, así como poñer catro canóns na citada illa, nun pequeno fortín, conseguindo dende os dous protexer “*toda la bahía hasta la barra de Pontevedra*”.

É chamativo que non contemple algún tipo de defensa na illa de Ons, cando eran coñecidas as frecuentes presencias de corsarios nela, onde recalaban dende o último terzo do século XVI en gran cantidade ata o punto que o marqués de Cerralbo pedira ao Rei a formación dunha escuadra permanente para expulsalos. Pero non só actuaban ao redor das illas senón que se internaban na ría de Pontevedra sen reparo algún. Así o fixeron en 1605 apresando un navío portugués proveniente de Brasil con azucre, o en 1610 que tomaron fronte a Marín dous

barcos que estaban fondeados, unha carabela portuguesa que viña de Brasil con azucre e mercadorías e unha nave biscaíña cargada con pezas de ferro para Juan Fernández. Baleiráronos e leváronse a nave.

A partir de 1617 e ata 1634 as illas de Ons e Sálvora son empregadas polos berberiscos como bases nas súas campañas anuais, téndose constancia de actuacións importantes por toda a costa galega en 1622, 1625, 1629, 1632, 1633 e 1634. Neste último ano naufragou un barco “turco” no litoral oeste de Ons do que se apresaron 36 mouros que se salvaran de morrer afogados e, oito anos despois, foron recuperados os seus canóns polo corsario español Francisco Zárraga. Neste mesmo ano aínda atacaron por aquí oito naves musulmás.

A partir de 1640, a illa de Ons é o refuxio predilecto dos corsarios franceses. Primeiro dos de Dunkerque e Ostende, que como estaban sendo expulsados das augas do Canal da Mancha fóronse trasladando a esta zona, e logo dos de Saint Malo. Era costume entre eles planificar unha campaña de catro meses cada ano polas nosas costas, así como tamén empregar a ría de Pontevedra para gardar fondeadas as presas que ían facendo para logo levalas todas xuntas a súa volta para Francia. Na década dos sesenta andaban en gran número por aquí, sendo considerado un gran período do curso empurrado en parte polo interese da monarquía española de afundir economicamente á rebelde Portugal.

A outra proposta de fortificación nace dunha inspección, ordenada polo Rei o 5 de outubro de 1700, ás defensas da costa galega, dende a ría de Ferrol ata a desembocadura do río Miño, e polos puntos fortificados situados na fronteira con Portugal ás orelas do río. Con respecto á ría de Pontevedra este detallado informe describe que a ría dende a illa de Ons ata o porto de Marín é unha excelente zona de fondeo para navíos de primeira e segunda, así como di que “*hay una isleta que llaman de Tambo*” na que poden realizar reparacións e carenas ata os barcos máis grandes, recordando que nesta illa houbo “*en la punta que mira a la villa*” unha batería pechada con foso, recomendando refacela colocando unha ponte levadiza

sobre o citado foso. Tamén aconsella reparar os dous pequenos fortes que posuía Marín para así “asegurar la ría” e o porto, onde poden “dar fondo en él máis de cien bajeles que en la mayor tempestad están como si hiciera calmas”.

Referencia que as reparacións necesarias serían de pouco custo pola proximidade de pedra aprobeitable. Neste mesmo informe relaciona o material de guerra almacenado na atarazana de Pontevedra entre o que destacan 19 canóns de bronce de diferentes calibres, 656 mosquetes biscaíños, 37 mosquetes milaneses, 82 arcabuces milaneses e 643 arcabuces biscaíños, 346 chuzos, 193 carabinas, 185 pistolas e 8.253 balas de ferro así como chumbo para balería, madeira e destaca a escaseza de pólvora e corda de mecha, así como de artilleiros. Non fai referencia algunha á existencia dunha batería en Portonovo polo que debemos deducir que por estas datas xa non existía.

Unha vez máis non se propoñen, nin describe a súa existencia, defensas na illa de Ons que seguía sendo utilizada máis polos navíos estranxeiros que polos españois.


Tanto as illas Cíes como a illa de Ons, aínda que eran territorio galego, estaban illadas e desprotexidas polo que eran usadas impunemente, polas Armadas de guerra estranxeiras e polos navíos corsarios, como bases dende onde realizaban as súas saídas para apresiar barcos mercantes e onde descansaban e reparaban sen dificultade nin risco as súas embarcacións.

Para rematar unhas pequena notas sobre os autores dos informes descritos. O primeiro, con toda probabilidade, foi redactado por Gonzalo Nodal antes de setembro de 1618. Este era un dos irmáns Nodales de Pontevedra que a principios do século XVII foron moi recoñecidos e empregados pola monarquía española. As súas expedicións ao estreito de Magallanes en 1618 e 1622 son reflexo da fama que tiñan como navegantes. O Rei Felipe III non só os utilizou para explorar e protexer o paso ao océano Pacífico e a defensa dos territorios de Chile senón que tamén lles solicitou unha proposta para mellorar o derroteiro ata as illas Filipinas a través do novo paso e tamén que informasen sobre como defender algunhas zonas do Caribe.

O segundo informe o asina Antonio Michael de Castro y Cambas, profesor de matemáticas e oficial de artillería que dende o 13 de outubro de 1700 ata o 30 de marzo de 1701 percorreu as costas galegas describindo o estado das defensas e acompañando estas descripcións con planos e debuxos dalgunhas delas. Non só recomenda reparacións e construcións novas senón que tamén calcula o custo económico das mesmas, indicando o número de carros necesarios, a cantidade de pedra e a utilización de milicianos para axudar aos canteiros. Un primeiro informe, incompleto, está datado en xaneiro de 1701.

Fontes:

- Archivo Histórico Nacional. Depósito de Guerra.
- Biblioteca Nacional. Manuscritos. Correspondencia de Diego Sarmiento.
- Historia Compostelana 1950.



Plano do século XIX onde miramos a posición da Illa de Ons con respecto á ría de Pontevedra. Por que non pensarían na instalación de baterías nesta illa?

BAR LONXA

PORTONOVO

Teléf: 986724333

* ALBARIÑO

ESPECIALIDAD

*PESCADITOS

*MARISCOS


EL PUERTO. CÓMODA TERRAZA

UN TERRIBLE NAUFRAXIO EN ONS NO 1596

Por: Yago Abilleira Crespo

Seguindo coa análise da documentación do Marquesado de Mos-Valladares que se garda no Archivo Histórico Nacional, analizamos un curioso e entretido pleito que, a medida que se vai lendo, desvela un tráxico suceso descoñecido ata agora. O documento presenta unha boa caligrafía, pero mete algunhas liñas en latín, polo que non o puiden ler por completo. Por suposto, se alguén quere unha copia do documento, fareilla chegar sen problema.

O primeiro que teño que dicir é que non hai seguridade de que o naufraxio fose en Ons, pero a acumulación de restos nas praias de Ons e preto de Portonovo, así coma a concentración dos mesmos, fai supoñer que, ou ben foi en Ons, ou ben nas inmediacións. Persoalmente, baseándome no que se di no documento, supoño que foi pola cara Norte da illa, seguramente pola zona do illote do Centolo, pero non teño nada que sustente tal afirmación. O ano tampouco figura no documento, pero o Archivo clasifícaa en 1596.



Barcos da época segundo Cristóbal de Rojas.
Fonte: Los barcos españoles del Siglo XVI...


O preito lévase a cabo entre Don Antonio Sarmiento, por aquel entón propietario da illa de Ons, e Beltrán de Santmyn (¿Saint Martín?), mercader francés. Está motivado pola aparición de 32 valas (fardos) de boa tela nas praias de Ons o 1 de Marzal de ¿1596?. O francés sostén que son súas, dun barco que lle foi capturado por corsarios, que fondeou nas Cíes e, por mor dunha tormenta, faltoulle a áncora e naufragou. Pola súa banda, o señor Sarmiento, di que o barco do mercader era moi pequeno para levar tanta carga de trigo e tela, que é imposible que estando en Cíes e con ventos de compoñente Norte afundira en Ons, que os restos aparecidos nas praias non eran recentes, que o barco do demandante foi visto ó día seguinte por xente de Cangas e que o propio francés recoñeceu en privado que as telas non eran del. Por suposto que o galo acusa a Sarmiento de comprar ou coaccionar as testemuñas para que declarasen ó seu favor. Non sabemos como acabou o preito, pero vendo as argumentacións e, tendo en conta que se celebraba aquí, todo apunta a que lle foi dada a razón a Don Antonio Sarmiento, pero non o podemos asegurar.

Do que non hai dúbida é de que uns corsarios apresaron un barco da Normandía francesa no cabo San Vicente (Portugal). Estaba cargado con 90 toneladas (vizcaínas, unhas 135 toneladas actuais) de trigo e foi tripulado polos corsarios ata Pontevedra, onde venderon o cereal. Non quere dicir isto que os asaltantes fosen da zona, pois a orixe dos mesmos nunca se menciona, se non que naquel ano houbo unha mala colleita en Galicia,

polo que o trigo pagábase ben en Pontevedra. Tras isto, fondearon nas Cíes e logo houbo un trebón. Que ocorreu despois é algo que non está claro, pero inclínome a crer a versión de Sarmiento e dubido que afundise en Ons.

Estamos ante un simple e frío informe, onde simplemente se expoñen unha serie de argumentos e alegacións. Sen embargo, no medio do documento, e coma non quere a cousa, aparecen unhas liñas arrepiantes, que falan dunha gran traxedia, posiblemente o peor naufraxio ocorrido en Ons. Transcribo tal cal, adaptando a ortografía e a gramática

“se hallaron 40 hombres muertos [ILEXIBLE] dos sin cabezas y otros sin brazos, despedazados, que con olor malo no se podían sepultar”, o que achacan a un afundimento que tivo que ter lugar facía un tempo “porque todos los que mueren en la mar no se levantan del fondo hasta 9 días”. É ben sabido que é moi raro que aparezan tódolos corpos, polo que a cifra real de falecidos tivo que ser superior. O panorama tivo que ser dantesco.



Naos mediterráneas segundo Wyngaerde en 1567.
Fonte: los barcos españoles del Siglo XVI...

Precisamente a cuestión dos falecidos é un argumento que usa Sarmiento para demostrar que o francés minte. O barco do mercader era pequeno, polo que non podía levar tantas persoas a bordo. Ademais, vendo o estado de descomposición dos corpos, resulta imposible que foran dun afundimento desa mesma noite, como sostiña o galo. Ó ser información para un preito, non da máis datos, coma unha posible nacionalidade ou así.


Ben pouco é o que se pode dicir do buque naufragado. Baseándonos nos corpos que chegaron á costa, pódese dicir que se trataba dunha embarcación de tamaño considerable (300 toneladas vizcaínas polo menos). E o feito de traer telas indica que viña do Norte de Francia, sen descartar Bélxica ou Holanda, aínda que iso non significa que ese fora o seu porto base. Traía pois un valioso cargamento que, ao cabo duns días, debeu de botarse a perder pola acción dos elementos e podrecerse. Se algún día se atopan os seus restos e os arqueólogos subacuáticos os estudan, tal vez se poida obter algún dato máis. Polo momento, apenas sabemos nada desa traxedia.

A medida que escribía estas liñas, non podía evitar acordarme dos familiares e seres queridos dos desafortunados mariñeiros. Nunca souberon que lles pasou, simplemente non volveron. Tiveron que vivir cunha dúbida constante, pois sempre cabía a posibilidade de que fosen capturados por corsarios das numerosas guerras que había entón e puidesen ser liberados en calquera momento, ou que naufragaran pero conseguiran salvarse e estaban tratando de volver a casa,... O mar sempre foi cruel e inmisericorde cos que se aventuran nel.

Fonte:

España. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Archivo Histórico de la Nobleza, Marquesado de Mos-Valladares, Caja 18, Documento 17

Todo apunta a que os fortes ventos do Norte foron os que levaron os restos cara á costa, debendo de coincidir co momento en que os cadáveres ascendían cara á superficie. A parte dos homes, apareceron nas praias as devanditas 32 valas de tela (*lienzos* lles chaman), “pedazos de pipas (bocois), pez (brea), [ILEXIBLE] tocino, tablas, el costado de un batel, [ILEXIBLE],...” e apuntan que recordan que a mediados de Febreiro “pasaba una nave perdida [ILEXIBLE] sin velas ni mástil con tempestad a partirse por arriba de la isla de Ons”, que sería o barco afundido.



Naos mediterráneas segundo Wyngaerde en 1567.
Fonte: los barcos españoles del Siglo XVI...




PEDRAS MIÑARZOS

Por: Manuel Chazo Cores

Dedicado aos homes do mar, con admiración e respecto

Unha milla ao W. da Punta Remedios atópase o centro deste grupo de pedras, sempre visibles, que se eleva sobre un baixo en forma de ferradura que abarca una lonxitude de 600 metros en todas as direccións. A maior en tamaño é a do NL., despois a do SW, as demais son pequenas.

No arredor e nas inmediacións deste baixo sóndanse máis de 10 metros, pero, aínda así, hai que darlle bo resguardo porque ao sur da Miñarzo do SW. hai unha pedra chamada Pedro Vello, con 9'5 metros de auga en baixamar e, cara ao norte, hai tamén outras pedras somerxidas como son: a Miñarziño con 1'7 metros de auga, a 0'5 millas e a 350° da setentrional dos Miñarzos; e as Olgas do N. e do S. con 0'9 e 1'6 metros de auga, respectivamente, que se elevan sobre un baixo fondo chamado Cachazos e situadas a 1100 metros e a 30° da Miñarzo do N., e a segunda a 800 metros ao NW desta.



Ata os Forcados se deron nomeamentos de Patróns de Baixura e tamén para as costas que van de Cabo Silleiro aos Forcados, despois, chegados os anos 30 do s.XX, deron ata cabo Fisterra, por iso os Patróns de Costa do porto de Vilanova de Arousa estaban moi capacitados e prácticos para navegar dentro de Punta Remedios e por toda a Fox de Carnota, Lira e Porto Cubelo.

Os Forcados e nos seus arredores, hai moitos baixos moi perigosos, pero son uns mares moi ricos en congros, faneca grande e lagostas. É unha área de mar que fai de criadeiro e os mariñeiros de Lira sábeno ben. Estes expertos mariñeiros, dende as súas pequenas lanchas, largaban pezas do xeito en libres fondos para a pesca da sardiña.

O Patrón de Costa que mandaba o motoveleiro <San Andrés> era un gran

coñecedor destas costas e mares e xunto con Manuel Chazo Romero e Manuel Ferro Riveiro, foron os que máis loitaron pola busca da pesca do xeito. Tiñan o seu lugar de traballo preto de Porto Cubelo.

Dende Punta Remedios, corre ata unha milla de distancia e cara os 10°, un estreito arrecife no que sobresaen algunhas pedras, chamadas Illotes dos Forcados dos cales as maiores son as da parte meridional. Inmediatamente, ao sur das pedras visibles, hai un pequeno paso con fondos de 5 metros en baixamar onde hai que ir con moito tino e con moi boas circunstancias de mar. A extremidade N. do arrecife remata en dúas pedras chamadas Laxes dos Forcados que descubren algo en baixamar, separadas 500 metros da máis ao N. das visibles dos Forcados, e alí deixan pasos con fondos de 7 a 11 metros.

Polo W. das pedras do S. dos Forcados e a 900 metros delas, hai outra pedra illada, cuberta con 0'2 metros en baixamar chamada Roma.

Toda esta zona, aínda que perigosa para patróns pouco experimentados, son moi ricas en peixe e temos feito, nas súas proximidades, capturas que valían por unha semana de traballo.

Este mariñeiro que isto escribe, tocoulle traballar dende os 17 anos e estas foron as costas coas que lle tocou loitar, costas de Caldebarcos, Lira e a Fox de Carnota, augas ricas e fieis cos valentes mariñeiros que por elas navegamos durante moitos anos.

Para rematar dicir: "Se es capaz de baixar e subir por un tangón nun barco de guerra como o foi o <Crucero Méndez Núñez> es un bo mariñeiro de botes e falúas".

OS BARROSOS

Por: Javier Fernández Soutullo

Este termo correspóndese cunha serie de embarcacións, e mesmo de persoas que, dunha maneira ou doutra, estaban directamente no miolo da saca deste mineral, o barro. Na parte sur da Ría de Arousa, durante décadas, dedicaron o seu esforzo, e mesmo a súa vida naqueles tempos que lles tocou vivir, á extracción e manexo do barro.

Concentración de balandros no peirao do Gran Hotel, agardando a marea chea. 1925



A ría de Arousa, como as demais, era un antigo val fluvial que se encheu co mar no derretemento dos xeos da época glacial fai miles de anos, quedando sepultado algún que outro segredo, na ladeira nordés da ría, entre o Vao do Grove e a punta da Cabreira, na Illa da Toxa.

Ao inicio do século XX, abriuse unha canle a cargo das autoridades de mariña para o paso de buques de carga co propósito de cargar barro, extraído nos lugares da beiramar de Castrelo, Dena, Vilalonga, a Salgueira e Arnosa, debido a que unha lingua de barro de moi alta calidade as percorría. Este era de cor branco ou amarelo, moi utilizado no proceso da cerámica e a porcelana.

As explotacións realizábanas no mar e máis en terra. No mar mediante parcelas que concedían as autoridades da Mariña, onde unha draga o extraía e o botaba nas gabarras. Nestas, separábanse as impurezas e as areas, levándoas logo a terra onde se viraba no cuberto para secalo, escollelo e cargar no barroso cara ao mercante ou cargueiro.

Tendo moi en conta as mareas, os cargueiros saían da canle cara ao interior da ría para completar a carga de, mais ou menos, unhas dúas mil toneladas métricas. Normalmente dous eran os buques, e facían en dúas quendas: mentres un permanecía na ría onde era aprovisionado polos balandros, o outro poñía a proa cara aos portos do Mediterráneo, Valencia, Sagunto e Castellón principalmente. Estas escenas, na ría de Arousa, repetíanse asiduamente ata a década dos 70 do pasado s. XX. Era algo cotiá ver os balandros sucando as augas de Arousa. Moitos a vela e outros a vapor, aínda que xa nos últimos tempos existía algún a gasolina.

Cerqueiro, fondeado no canal fronte do Gran Hotel da Toxa. 1920.





Regata do Carme de balandros.
Saída do Gran Hotel que era o organizador. 1955

Para extraer o barro do mar escavábase a unha profundidade de entre 8 a 12 metros ata atopar a capa de mineral que adoitaba ter un espesor de 4 a 6 metros. Participaban neste traballo a tripulación do balandro, composta por 3 – 4 homes, máis un rapaz que soía facer as veces de proel. Tamén soían embarcar algunhas mulleres para a escollida e limpeza do mineral. Na travesía, o tempo limitábano as mareas, o resto do traballo rematábase en terra. Senón alixeiraban tiñan que permanecer abarloados ao mercante e perdían o lance. A tempada deste traballo duraba entre 8 a 10 meses, dependendo sempre da climatoloxía.

A maioría das embarcacións dedicadas a esta faena eran de xente de Vilalonga, atopándose tamén propietarios en Castrelo e Cambados. Sen embargo no inverno dedicábanse a carrexar xente para mariscar nos illotes da ría, Toxa pequena, Beiro, Marma e Tourís. Partían case de noite para aproveitar as mareas, varaban na praia e regresaban coa próxima marea. Nalgunhas ocasións completaban a tempada facendo viaxes as rías veciñas do norte, Muros e Noia principalmente, ou pola de Arousa ata Padrón, Valga e Catoira. Din que levaban cargas de ata 25.000 ladrillos ou unhas 80.000 tellas.

Cando regresaban, traían, na súa maioría, madeira, táboas grandes para os estaleiros e carpinterías e mesmo leña para a súa venda en feixes.

No porto do Grove eran moi coñecidos os barcos do Sr. Natalio. Formaban parte da estampa portuaria da época, ata os anos 60 s.XX, sempre atracados ao carón do varadoiro, onde os veciños acudían, ata con remolques, a mercar os feixes de leña para o seu consumo cotiá da casa.

Por outra banda, no mes de xullo, polas festas do Carme, O Gran Hotel organizaba, entre outras, a Regata dos Barrosos, con saída e chegada diante da súa fachada.

Estes barcos formaban parte das vistas sobre a ría dende o afamado hotel. Era un dos entretementos dos seus hóspedes.



EL PUERTICITO DEL GROVE

Balandro do Sr. Natalio cargado de leña para a súa venda no peirao do Grove. 1955

ACTIVIDADES “Pineiróns”
Agradecemento á:

Colabora



CONCELLO DE O GROVE
CASA DE CULTURA DE O GROVE



ONS O MEU PARAÍSO DE ONTE (XIV)

Lembranza dun Ons desde o meu corazón

Por: Julio Santos Pena

Agora que pasei a raia dos setenta e miro cara atrás, non podo esquecerme daquela etapa da primeira escola que foi o inicio real da miña vida docente que superou o medio século de duración. Foi, precisamente na Illa de Ons, onde me din de fronte coa complexidade da sagrada tarefa profesional, como mestre, nunha escola tan singular como aquela, radicada no non menos singular entorno social e xeográfico totalmente distinto ao que, ata aquela, tivera vivido no tempo de estudante, de milicia ou, simplemente de mozo en vías de preparación para unha nova e longa vida profesional.

Ons foi para min unha experiencia inesquecible e, cando hoxe examino a traxectoria da miña vida de docente, aínda non asimilo como fun quen de afrontar con éxito aquel arranque profesional. Acabado de saír da Normal de Maxisterio e do cumprimento da milicia, obrigatoria naquel tempo, chegar a un entorno como Ons onde latexaba un pobo totalmente distinto, para min, a todo o coñecido ata aquela, foi un reto importante e decidido porque, ao puramente profesional de atender á escola de nenos, engadíase o de instalarse como un veciño máis tratando de vivir o momento como as familias que alí se atopaban, aínda que, xa daquela, moitas tíñanse trasladado a “terra”, e outras esperaban o momento para seguírilles os pasos, como acabou sendo o destino de practicamente todas, e a transformación de Ons nun lugar propio para o turismo e para a nostalxia de quen, coma min, recorda o que foi cando contaba cos seus fillos e fillas a bordo dela.

Hoxe, preto de medio século despois, cando teño a oportunidade de visitala, véñense milleiros de recordos daqueles case tres anos alí vividos acompañados con aquela sociedade tan distinta e tan peculiar. Ben certo é que nada tivo que ver o que nun principio pensabamos que ía ser a nosa casa e tamén a escola, co que en realidade foi, xa que estaba construído en Curro o novo complexo parroquial, educativo e social, que pretendeu nun momento dado, atallar a crecente despoboación ofrecendo uns servizos modernos aínda que insuficientes, porque non melloraron, en ningún momento, nin a dispoñibilidade dun refuxio para os barcos de motor, nin servizos nas vivendas reais e necesarias como deberían ser a dotación de enerxía eléctrica e auga corrente nas casas dos veciños de todos os recunchos poboados da Illa.

A Illa de Ons de hoxe xa non é o mesmo. Fáltalle a súa xente e só un par de illeiros coas súas familias resisten alí como bastión do que foi unha veciñanza propia que afrontou unha vida singular durante séculos, sen médicos nin boticas, nin os servizos mínimos que existían en “terra”, agás o docente e o eclesiástico que, en distintas épocas, foron absolutamente deficientes para aquel grupo de persoas que parecían non ter os mesmos dereitos sociais que os demais galegos, que os demais españois, da época. E, cando estou na Illa de visita por calquera motivo, procuro poñer os pés nas mesmas pegadas que deixei daquela tentando revivir momentos que verdadeiramente, influíron na miña traxectoria vital ata hoxe.

Lembro a moitos illáns hoxe desaparecidos cos que compartín milleiros de experiencias, desde embarcar nas súas dornas para comprobar de preto a súa destreza na pesca do polbo, por exemplo, ou aquelas veladas nocturnas no pequeno “Cro” de Francisco e Cesáreo, a prol das abundantes nécoras a base de engaiolalas nas nasas que subían cheas, ata compartir as partidas de “tute cabrón” nas tabernas de Checho ou Manolo nas xornadas dos sábados e domingos cando o traballo do mar facía descanso obrigado e total, agás se houbera que sachar na leira, recoller as patacas ou o millo abondoso e gratificante cada mes de xullo, logo de ter loitado os rapaces



Francisco, patrón do Cro. Ons 1980.

cos malditos corvos que eran un verdadeiro perigo tanto na sementada como despois, coas douradas espigas feitas realidade e riqueza para a familia. Ou tamén compartir momentos de ledicia por nacementos ou casamentos, ou de tristura pola perda dos seres queridos, nalgúns intres de xeito traumático e doloroso.

Lembro a beleza daquelas paisaxes de misterio mesmo, cambiantes dunha hora para outra, especialmente na invernada, cando as marusías arrolaban o peirao de Curro e as ondas batían na praia de Area dos Cans, que me tiñan horas na fiestra da miña casa ou, moitas veces, no alto do Cucorno fronte ao mar inmenso da Ría deixándome azoutar o rostro polo límpido vento do sur intenso e persistente que rendía os piñeiros do cumio da Illa e facía voar a espuma de costa a costa logo de rebentar o mar contra as rochas de fóra.

Lembro aos meus alumnos e alumnas, rapazada de todas as idades, que sentían por min e polo que eu alí representaba, aínda sendo pouco máis maior que eles, un absoluto respecto inculcado polos seus pais e avós que tiñan na persoa dos mestres, uns referentes cargados de significado e de valores que transmitir aos mais novos do lugar con cega confianza no seu traballo.


Lembro os seráns de conversa na porta da taberna de Checho compartindo uns viños e falando de todo un pouco, escoitando as queixas duns pola falta de mellores condicións de vida na paraxe; a conformidade doutros que, se cadra de boca para fóra ante a imposibilidade doutro remedio, aseguraban que eles nunca marcharían da Illa que lles parecía o mellor sitio do mundo; rindo cos contos da vida mesma que personaxes como Olegario (o Sr. Cambados), Avelino (Delmiro) ou o traveso Manolo Otero, largaban en calquera momento, o que facía as conversas familiares e animadas na tranquilidade extrema do anoitecer illán mentres a escuridade ía tomando camiño contra a que loitaba inutilmente aquel xerador de electricidade que, por pouco tempo cada día, intentaba prolongar a xornada sen conseguilo, sumindo o entorno en sagrado e gratificante silencio nocturno.

No tempo que corre, a Illa de Ons é un reclamo turístico ao que acuden milleiros de persoas cada día de toda condición e idade atendendo á chamada dun enclave que, a pesar dos pesares, que son moitos, mantén aínda a esencia do seu ser xeográfico, seguramente grazas a que hoxe forma parte do denominado “Parque Nacional das Illas Atlánticas” que, dalgún xeito, frea, ou o intenta, os abusos da desconsideración humana. Para quen a viviu hai medio século, cando só atracaba no pequeno peirao de Curro algún barco foráneo de cando en vez, non é a mesma illa, fáltalle a xente; fáltalle o silencio daquela, só rachado polo bater das ondas sobre as rochas e as praias; fáltalle a sensación de esforzo común dos seus mariñeiros para subir e baixar as dornas antes e despois da faena diaria; fáltalle a esencia propia dunha sociedade, dunha veciñanza que só foi infeliz cando descubriu que en “terra” había outra vida distinta, mellor ou non, pero distinta.

Hoxe todo o mundo sabe da Illa. Cada quen fala segundo lle contaron e hai historias e comentarios recollidos directa ou indirectamente da tradición moitas veces pouco fundada. Eu teño o orgullo e a satisfacción de ter vivido a Illa por dentro naqueles dous anos e medio da miña aínda nova vida e, no meu espírito, están prendidos nomes, caras, acontecementos, anécdotas, preocupacións, satisfaccións e vivencias compartidas que nunca esqueceré, como tampouco o trato que recibín da xente daquel entón que me acolleu como un fillo máis da súa comunidade e para os que non teño máis que boas lembranzas e agradecementos.

Ons sigue sendo “a Illa” pero fáltalle a súa xente que preferiu buscar outro modo de vivir para eles e para os que veñan detrás, que so poderán saber dela polo que lles contan con nostalxia ou con resentimento que de todo hai. Para min, na miña nostalxia/morriña, segue sendo a Illa daquela: Ons, no meu corazón.

Delmiro, un personaxe inesquecible. Ons 1974.



A HISTORIA DESCOÑECIDA DO PRIMEIRO PROMOTOR TURÍSTICO DA VILA DO GROVE

Por: Francisco Meis

Neste artigo descubriremos a un personaxe inédito para case a totalidade dos grovenses e a súa íntima relación coa orixe dos colares da Illa da Toxa. Cando falamos deles, o máis acertado que algunhas xentes atenden a descubrir é unha orixe incerta no século XX. O tempo, unha vez máis, volveu a desvanecer a memoria do precursor. Un labor que atesoura case douscentos anos de historia e que hoxe en día é recoñecida como Artesanía de Galicia. A existencia desta actividade tradicional que axudou a tantas familias e xeracións no Grove, é mérito exclusivo dunha soa persoa: o xoieiro, inventor e industrial José Botana Barbeito.




José Botana Barbeito

José naceu en Dena en 1827 nunha familia acomodada onde a súa nai era unha terratenente e o seu pai, o xuíz da xurisdición da Lanzada. Desde a súa mocidade terá unha certa inquietude profesional por mellorar a paupérrima e atrasada industria do século XIX. De moi mozo Botana viaxa a Filipinas onde observa a arte de traballar as cunchas mariñas e con esa idea, no seu regreso, decide poñer en marcha esta iniciativa con carácter industrial. Por que non aproveitar as grandes cantidades de cunchas mariñas que xacen a miles nas praias dándolle unha utilidade e crear así, con iso, centos de empregos? Ese será o seu proxecto de empresa. A primeira referencia das súas creacións data de 1851 estando a traballar, na súa vila natal de Dena, nunha cadeira decorada con cunchas nacaradas destinada ás habitacións reais de Isabel II. Entre ese ano e 1857, acabará recibindo a condecoración da Orde de Carlos III. Esta medalla, para quen non o saiba, é a condecoración civil máis distinguida que se pode dar en España e foi creada para recompensar aos cidadáns que cos seus esforzos, iniciativas e traballos prestasen servizos eminentes e extraordinarios a España.

José Botana foi un dos personaxes máis fascinantes do século XIX na península do Grove. Aínda que naceu en Dena pasou a maior parte da súa vida nas súas propiedades do Pazo de O Sineiro onde fundou a única fábrica de cunchas que debeu existir en Galicia e posiblemente en España, durante o século XIX. Traballou durante longos anos nas súas

creacións confeccionando incomparables obras de cunchas nacaradas que abarcaban desde pequenas xoias como *dijes*, pendentes, colares ata mobiliario adornado con cunchas das praias do Grove. Pero se realmente debemos destacar algo máis que ser a orixe do feito de que hoxe se continúen vendendo colares na illa da Toxa, é por ser o individuo, a primeira persoa do século XIX, que promocionou e deu a coñecer a nosa vila máis que calquera outra que puidésemos imaxinar durante todo ese período. Por que? Porque as súas obras estiveron presentes nas Exposicións Universais máis importantes do século XIX. Naquela de París de 1855 na que se presentou, por




exemplo, a coñecida máquina Singer, o noso grovense estivo presente cos seus enxeños. Na Exposición Universal de París de 1867 as súas obras volveron alcanzar unha distinción elevada, ou na Exposición Universal Viena de 1873 con máis de 7 millóns de visitantes e 233 hectáreas de superficie, José levou dúas coleccións de adornos de nácar: un berce, un floreiro e dúas árbores artificiais de nácar que recibiron a única medalla de mérito que outorgou nesta categoría o xurado da exposición. O nome do Grove non deixou de estar presente da man do autor na Universal de París de 1878 cunha das súas mellores obras en nácara que deu traballo a 86 operarios da súa fábrica e que lles levou case 9 meses en rematala. Esa mesma exposición onde a cabeza da estatua da Liberdade expúxose como un miradoiro para que a xente subise a *otear* o horizonte cando aínda estaba lonxe o seu destino final na Illa Liberdade ao sur de Manhattan. E tantas outras exposicións nacionais, rexionais e internacionais na que José achegou as súas obras e o nome do Grove como estandarte.

Este industrial soubo combinar a prata e a nácara para facer auténticas obras de arte que se vendían a elevados prezos en España chegando a ser obxectos de colección por Museos europeos. Aí é nada. Por mor do seu falecemento en 1895 no Pazo de O Sineiro, a viúva continuará coa fábrica durante unhas décadas máis. Sábese que no inicio da primeira guerra mundial o Comité Executivo da Xunta Provincial de Pontevedra, promotor da concorrencia a Exposición Internacional de Londres de 1914, diríxelle unha invitación á viúva, Dona Carmen Gómez Barés, para que participase cos produtos que daquela se estaban a elaborar nos seus talleres: *dijes*, cadeas de reloxo, pulseiras, pendentes e outros obxectos. Nese momento era a única fábrica en España desta natureza.

O seu estilo e maneira de traballar irá esmorecendo e lentamente a testemuña irana recollendo os seus empregados, a familia dos *Pregos*. Eles foron, con Natalia a *Prega* á cabeza, as figuras que herdaron unha parte do legado xeracional do traballo da centenaria fábrica de cunchas de O Sineiro. Os Botana, iranse sepultando nas brumas do pasado ata o esquecemento dos nosos días e por outra banda, outras familias, que traballaron ou non na fábrica, pero

que si coñecían a industria das cunchas, banalizarán esta arte realizando uns colares máis bastos, menos elaborados, a prata desaparece como elemento nobre e nacen a partir das primeiras décadas de 1900 os famosos colares da illa da Toxa. Herdeiros, sen dúbida, daquel home que ideou alá polo 1851 unha industria, unha maneira diferente de gañarse a vida coas cunchas das nosas praias, nun momento en que España procuraba novos camiños que a sacasen do sistema feudal do Antigo Réxime que aínda pesaba na sociedade. Recoñecemos hoxe, o valor e a historia deste home do que hai tanto tempo que xa ninguén lembra e que sen dúbida, foi o primeiro promotor turístico da nosa localidade.



Artesanía herdeira dos Botana



NA ILLA DE ONS

Por: Xulio X. Pardellas

1975. Aquel verán

Ao pouco de rematado o curso, o director do IRYDA (*Instituto de Reforma y Desarrollo Agrario*) encargárame a realización dun estudo que recollese datos demográficos, económicos e biolóxicos da illa de Ons. Sobre ese organismo recaía a competencia da xestión da illa, pero desde os anos 60, no que se fixera un incompleto censo de residentes, ninguén se preocupou de coñecer máis sobre eses 5 km cadrados de terra habitada no medio do mar.

Alberto, Ricardo e Manuel eran biólogos acabados de licenciar aos que enredei para formar un pequeno equipo multidisciplinar, no que se integrou igualmente meu irmán Tinón que ía para estudante de historia e nos primeiros días de xulio instalamos un campamento de catro tendas no alto da meseta central da illa, protexidos do vento polos piñeiros e a escasos metros das fontes de auga potable, que tamén aproveitabamos para nos lavar.

- Eh! Compas. Chegaron máis mozas. Unha é francesa.

Eran máis das 2 da tarde, Alberto viña do campamento e dábanos a noticia a grandes berros. Nós estabamos onde os canos, lavándonos e limpando a ferramenta e os trebellos usados na cordada da mañá, na encosta do Faro, no lado en que estaba a vexetación máis castigada pola chuvia e o vento dos temporais que azoutaban a illa tódolos invernos. Como era de esperar, os nosos comentarios, tamén a berros, variaron desde a simple erótica á obscenidade máis machista e propia daquel tempo.


A noticia da creación do equipo, coma se fose un curioso experimento, estendeuse rapidamente entre amigos e compañeiros de Santiago, o que implicou visitas varias xa a pouco de comezarmos os traballos, unhas curiosas, outras interesadas e de feito, cando Alberto anunciou a arribada das novas mozas no campamento, houbera xa entradas e saídas doutras.

As dúas que chegaron eran bastante asimétricas fisicamente, Mónica, alta, faladeira, de pelo negro e cun sorriso permanente nas fazulas. Valentina, a francesa, máis miúda, loira e tímida. Aínda que logo quedou claro que eran lesbianas, Mónica non tardou en buscar un achego con Tinón, que de todas formas, se resistía ao seu acoso, quizais por timidez (tiña 18 anos e ela máis de 25), ou quizás por un certo desacougo ante aquela porfía. Pola miña parte, eu fixen un par de tentativas con Valentine, pero con tan escaso éxito que desistín moi logo.

O día da súa chegada, como case tódolos anteriores desde que instalamos o campamento, Tinón, cumprindo o seu papel de avituallador de proteínas mariñas, andivera boa parte da mañá mergullado entre as rochas, conseguindo atravesar co seu arpón dous grandes muxos e unha robaliza, que guisados coas patacas da illa non deron para moito, tendo en conta que xa eramos doce comensais e varios radicalmente famentos, despois dunha dura xornada de traballo recollendo mostras da vexetación no entorno do faro.

Esa noite eu quedara con Francisco, mariñeiro considerado líder na comunidade, que colaborou connosco desde o principio e ao que lle debemos fondo agradecemento polas súas

informacións e consellos, facilitando o noso traballo e eliminando atrancos e desconfianzas dos residentes na illa. El xa saíra pola tarde a fondear as nasas e a nosa misión agora era subilas a bordo e recoller as centolas que entraran atraídas polos anacos de xurelo usados como cebo. Cando nos embarcamos eran case as doce e asubiaba unha nortada de nivel, con ondas que movían o barco (un racú de 8 metros de eslora) como unha culleriña no medio do mar, mentres Francisco, o outro mariñeiro tripulante e máis eu (con moito esforzo e menos xeito) izabamos as nasas. Tamén recordo con satisfacción -aínda que só era un mérito biolóxico do meu ouvido interno- o seu comentario de sorpresa porque en ningún momento me mareou o continuo movemento do barco. Contei máis de corenta nasas e unhas sesenta centolas pescadas esa noite, un resultado razoable pero subxectivamente magro para a canseira que tiñamos. Volvemos a terra pasadas as catro da mañá e despois de subir desde o peirao ao campamento cos ollos pechándose polo camiño, entrei na tenda, abrí o saco de durmir e desaparecín do mundo ata que me despertou a luz do sol, moi alto xa no ceo.



Valentine, xunto ao autor do artigo e un dos biólogos, na entrada da Cova dos Mouros. 1975.

O día seguinte decidimos organizar unha festa de recibimento ás dúas mozas que chegaran, coincidindo ademais coa despedida a outras dúas que marchaban. Houbo tortillas, salchichas e ensalada, cun viño ribeiro que as acompañaba ben, pero ácido como unha tralla e só tolerado por estómagos de vinte anos. Na noiteña baixamos á taberna do Checho, que por ser día de semana non estaba moi animada, pero logo duns cantos cubatas por barba, mesmo conseguimos arrincarlle a Valentine unha canción francesa, da que loxicamente apenas entendemos ren, pero como tiña unha repetición en coro alí cantamos todos. Subimos para o campamento pasadas as dúas da mañá e case todos emparellados coas mozas que baixaran. Ignoro se finalmente Mónica acabou no saco de durmir de Tinón porque lle botaba a man polo lombo, pero el foi sempre moi discreto. Eu pola miña parte ía fundamentalmente enchispado e tentei outro achegamento a Valentine, pero na súa tenda largoume un duro discurso en francés, que case non entendín pero en lóxica, me fixo cambiar de intención.

Pola mañá quedara con Cesáreo, outro mariñeiro que tamén colaborou connosco en diversos aspectos do noso traballo e que rapidamente se fixo amigo de Tinón, mostrándolle os principais recursos patrimoniais e históricos da illa. Tiña unha dorna moi xeitosa na que usaba sobre todo trasmallos e alá fun con el para continuar o meu informe sobre as artes e formas de pesca na illa. O trasmallo botábase varias veces ao longo do día e recollíase despois de estar unhas dúas ou tres horas no mar. Non era un traballo tan duro coma o de izar as nasas, pero no canto, podía supoñer máis de dez horas largando e recollendo. Aquel día, creo que por cortesía para min, só estivemos pescando ate a hora do xantar e despois do atraque el marchou a arranxar algunhas cousas na casa, ou iso me dixo.

Os biólogos seguían coas cordadas e a recolleita de plantas e mostras da vexetación, ás veces eu ía con eles e de paso recollía datos das casas e dos cultivos (por certo, nunca probei unhas patacas tan sabedeiras como as de Ons). Uns días despois tocaba facer a cordada no extremo sur da illa, nunha ladeira que remataba na praia chamada Fedorentos e como era unha zona moi descoñecida alá se apuntaron tódalas mozas para ir. Non foi doado chegar a causa dos toxos e sobre todo, por un camiño estreito, cheo de croios e no borde xusto da caída ao mar. Alí descubrimos a razón do topónimo: centos de algas arrastradas pola corrente e esnaquizadas contra as rochas polos ventos sur e suroeste, que podrecían na praia ao sol na baixamar e prestaban ao conxunto da paisaxe un fedor característico e permanente.

Non regresamos polo mesmo camiño, senón que rodeamos esa parte sur da illa, a máis agreste e marcada por acantilados, para ver os niños de canilongas, paxaros singulares que teñen alí o seu espazo vital e alimento de peixes variado. O sendeiro non era moito mellor e ás veces perigoso, onde esvaramos todos e mesmo chegamos por cautela a largar unha cordada de seguridade polo lado do mar.

O mes de xulio compartiu co faro os seus últimos escintileos de luz e con eles rematou o noso traballo na illa, quedaba logo a análise dos datos e a redacción do informe, que continuamos no mes de agosto. No informe destacamos diversas carencias xerais (como as escasas horas de electricidade ou as dificultades para o subministro de auga) e tamén as adoito insalubres condicións de vida nas casas. Agregamos os trazos dun diagnóstico sobre os recursos naturais e a economía dos residentes, quedando entregado ao IRYDA en setembro. En lóxica, debemos pensar que as nosas conclusións e propostas servirían para mellorar nos anos seguintes os equipamentos e as condicións de vida dos habitantes de Ons.

2017. Hoxe

Era un martes de agosto e planeamos ir a Ons cos nosos fillos e a neta. Para asegurar o compango chamei antes a un dos restaurantes da Illa, pero cal a nosa sorpresa cando me dixeron que non podían facerme reserva e o mellor era que fôsemos ata alí en canto chegase o barco e xa se vería se había mesa. A pesar de que estivemos bastante antes das dúas, non conseguimos mesa para xantar ate as catro.

Preguntei cal era o problema e a resposta foi que as illas Cíes estaban completamente desbordadas, entre a cobiza das navieiras e a negligencia no control da administración creárase unha situación de caos absoluto, chegando ao límite de que nalgún caso a garda civil non permitira o desembarco dos pasaxeiros que xa pagaran o seu billete e tiveran que volver ao porto de Vigo. Xa no extremo do kafkiano, un barco que non recibiu autorización para deixar pasaxeiros en Cíes por estar excedido xa o máximo de entradas, levounos a Ons como alternativa, pero sen darlles esa información, de tal modo que moitos preguntaban por onde podían ir á praia de Rodas. De todo iso resultaba un desbordamento de xente e un caos no uso dos equipamentos tanto en Cíes, como en Ons.

En 1975 o noso informe serviu para mellorar algo a calidade de vida dos residentes en Ons, pero despois da creación do Parque Nacional das Illas Atlánticas en 2002, semella que aínda serán necesarios máis informes e sobre todo, máis eficacia e sentido da responsabilidade por parte da administración para que as melloras conseguidas daquela sigan en vigor hoxe.



Parte do equipo dirixíndose a facer una cordada na Enxada de Fedorentos. Ao fondo as Xabreiras totalmente cultivadas. 1975

VERTEBRADOS MECOS. V: AVES DO MUNICIPIO DO GROVE (PARTE 2: ESPECIES NON NIDIFICANTES)

Por: Cosme Damián Romay^{1,3,5}, Antonio Fontoira², Xurxo Piñeiro³, Gustavo Ferreiro³, Encarna González³, Emilio M. Sabarís³ e Pablo A. Sanmartín⁴.

¹ Dpto. de Bioloxía. Facultade de Ciencias, Universidade da Coruña. Campus da Zapateira, s/n. 15071 A Coruña.

² Conricado, 12. 36980 O Grove.

³ Colectivo Ecoloxista do Salnés. Apartado 100. 36980 O Grove.

⁴ Casal de Rei, s/n, 36157 Pontevedra.

⁵ E-mail: c.d.romay@udc.gal




FIGURA 1. Mapa do municipio do Grove e concellos adxacentes, detallando a contorna marítima considerada (cor cincenta escura), as áreas de mar colindantes (cor cincenta clara) e as cuadrículas UTM de 1x1 km consideradas no presente estudo.

Introdución

A presente é a derradeira entrega de “Vertebrados mecos”, que supón a segunda parte dedicada ás aves, en concreto ás non nidificantes. Ao longo dos anteriores artigos abordáronse os peixes, anfibios, réptiles e mamíferos tanto terrestres como mariños do concello do Grove (A, B, C), así como as aves nidificantes (D), totalizando 262 especies (incluíndo *Falco subbuteo*, omitido na referencia D). Seguindo a estela doutros traballos (E, F, G), o presente relatorio pretende actualizar e ampliar o coñecemento sobre as aves da zona, sen dúbida o grupo de vertebrados mecos que conta cunha maior cantidade de información hoxe en día.

Área de estudo e métodos

Considérase como área de estudo tanto a parte terrestre como a contorna mariña do municipio do Grove (suroeste de Galicia) (ver referencias A e B). Os vértices da zona mariña asignable ao municipio meco sitúanse equidistantes cos litorais dos concellos de Ribeira, A Illa de Arousa, Cambados e Sanxenxo; esta área mariña abrangue 6,5 km² de contorna mariña e está case toda ela protexida (B). Empréganse como base as cuadrículas UTM de 1x1 km que posúen parte ou a totalidade da súa área tanto na parte terrestre como na contorna marítima municipio do Grove, en total 107 (Figura 1). Os datos proceden principalmente dos autores, engadíndose rexistros doutros ornitólogos e bibliográficos (E, F, G, H, I, J). Considéranse na Táboa 1 todas aquelas especies sen evidencias de cría na área de estudo no período 1986-2017, inclusive.

Resultados e discusión

Para o período 1986-2017 rexistráronse 179 especies de aves non nidificantes no Grove en estado aparentemente salvaxe (categoría A; referencias K, L) (Táboa 1). Para todas as especies citadas hai datos de presenza en cuadrículas UTM de 1x1 km, cun total de 2040 rexistros non repetitivos. A distribución das 179 especies aves non nidificantes foi en xeral restrinxida (aínda que algo maior que outros vertebrados estudados) no contexto das 107 UTM da área de estudo, cunha media de 11,6±17,7 cuadrículas con datos por especie, menor que as das aves nidificantes (D). Agradécese o envío de rexistros inéditos para calquera cuadrícula UTM de 1x1 km sen datos para unha determinada especie de vertebrado, en virtude do aparecido no presente artigo e nos anteriores de “Vertebrados mecos” (A, B, C, D), ao enderezo e/ou correo electrónico do primeiro autor.

Agradecementos e dedicatoria

A Roberto Bao e Emile Kimman (observation.org); Manuel Xestoso e David Calleja (eBird.org) e Juan Carlos Cabrero Figueiro (1964-2014), polos datos aportados. Á memoria deste último vai dedicado este artigo.

Referencias bibliográficas (todas as URL tiñan acceso o 15/1/2018).

A. Romay, C. D.; Cabana, M.; Cabrero, J. C.; Ferreiro, G. & González, E. 2014. Vertebrados mecos. I: Peixes continentais, anfíbios, réptiles e mamíferos terrestres do municipio do Grove. *Aunios*, 19: 43-48. B. Romay, C. D. & Padín, A. 2015. Vertebrados mecos. II: peixes mariños da contorna do municipio do Grove. *Aunios*, 20: 58-61. C. Romay, C. D.; Covelo, P.; López, A.; Ferreiro, G. & González, E. 2016. Vertebrados mecos. III: Mamíferos e (parte I: especies nidificantes). *Aunios*, 22: 11-15. E. Álvarez, A.; Caamaño, V. M.; Rey, X. L.; Rodríguez, Á. & Rodríguez, J. 1991. *A enseada Umia-O Grove*. Canda. F. Romay, C. D. 1996. *Aves da Costa*. Colección Natureza, 2. Xunta de Galicia. G. Romay, C. D.; Fontoira, A.; Martínez, E. & Ramos, A. 2009. *100 aves comúns do Concello de O Grove e áreas veciñas*. Proxecto Pio O Grove. H. VV.AA. 2016. *Noticiario Ornitoxeográfico Galego/SGO*. URL: bit.do/aves. I. Consulta dos 14 volumes dos Anuarios das aves de Galicia, 1992-2006, varias ref. bibliográficas. J. Penas-Patiño, X. M.; Pedreira, C. & Silvar, C. 2004. *Guía das aves de Galicia*. 2ª ed. Baía Edicións, A Coruña. K. Association of European Records and Rarities Committees. 2012. *Guidelines for European Rarities Committees*. URL: aerc.eu/DOCS/guidelines99.pdf L. Gutiérrez, R.; de Juana, E. & Lorenzo, J. A. 2012. *Lista de las aves de España. Edición de 2012*. SEO/BirdLife, Madrid. URL: bit.do/lae2012. M. Del Hoyo, J.; Elliott, A.; Sargatal, J.; Christie, D. A. & de Juana, E. (ed.). *Handbook of the Birds of the World Alive*. Lynx Edicions, Barcelona. URL: www.hbw.com. N. Conde, M. A. 1999. Nomes galegos para as aves ibéricas: lista completa e comentada. *Chioglossa*, 1: 121-138. Ñ. A Chave. 2016. *Nomes galegos das aves recomendados pola Chave*. URL: bit.do/achaveaves. O. Romay, C. D. 2012. Nomes de aves do Salnés: revisión e ampliación. *Aunios*, 17: 39-44. P. Comité Avifaunístico da Sociedade Galega de Ornitología. 2008. URL: bit.do/ca-sgo. Q. Comité de Rarezas de SEO/BirdLife. 2016. *Lista de aves raras de España*. URL: bit.do/crseo. R. Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia. 2007. Decreto 88/2007 do 19 de abril. *Diario Oficial de Galicia*, 89: 7409-7423. S. Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino. 2011. Real Decreto 139/2011, de 4 de febrero. *Boletín Oficial del Estado*, 46: 20912-20951. T. International Union for Conservation of Nature. 2017. *The IUCN Red List of Threatened Species*. URL: iucnredlist.org.

TÁBOA 1. Aves non nidificantes rexistradas en estado aparentemente salvaxe (categoría A da AERC, referencia L) na zona de estudo entre 1986 e 2017 inclusive (ver **Figura 1**). Para a taxonomía (familia e secuencia de especies) séguese a ref. M. Para os nomes galegos úsanse as ref. J, N e Ñ. Os nomes locais son os publicados en O. En “Sinopse dos rexistros e notas” relátanse as cuadrículas con citas de cada especie: aos números de cuadrículas dáselles os seguintes formatos: grosa: número total de cuadrículas distintas ocupadas; cursiva: só se rexistraron individuos sobrevoando a zona; asterisco: exemplares mortos; paréntese: citas dentro da cuadrícula pero fóra da área de estudo. As notas conteñen, de ser o caso, apuntamentos sobre taxonomía, estatus de rareza só en Galicia (Rareza CA/SGO, ref. P), rareza en España (Rareza CR/SEO, ref. Q) e/ou a categoría de ameaza detallada para cada especie no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA, ref. R), no Catálogo Español de Especies Ameazadas (CEEAA, ref. S) e/ou na Lista Vermella da Unión Internacional de Conservación da Natureza (IUCN, ref. T) considerando as seguintes categorías: VU: vulnerable. EN: en perigo de extinción. CR: en perigo crítico de extinción.

Familia	Nome científico	Nome(s) galego(s) / Nome local	Sinopse de rexistros (ver clave na lenda da táboa) e notas
Anatidae	<i>Cygnus cygnus</i>	Cisne cantor, cisne bravo	2: 44, (68). Rareza CR/SEO.
Anatidae	<i>Anser albifrons</i>	Ganso de testa branca	1: 44. Rareza CA/SGO.
Anatidae	<i>Anser anser</i>	Ganso bravo, ganso cincento	7: 1, 43, 44, 47, 53, 54, 67.
Anatidae	<i>Branta bernicla</i>	Ganso de cara negra	11: 8, 9, 10, 19, 20, 29, 36, 37, 43, 44, (84). A ssp. <i>B. b. hrota</i> é rareza CR/SEO.
Anatidae	<i>Tadorna tadorna</i>	Pato branco, tadorna branca	5: 2, 43, 44, (68), 84.
Anatidae	<i>Mareca penelope</i>	(Pato) asubiador europeo	10: 36, 37, 41, 42, 43, 44, 68, 84, 92, 93. Antes <i>Anas penelope</i> .
Anatidae	<i>Mareca americana</i>	(Pato) asubiador americano	2: 43, 44. Antes <i>Anas americana</i> . Rareza CR/SEO.
Anatidae	<i>Anas crecca</i>	Cerceta (común)	11: 24, 37, 42, 43, 44, 47, (68), (75), 84, 92, 93.
Anatidae	<i>Anas carolinensis</i>	Cerceta americana	1: 44. Rareza CR/SEO.
Anatidae	<i>Anas acuta</i>	Pato albelo, pato rabilongo	12: 36, 37, 41, 42, 43, 44, 47, (68), (75), 84, 92, 93.
Anatidae	<i>Spatula querquedula</i>	Cerceta albela, pato do estío	12: 24, 43, 45, 44, 46, 47, 92, 93, 97, 98, 100, 105. Antes <i>Anas querquedula</i> .
Anatidae	<i>Spatula discors</i>	Cerceta aliazul, pato de ás azuis	2: 15, 24. Antes <i>Anas discors</i> . Rareza CR/SEO.
Anatidae	<i>Spatula clypeata</i>	(Pato) cullerete (común), pato cullereiro (común)	19: 1, 2, 15, 19, 20, 24, 28, 29, 36, 37, 41, 43, 44, 47, (68), (75), 84, 92, 93. Antes <i>Anas clypeata</i> .
Anatidae	<i>Netta rufina</i>	Pato rubio, pato vermello	1: 44.
Anatidae	<i>Aythya fuligula</i>	Parrulo cristado	3: 24, 43, 44.
Anatidae	<i>Aythya ferina</i>	Parrulo choupón (común)	3: 37, 43, 44.
Anatidae	<i>Aythya marila</i>	Parrulo bastardo, pato caribranco	1: (81).
Anatidae	<i>Aythya affinis</i>	Parrulo bóla, pato bóla	1: (81). Rareza CR/SEO.
Anatidae	<i>Somateria mollissima</i>	Éider (común)	9: 40, 41, 42, 91, 92, 93, 99, 100, 101. Rareza CA/SGO.
Anatidae	<i>Somateria spectabilis</i>	Éider real	4: 51, 52, 64, 65. Rareza CR/SEO.
Anatidae	<i>Clangula hyemalis</i>	(Pato) rabeiro, havelda	9: 40, 41, 42, 91, 92, 93, 99, 100, 101. Rareza CA/SGO.
Anatidae	<i>Melanitta nigra</i>	Pentumeiro (común), vendumeira	22: 40, 41, 42, 43, 45, 47, 48, 87, 90, 91, 92, 93, 96, 97, 98, 99, 100, 101, 104, 105, 106, (107).
Anatidae	<i>Melanitta perspicillata</i>	Pentumeiro careto	8: 41, 42, 47, 91, 92, 93, 99, 100.
Anatidae	<i>Melanitta fusca</i>	Pentumeiro de ás brancas	7: 1, 2, 41, 91, 92, 99, 100. Rareza CA/SGO.
Anatidae	<i>Melanitta stejnegeri</i>	Pentumeiro siberiano	8: 41, 42, 91, 92, 93, 99, 100, 101. Antes <i>Melanitta deglandi</i> . Rareza CR/SEO.
Anatidae	<i>Bucephala clangula</i>	(Pato) ollo de ouro, ollodourado	2: 2, (44). Rareza CR/SEO.
Anatidae	<i>Mergus serrator</i>	Mergo cristado	11: 15, 20, 24, 29, 37, (60), (68), (75), 78, 91, 99.
Anatidae	<i>Mergus merganser</i>	Mergo grande, mergo trullo	1: 68. Rareza CR/SEO.
Gaviidae	<i>Gavia stellata</i>	Mobella pequena / <i>Mobella</i>	14: 40, 41, 42, 91, 92, 93, 98, 99, 100, 101, 104, 105, 106, 107.
Gaviidae	<i>Gavia immer</i>	Mobella grande / <i>Mobella</i>	28: 39, 40, 41, 42, 45, 46, 47, 48, 54, 64, 66, 90, 91, 92, 93, 95, 96, 97, 98, 99, 100, 101, 102, 103, (104), 105, 106, (107).

Familia	Nome científico	Nome(s) galego(s) / Nome local	Sinopse de rexistros (ver clave na lenda da táboa) e notas
Gaviidae	<i>Gavia arctica</i>	Mobella ártica / <i>Mobella</i>	12: 40, 41, 42, 46, 91, 92, 93, 98, 99, 100, 101, 104.
Podicipedidae	<i>Podiceps cristatus</i>	Mergullón cristado	6: 42, 58, 59, (81), 92, 98.
Podicipedidae	<i>Podiceps griseogenus</i>	Mergullón cincento	2: 41, 92. Rareza CR/SEO.
Podicipedidae	<i>Podiceps auritus</i>	Mergullón real	9: 15, 16, 40, 41, 42, 91, 92, 93, 101. Rareza CA/SGO.
Podicipedidae	<i>Podiceps nigricollis</i>	Mergullón de pescozo negro	11: 2, 15, 16, 29, 40, 41, 42, (84), 91, 92, 93. 31: 49, 50, (61), 62, 63, 69, 70, 71, 76, 77, 79, 80, 82, 83, 85, 86, 88, 89, 90, (94), 95, 96, 97, 98, 99, (102), 103, 104, 105, 106, (107). Antes <i>Calonectris diomedea borealis</i> .
Procellariidae	<i>Calonectris borealis</i>	Pardela cincenta (atlántica) / <i>Pardela</i>	11: 49, 50, (61), 62, 63, 69, 70, 71, 76, 77, 79. A. <i>Puffinus griseus</i> .
Procellariidae	<i>Ardenna grisea</i>	Pardela escura	6: 69, 70, 71, 76, 77, 79. Antes <i>Puffinus gravis</i> .
Procellariidae	<i>Ardenna gravis</i>	Pardela encapuchada	15: 91, 92, 93, (94), 95, 96, 97, 98, 99, (102), 103, 104, 105, 106, (107).
Procellariidae	<i>Puffinus puffinus</i>	Furabuchos (atlántico), pardela furabuchos	31: 49, 50, (61), 62, 63, 69, 70, 76, 77, 79, 80, 82, 83, 85, 86, 88, 89, 90, 91, 92, 93, (94), 95, 96, 97, 98, 99, 103, 104, 105, 106.
Procellariidae	<i>Puffinus mauretanicus</i>	Furabuchos (balear), pardela balear	22: 12, 21, 22, 34*, 37, 42*, 43, 44, 47, 48, 53, 54, 55, 56, 57, 69, 76, 77, 79, 80, (84), 101.
Hydrobatidae	<i>Hydrobates pelagicus</i>	Paiño pequeno / <i>Paiño dos pequenos</i>	17: 34*, 41, 42*, 43, 44, 47, 48, 91, 92, 93, 98, 99, 100, 101, 105, 106, (107). Antes <i>Oceanodroma leucorhoa</i> .
Hydrobatidae	<i>Hydrobates leucorhous</i>	Paiño gallado / <i>Paiño da graxa</i>	60: 5, 11, 20, 39, 40, 41, 45, 46, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58, 59, 61, 62, 63, 64, 65, 66, 67, 69, 70, 71, 72, 76, 77, 78, 79, 80, 82, 83, 85, 86, 87, 88, 89, 90, 91, 92, 93, 94, 95, 96, 97, 98, 99, 100, 101, 102, 103, 104, 105, 106, 107.
Sulidae	<i>Morus bassanus</i>	Mascato / <i>Mascato</i>	1: 43. Rareza CA/SGO.
Ardeidae	<i>Botaurus stellaris</i>	Abetouro, bruión	1: 36.
Ardeidae	<i>Nycticorax nycticorax</i>	Garza da noite, garza denoiteira	2: 24, 43. Rareza CA/SGO.
Ardeidae	<i>Ardeola ralloides</i>	Garza cangrexreira, garza marela	1: (84).
Ardeidae	<i>Bubulcus ibis</i>	Garza boeira, garza mediana	7: 19, 28, 37, 43, 44, 47, (84). Ant. <i>Egretta alba</i> . Rareza CA/SGO.
Ardeidae	<i>Ardea alba</i>	Garzota grande, garza branca	3: 43, (44), (47).
Ardeidae	<i>Ardea purpurea</i>	Garza vermella	3: 24, 33, 43.
Ciconiidae	<i>Ciconia ciconia</i>	Cegoña branca	25: 2, 4, 5, 8, 9, 10, 11, 19, 20, 28, 29, 36, 37, 43, 44, 47, 48, 58, 59, (60), (68), (75), (78), (81), 84.
Threskiornithidae	<i>Platalea leucorodia</i>	Cullereiro común / <i>Vutarda</i>	6: 36, 43, 44, (47), 78, 81. Rareza CA/SGO.
Threskiornithidae	<i>Plegadis falcinellus</i>	Mazarico negro, ibis mouro	3: 37, 44, 84. Rareza CA/SGO.
Phoenicopteridae	<i>Phoenicopterus ruber</i>	Flamingo, flamengo	93: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 24, 28, 29, 30, 33, 34, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58, 59, (60), 63, 64, 65, 66, 67, 68, 71, 72, 73, 74, 75, 77, (78), 79, 80, (81), 82, 83, 84, 85, 86, 87, 88, 89, 90, 91, 92, 93, 94, 95, 96, 97, 98, 99, 100, 101, 102, 103, 104, 105, 106, 107.
Phalacrocoracidae	<i>Phalacrocorax carbo</i>	Corvo mariño grande, corvo mariño real / <i>Corvo</i>	2: 1, 7. Rareza CR/SEO. 3: 1, 2, 8. Antes <i>Apus melba</i> .
Apodidae	<i>Chaetura pelagica</i>	Cirrio de cheminea	15: 7, 8, 13, 22, 24, 31, 33, 34, 35, 42, 41, 43, 47, 48, (60).
Apodidae	<i>Tachymarptis melba</i>	Cirrio grande, andurón, cirrio real	1: (47).
Apodidae	<i>Apus pallidus</i>	Cirrio pálido	47: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 19, 20, 21, 22, 28, 29, 30, 34, 36, 37, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 46, 47, 48, (60), (68), (75), (78), (81), (84), 91, 92, 93, 99, 100, 101, 106, 107.
Rallidae	<i>Porzana porzana</i>	Poliña pinta, millerenga pinta	3: 7, (44), (47).
Haematopodidae	<i>Haematopus ostralegus</i>	Gabita, lampareiro, pillarote, pega do mar / <i>Pillara</i>	5: 24, 35, 42, 43, (44).
Recurvirostridae	<i>Himantopus himantopus</i>	Cegoñela, permalonga	3: 43, 44, 47. Rareza CA/SGO.
Recurvirostridae	<i>Recurvirostra avosetta</i>	Avoceta	3: 1, 43, (47).
Burhinidae	<i>Burhinus oedicephalus</i>	Pernileiro, alcaraván	28: 1, 2, 6, 7, 9, 10, 11, 19, 20, 24, 28, 29, 30, 33, 34, 36, 37, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 47, 48, (60), (68), (84).
Glareolidae	<i>Glareola pratincola</i>	Perdiz de mar	1: (44). Rareza CR/SEO.
Charadriidae	<i>Charadrius dubius</i>	Pillara pequena, pillara areeira	7: 1, 36, 37, 42, 43, 44, 47.
Charadriidae	<i>Charadrius hiaticula</i>	Pillara real, pillara de colar	15: 1, 2, 19, 20, 28, 29, 36, 37, 42, 43, 44, (60), (68), 78, (84).
Charadriidae	<i>Pluvialis dominica</i>	Pildora dourada americana	9: 7, 8, 37, 43, 44, (68), (75), (81), (84).
Charadriidae	<i>Pluvialis fulva</i>	Pildora dourada siberiana	17: 1, 2, 7, 19, 20, 33, 34, 36, 37, 39, 40, 41, 42, 43, 44, (68), (84).
Charadriidae	<i>Pluvialis apricaria</i>	Pildora dourada	24: 1, 2, 3, 7, 19, 20, 22, 24, 30, 31, 33, 34, 36, 37, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 47, 48, (60), (68).
Charadriidae	<i>Pluvialis squatarola</i>	Pildora cincenta	3: 1, 43, (47).
Charadriidae	<i>Vanellus vanellus</i>	Avefría, conicora / <i>Avefría</i>	1: (44). Rareza CR/SEO.
Scolopacidae	<i>Calidris canutus</i>	Pilro groso	7: 1, 36, 37, 42, 43, 44, 47.
Scolopacidae	<i>Calidris alba</i>	Pilro claro, pilro bulebole	15: 1, 2, 19, 20, 28, 29, 36, 37, 42, 43, 44, (60), (68), 78, (84).
Scolopacidae	<i>Calidris pusilla</i>	Pilro semipalmado	9: 7, 8, 37, 43, 44, (68), (75), (81), (84).
Scolopacidae	<i>Calidris minuta</i>	Pilro pequeno, pilriño patimouro	17: 1, 2, 7, 19, 20, 33, 34, 36, 37, 39, 40, 41, 42, 43, 44, (68), (84).
Scolopacidae	<i>Calidris bairdii</i>	Pilro de Baird	24: 1, 2, 3, 7, 19, 20, 22, 24, 30, 31, 33, 34, 36, 37, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 47, 48, (60), (68).
Scolopacidae	<i>Calidris melanotos</i>	Pilro peitoral	3: 1, 2, 43. Rareza CR/SEO.
Scolopacidae	<i>Calidris subruficollis</i>	Pilro canelo	10: 1, 2, 4, 19, 20, 24, 43, 44, 47, (68).
Scolopacidae	<i>Calidris ferruginea</i>	Pilro ferruxento	1: 1. Rareza CR/SEO.
Scolopacidae	<i>Calidris maritima</i>	Pilro escuro	2: 1, (47).
Scolopacidae	<i>Calidris pugnax</i>	Combatente, liorteiro	1: 1. Antes <i>Tryngites subruficollis</i> . Rareza CR/SEO.

Familia	Nome científico	Nome(s) galego(s) / Nome local	Sinopse de rexistros (ver clave na lenda da táboa) e notas
Scolopacidae	<i>Calidris alpina</i>	Pilro (común) / <i>Bilurico</i>	41: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 9, 10, 11, 19, 20, 24, 28, 29, 33, 34, 36, 37, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 47, 48, 55, 56, 57, 58, 58, 59, (60), 66, 67, (68), (75), (78), (81), (84). 2: 43, 47.
Scolopacidae	<i>Lymnocyptes minimus</i>	Becacina pequena, aguaneta peq.	8: 1, 8, 24, 36, 43, (44), 47, (84).
Scolopacidae	<i>Gallinago gallinago</i>	Becacina (común), aguaneta	2: (44), (47). Rareza CR/SEO.
Scolopacidae	<i>Limnodromus scolopaceus</i>	Mazarico escolopáceo.	1: 8.
Scolopacidae	<i>Scolopax rusticola</i>	Arcea, galiñola.	21: 1, 2, 19, 20, 28, 29, 36, 37, 43, 44, 47, 48, 57, 58, 59, (60), 68, (75), (78), (81), (84).
Scolopacidae	<i>Limosa limosa</i>	Mazarico rabinegro, agulla rabinegra / <i>Mazarico</i>	51: 1, 2, 6, 12, 13, 14, 15, 19, 20, 24, 28, 29, 30, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, (60), 67, (68), (75), (78), 79, (81), 82, 85, 86, 87, 88, 89, 90, 91, 92, 93, 94, 95, 96, 97, 98, 99, 102, 103. 71: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 19, 20, 21, 22, 24, 28, 29, 30, 33, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 55, 56, 57, 58, 59, (60), 67, 68, 74, (75), (78), (81), (84), 85, 86, 87, 88, 89, 90, 91, 92, 93, 94, 95, 96, 97, 98, 99, 100, 102, 103, 104.
Scolopacidae	<i>Limosa lapponica</i>	Mazarico rubio, agulla rabipinta / <i>Mazarico</i>	28: 1, 2, 3, 4, 5, 9, 10, 11, 19, 20, 28, 29, 36, 37, 43, 44, 45, 55, 56, 57, 58, 59, (60), (68), (75), (78), (81), 84.
Scolopacidae	<i>Numenius phaeopus</i>	Mazarico galego, mazarico chiador / <i>Mazarico</i>	6: 19, (44), 57, (68), (75), (84).
Scolopacidae	<i>Numenius arquata</i>	Mazarico real, mazarico curli / <i>Mazarico</i>	25: 1, 2, 4, 5, 10, 19, 20, 28, 29, 36, 37, 43, 44, 47, 48, 56, 57, 58, 59, (60), (68), (75), (78), (81), (84).
Scolopacidae	<i>Tringa erythropus</i>	Bilurico escuro	17: 1, 2, 7, 8, 19, 20, 24, 28, 29, 36, 37, 43, 44, 47, (60), (68), (75).
Scolopacidae	<i>Tringa totanus</i>	Bilurico común, bilurico aliluxado / <i>Bilurico</i>	3: 1, 24, (47).
Scolopacidae	<i>Tringa nebularia</i>	Bilurico claro / <i>Bilurico</i>	2: 1, (47).
Scolopacidae	<i>Tringa ochropus</i>	Bilurico de ás negras, b. alinegro	43: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 19, 20, 22, 24, 28, 29, 30, 33, 34, 36, 37, 39, 42, 43, (44), 47, 55, 56, 57, 58, 59, (60), (68), (75), (81), (84).
Scolopacidae	<i>Tringa glareola</i>	Bilurico bastardo, bilurico pintado	46: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 21, 22, 24, 30, 31, 33, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 54, 55, 56, 57, 58, 59, (60), 66, 67, 72, 73, 74, (81), (84).
Scolopacidae	<i>Actitis hypoleucos</i>	Bilurico bailón, bilurico das rochas / <i>Mazarico</i>	1: 2. Rareza CR/SEO.
Scolopacidae	<i>Arenaria interpres</i>	Virapedras, pildora riscada / <i>Bilurico</i>	6: 1, 2, 7, 24, 42*, 93.
Scolopacidae	<i>Phalaropus lobatus</i>	Falaropo bicofino, falaropo mouro	28: 1, 2, 3, 45, 46, 49, 54, 55, 56, 57, (61), (69), 76, 77, 79, 80, 82, 83, 90, 91, 92, 94, 95, 96, 97, 99, 100, (102). Antes <i>Stercorarius skua</i> .
Scolopacidae	<i>Phalaropus fulicarius</i>	Falaropo bicogroso / <i>Cabeciña</i>	5: 76, 79, 91, 98, 99.
Stercorariidae	<i>Catharacta skua</i>	Palleira grande, papamerda real / <i>Merdeiro, papamerda</i>	8: 41, 42, 76, 91, 93, 98, 99, 101.
Stercorariidae	<i>Stercorarius pomarinus</i>	Palleira pomarina, papamerda pomarino / <i>Merdeiro, papamerda</i>	87: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 19, 20, 21, 28, 29, 30, 33, 34, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58, 59, (60), (61), 62, 63, 64, 65, 66, 67, 68, 69, 70, 71, 72, 73, 74, 75, 76, 77, (78), 79, 80, (81), 82, 83, 84, 85, 86, 87, (88), 89, 90, 91, 92, 93, (94), 95, 96, 97, (102).
Stercorariidae	<i>Stercorarius parasiticus</i>	Palleira parasita, papamerda palanquin / <i>Merdeiro, papamerda</i>	87: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 19, 20, 21, 28, 29, 30, 33, 34, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58, 59, (60), (61), 62, 63, 64, 65, 66, 67, 68, 69, 70, 71, 72, 73, 74, 75, 76, 77, (78), 79, 80, (81), 82, 83, 84, 85, 86, 87, (88), 89, 90, 91, 92, 93, (94), 95, 96, 97, (102).
Laridae	<i>Larus melanocephalus</i>	Gaivota cabecinegra	2: 19, 28. Rareza CA/SGO.
Laridae	<i>Larus ridibundus</i>	Gaivota chorona, gaivota tripeira, gaivotiña / <i>Chorleta</i>	15: 1, 2, 3, 4, 8, 9, 10, 19, 20, 28, 29, 37, (68), (75), (81).
Laridae	<i>Larus delawarensis</i>	Gaivota de Delaware	87: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 19, 20, 21, 28, 29, 30, 33, 34, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58, 59, (60), (61), 62, 63, 64, 65, 66, 67, 68, 69, 70, 71, 72, 73, 74, 75, 76, 77, (78), 79, 80, (81), 82, 83, 84, 85, 86, 87, (88), 89, 90, 91, 92, 93, (94), 95, 96, 97, (102).
Laridae	<i>Larus canus</i>	Gaivota cana	2: 19, 28. Rareza CA/SGO.
Laridae	<i>Larus fuscus</i>	Gaivota escura	87: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 19, 20, 21, 28, 29, 30, 33, 34, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58, 59, (60), (61), 62, 63, 64, 65, 66, 67, 68, 69, 70, 71, 72, 73, 74, 75, 76, 77, (78), 79, 80, (81), 82, 83, 84, 85, 86, 87, (88), 89, 90, 91, 92, 93, (94), 95, 96, 97, (102).
Laridae	<i>Larus argentatus</i>	Gaivota arxétea	8: 1, 2, 3, 7, 19, 42, 43, (68).
Laridae	<i>Larus glaucooides</i>	Gaivota polar	4: 2, 7, 16, 42. Rareza CA/SGO.
Laridae	<i>Larus hyperboreus</i>	Gaivota hiperbórea	21: 6, 7, 12, 15, 21, 24, 33, 34, 41, 42, 43, 46, 77, 80, 91, 97, 98, 99, 104, 105, 106. Rareza CA/SGO.
Laridae	<i>Rissa tridactyla</i>	Gaivota tridáctila	11: 1, 34, 39, 41, 42, 43*, 46, 47, (48), 90, 96.
Laridae	<i>Xema sabini</i>	Gaivota de Sabine	4: 21, 39, 43, 93. Antes <i>Larus sabini</i> .
Laridae	<i>Hydrocoloeus minutus</i>	Gaivota pequena	13: 1, 2, 7, 15, 16, 24, 40, 41, 47, 54, 55, (68), 92. Antes <i>Larus minutus</i> .
Laridae	<i>Hydroprogne caspia</i>	Carrán do Caspio	1: (68). Antes <i>Sterna caspia</i> . Rareza CA/SGO.
Laridae	<i>Sterna paradisaea</i>	Carrán ártico	3: 1, 2, (68).
Laridae	<i>Sterna hirundo</i>	Carrán común, charrela / <i>Carrán</i>	25: 1, 2, 3, 6, 7, 12, 15, 16, 39, 41, 42, 49, 50, 51, 52, (60), (61), 62, 63, (68), 69, 70, 76, 92, 93.
Laridae	<i>Sternula albifrons</i>	Carrán pequeno, carrán pirri	9: 1, 2, 19, 20, 37, 43, 44, (68), 84. Antes <i>Sterna albifrons</i> .

Familia	Nome científico	Nome(s) galego(s) / Nome local	Sinopse de rexistros (ver clave na lenda da táboa) e notas
Laridae	<i>Thalasseus sandvicensis</i>	Carrán cristado / Carrán	87: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 19, 20, 21, 28, 29, 30, 33, 34, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58, 59, (60), (61), 62, 63, 64, 65, 66, 67, 68, 69, 70, 71, 72, 73, 74, 75, 76, 77, (78), 79, 80, (81), 82, 83, 84, 85, 86, 87, (88), 89, 90, 91, 92, 93, (94), 95, 96, 97, (102). Antes <i>Sterna sandvicensis</i> .
Laridae	<i>Chlidonias niger</i>	Gaivina negra, carrán mouro	5: 1, 2, 43, 77, 80.
Alcidae	<i>Uria aalge</i>	Arao común, arao dos cons / Arau	15: 20, 34*, 40, 41, 65, 66, 67, 73, 74, 91, 92, 93, 99, 100, 101. 50: 1*, 3, 4, 6, 7, 24*, 34*, 40, 41, 42, 54, 55, 56, 57, 58, 59, 64, 65, 66, 67, 69, 70, 71, 72, 73, 74, 76, 77, 79, 80, 82, 83, 85, 86, 88, 89, 90, 91, 92, 93, 94, 95, 96, 97, 98, 99, 100, 101, 102, 103.
Alcidae	<i>Alca torda</i>	Carolo, arao romeiro / Arau	3: 24*, 42, 92. Rareza CR/SEO. 8: 5, 11, 24*, 34*, 42*, 47*, 89, 95.
Alcidae	<i>Alle alle</i>	Arao pequeno, arao piro	1: 24.
Alcidae	<i>Fratercula arctica</i>	Arao papagaio, galafato	5: 8, 43, (44), 47, (84).
Strigidae	<i>Asio otus</i>	Bufo pequeno	5: 1, 7, 8, (47), (48).
Strigidae	<i>Asio flammeus</i>	Curuxa das xunqueiras	5: 26, 35, 42, (47), (48).
Accipitridae	<i>Pernis apivorus</i>	Miñato abelleiro (europeo).	2: 43, 47. Rareza CA/SGO.
Accipitridae	<i>Milvus migrans</i>	Miñato queimado, millafre negro	1: 42.
Accipitridae	<i>Milvus milvus</i>	Millafre real, miñato real	3: 1, 43, 44.
Accipitridae	<i>Gyps fulvus</i>	Voitre (común), abutre	3: 2, 3, 44. Antes <i>Hieraaetus pennatus</i> .
Accipitridae	<i>Circus cyaneus</i>	Gatafornela	4: 43, (68), (75), (81).
Accipitridae	<i>Aquila pennata</i>	Agua calzada, agua pequena	5: 1, 43, 44, 47, (84).
Pandionidae	<i>Pandion haliaetus</i>	Agua pescadora, agua peixeira	14: 1, 2, 7, 8, 11, 29, 36, 37, 43, 44, 47, (68), (75), (84).
Falconidae	<i>Falco columbarius</i>	Esmerillón	1: 26.
Falconidae	<i>Falco peregrinus</i>	Falcón peregrino / Falcón	1: 17. Rareza CA/SGO.
Meropidae	<i>Merops apiaster</i>	Abellaruco, grou	3: 1, 2, 31.
Coraciidae	<i>Coracias garrulus</i>	Rolieiro, gaio azul	1: 43. Rareza CA/SGO.
Picidae	<i>Jynx torquilla</i>	Peto formigueiro, retorcepescozo	1: (44).
Alaudidae	<i>Calandrella brachydactyla</i>	Calandriña (común)	1: (44). Antes <i>Hirundo daurica</i> .
Hirundinidae	<i>Riparia riparia</i>	Andoriña das barreiras	8: 1, 28, 30, 31, 43, 44, 47, (84). Rareza CA/SGO.
Hirundinidae	<i>Cecropis daurica</i>	Andoriña dáurica	1: 24.
Motacillidae	<i>Anthus richardi</i>	Pica de Richard	8: 2, 8, 24, 25, 26, 35, 43, (44).
Motacillidae	<i>Anthus campestris</i>	Pica campestre	28: 1, 2, 3, 7, 8, 10, 12, 13, 14, 16, 22, 23, 24, 30, 31, 32, 38, 39, 36, 37, 42, 43, (44), 47, (68), (75), (81), (84).
Motacillidae	<i>Anthus trivialis</i>	Pica das árbores	1: 37. Rareza CA/SGO.
Motacillidae	<i>Anthus pratensis</i>	Pica dos prados	5: 1, 44, (47), (68), (75).
Motacillidae	<i>Anthus cervinus</i>	Pica de gorxa rubia	4: 1, 2, (68), (75).
Motacillidae	<i>Anthus spinoletta</i>	Pica alpina	15: 1, 2, 3, 7, 8, 9, 16, 20, 24, 26, 27, 25, 39, 41, 42.
Motacillidae	<i>Anthus petrosus</i>	Pica costeira, pica patinegra	2: 8, 18.
Motacillidae	<i>Motacilla cinerea</i>	Lavandeira real / Lavandeira	1: 1.
Turdidae	<i>Luscinia megarhynchos</i>	Rousinol, reiseñor / Reiseñor	4: 1, 2, 38, 43.
Turdidae	<i>Luscinia svecica</i>	Papoazul	1: 22.
Turdidae	<i>Saxicola rubetra</i>	Chasco norteño, chasco rabipinto	1: 11.
Turdidae	<i>Monticola solitarius</i>	Merlo azul	4: 8, 24, 36, 47.
Turdidae	<i>Turdus pilaris</i>	Tordo real	3: 1, 43, 47.
Turdidae	<i>Turdus iliacus</i>	Tordo rubio, tordo malvis	2: 43, 47. Rareza CA/SGO.
Sylviidae	<i>Locustella naevia</i>	Folosa manchada	1: 43. Rareza CA/SGO.
Sylviidae	<i>Locustella luscinioides</i>	Folosa unicolor, folosa rubia	1: 43.
Sylviidae	<i>Acrocephalus paludicola</i>	Folosa acuática	1: 9. Rareza CR/SEO.
Sylviidae	<i>Acroceph. schoenobaenus</i>	Folosa dos xuncos.	29: 1, 2, 7, 8, 9, 10, 16, 17, 18, 19, 20, 22, 23, 24, 25, 26, 28, 31, 32, 34, 35, 36, 37, 39, 42, 43, (44), 47, (75).
Sylviidae	<i>Sylvia curruca</i>	Papuxa cincenta	1: 3. Rareza CA/SGO.
Sylviidae	<i>Phylloscopus collybita</i>	Picafollas común, picafollas europeo / Mosqueira	15: 1, 2, 7, 8, 9, 16, 18, 20, 22, 24, 26, 31, 38, 43, (44).
Sylviidae	<i>Phylloscopus inornatus</i>	Picafollas bilistado	1: 2.
Sylviidae	<i>Phylloscopus trochilus</i>	Picafollas musical / Mosqueira	4: 7, 8, 24, (75).
Muscicapidae	<i>Muscicapa striata</i>	Papamoscas cincento, trallón	1: 8.
Muscicapidae	<i>Ficedula hypoleuca</i>	Papamoscas negro, trallón	2: 43, 47.
Sittidae	<i>Sitta europaea</i>	Gabeador azul	3: 8, 43, (44).
Laniidae	<i>Lanius meridionalis</i>	Picanzo real	1: 8.
Laniidae	<i>Lanius senator</i>	Picanzo cabecirrubio, pic. rebordá	1: 8.
Oriolidae	<i>Oriolus oriolus</i>	Ouriolo, vicheiocrego	5: 3, 7, (44), (47), (48). Antes <i>Corvus monedula</i> .
Corvidae	<i>Coloebus monedula</i>	Gralla pequena, gralla cereixeira	10: 2, 7, 8, 9, 24, 26, 27, 35, 36, 43.
Corvidae	<i>Corvus corax</i>	Corvo grande, c. carnazal / Corvo	14: 1, 2, 3, 7, 8, 9, 10, 20, 23, 24, 36, 42, 43, 47.
Sturnidae	<i>Sturnus vulgaris</i>	Estornio pinto / Estornillo	1: 24.
Fringillidae	<i>Fringilla montifringilla</i>	Pimpin real, pimpin montés	11: 2, 8, 18, 24, 26, 27, 31, 35, 42, 45, 46. Antes <i>Carduelis spinus</i> .
Fringillidae	<i>Spinus spinus</i>	Úbalo, pincaouro / Búbalo	1: 24.
Fringillidae	<i>Acanthis flammea</i>	Liñaceiro paponegro	5: 1, 2, 3, 24, 43.
Emberizidae	<i>Plectrophenax nivalis</i>	Escribenta nival	3: 8, 10, 26.
Emberizidae	<i>Emberiza cia</i>	Escribenta riscada	2: 1, 34.
Emberizidae	<i>Emberiza hortulana</i>	Escribenta hortelá	